

Nº 179 • 10 €
Xullo-December 2018

TERRA E
TEMPO

Revista galega de
pensamento nacionalista

Pernando Barrena Arza
Albert Botran Pahissha
Carles Campuzano Canadès
Roger Castellanos Corbera
Rubén Cela Díaz
Ramón Cotarelo García
Jordi Cuixart Navarro
David Fernández Ramos
Carme Forcadell Lluís
Anna Gabriel Sabaté
Ramón Grosfoguel
Oriol Junqueras Vies
Artur Más Gavarró
David Minoves Lluçà
Annabel Moreno Nogué
Isabel Pallarès
Vicent Partal Montesinos
Marta Pascal Capdevila
Rubén Permui Iglesias
Ana Pontón Mondelo
Carles Puigdemont Casamajó
Oriol Ramon Mimó
Eva Riera Carol
Marta Rovira Martínez
Marta Vilalta Torres
Meritxel Serret Aleu
Jordi Solé Ferrando

**Catalunya e Galiza,
análises para avanzar**

Co apoio a máis de 60 festivais a Deputación da Coruña sitúase á cabeza das institucións que colaboran coas entidades e concellos que os organizan.


Para que ti os goces; porque queremos que se difunda a nosa música, o noso cine, a nosa danza ou o noso teatro; dinamizar e crear emprego no sector cultural, para xerar riqueza; por apostar polo turismo cultural e porque, para nós...#aculturaéundereito

dac Festivais!

PARA TI PORQUE... #ACULTURAÉUNDEREITO

www.dacoruna.gal

 @dacultura

 @DACultura

 @DACCultura

S8- FREAKEMACHINE-SEA SONS FESTIVAL A CORUÑA / CINEMA CRIANZA AMES / FESTIVAL DO QUEIXO ARZÚA / GALICREQUES CONSORCIO AS MARIÑAS / FOLK GUISAMO-BERGONDO / VAI DE RÚA BETANZOS / FESTIVAL DA LUZ BOIMORTO / ROCK IN CAMBRE / FIOT - CARBALLO INTERPLAY / MOSTRA DE TEATRO DE CARIÑO / MARES DA FIN DO MUNDO CARNOTA / FESTIVAL DE MUSICA GALEGA -PORTUGUESA - DISCALZ@S POLO FESTIVAL CEDEIRA / FESTIVAL CASTELO CONTA CULLEREDO / FELICIAPOP 2.0 FENE ROCK FESTIVAL / ESTÉ NA RÚA FERROL / FISTERRA BLUES EXPERIENCE FOLK NA FIN DO CAMIÑO/ FESTIMAXIA LOUSAME / GROBA EN RUTA MELIDE / FESTIVAL LORO FACU MIÑO / FESTIVAL IRMANDIÑO DE MOECHE / GRELO FOLC MONFERO / FESTIVAL CASTELO ROCK - CARRILANAS DE ESTEIRO MUROS / COMAREA ELECTRONIC EXPERIENCE MUXÍA / MOTRIX NARÓN / FESTIVAL RIO BELELLE - NOITE DE BOLOS NEDA / NOIA JAZZ - MOSTRA DE CURTAMETRAXES - FESTIVAL INTERNACIONAL DE ARPA VILA DE NOIA / FESTIVAL DA ARTE DIVERSIDADE ARTE INCLUSIVO / RÚA EXT-CÉNICA OLEIROS / DESORDES SONORAS ORDES / FESTIVAL DO MUNDO CELTA DE ORTIGUEIRA / TREME A TERRA PONTEDEUME/ FESTIVAL ROMPETIÑO JUMP PORTO DO SON / ROCK IN RIAN - NOITES DE JAZZ RIANXO / ROCK&DORNA RIBEIRA / CHANFAINA LAB-FESTIVAL DO RÍO CASTRO SAN SADURNIÑO / CURTOCIRCUITO CINEUROPA - WOS - MICE - FEITO A MAN - ATLÁNTICA - FESTIGAL - GALICREQUES SANTIAGO DE COMPOSTELA / TITIRIBERIA TEO/ FOLK IN RIO TOURO / ASALTO AO CASTELO DE VIMIANZO / FESTIVAL DE CINEMA FOUCIÑO - FESTA DA CARBALLEIRA ZAS /



Deputación
DA CORUÑA



Na memoria de Bautista Álvarez

Terra e Tempo

Publicación impresa editada desde 1965

Edita

© Fundación Terra e Tempo
de Estudos Nacionalistas

Clasificada de Interese Cultural pola Xunta de Galiza (DOG 19/10/2004) e inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego co número 2004/20. Código de Identificación Fiscal (CIF): G15947450

Redacción, publicidade e subscricións

Avenida de Lugo, 219, 1.º
15703 - Compostela - Galiza
Teléfono 981 57 02 65
fundacion@terraetempo.gal
www.terraetempo.gal

ISSN 1575-5509

Depósito Legal C 1361-1995

Deseño da capa
Diego Núñez

Deseño da contracapa
Poema orixinal de Manuel María cedido
pola Fundación Manuel María acompañado
dunha fotografía de Xaquín Soliño

Deseño da cabeceira
Xosé Lois Vázquez

Deseño e maquetación
Diego Núñez

Fecha de edición
16 de xullo de 2018

Tiraxe: 1000 exemplares
Impreso na Galiza



Padroado da Fundación

Roberto Vilameá Ponte (Presidente)
Alberte Mera García (Secretario)
Xosé Carlos Solla Lago (Tesoureiro)
Xosé Manuel Casal Sabín
Rubén Cela Díaz
Xoán Xosé Costa Casas
Marta Dacosta Alonso
María do Carme García Negro
María Pilar García Negro
Xoán Carlos Garrido Couceiro
Montserrat Nóvoa Gómez
Mónica Pazos Martínez
Néstor Rego Candamil
Adrián Rodríguez Bravo
Branca Rodríguez Pazos

Consello asesor da revista *Terra e Tempo*

Prof. Dou. Fernando Adolfo de Abel Vilela
(Universidade de Santiago de Compostela)
Prof. Dou. Xosé Manuel Carril Vázquez
(Universidade da Coruña)
Prof. Dou. Uxío Breogán Diéguez Cequiel
(Universidade da Coruña)
Prof. Dou. M.^a do Carme García Negro
(Universidade de Santiago de Compostela)
Prof. Dou. M.^a Pilar García Negro
(Universidade da Coruña)
Prof. Dou. Robert Neal Baxter
(Universidade de Vigo)
Prof. Dou. M.^a Antonia Pérez Rodríguez
(Universidade da Coruña)
Prof. Dou. Francisco Rodríguez Sánchez
(I.E.S. Canido)
Prof. Dou. Xosé Manuel Sánchez Rei
(Universidade da Coruña)
Prof. Dou. Manuel Soto Castiñeira
(Universidade da Coruña)
Prof. Bernardo Valdês Paços
(Universidade de Santiago de Compostela)

Presentación

A realidade catalá e galega, para alén de corresponderen ambas con nacións sen estado, teñen pouco que ver entre si. A situación socioeconómica, a estrutura de clases, o grao de consciencia nacional, de autoorganización, de mobilización política ou de normalización lingüística e cultural son claramente diferentes. Porén, tan errado sería caer nunha tentativa de extrapolación mimética, a nivel político, do que alí acontece como xulgar que o que está a pasar en Catalunya non vai con nós.

Sería un erro estratéxico acreditar en que a catalanofobia inoculada ao noso pobo aconsella pórse de perfil ou que o nacionalismo galego non ten nada que aprender do proceso soberanista catalán por se tratar dunha realidade moi diferente da nosa. Todo o contrario. Como país, hai moito en xogo para nós en Catalunya e, como proxecto político, temos moito de que tomar boa nota.

Por ese motivo, desde a Fundación Terra e Tempo de Estudos Nacionalistas, decidimos dedicar este volume monográfico a analizar o proceso soberanista catalán. Fixémolo desde o máximo respecto e solidariedade. Procuramos superar

a epiderme do *Procés* para entrar con maior profundidade nos aspectos chaves do mesmo, e así, poder extraer conclusións de interese para a nosa actuación política práctica na Galiza.

Para nós, a solidariedade internacionalista tamén é isto; preocuparse por coñecermos as realidades doutros pobos oprimidos, apoiar as súas xustas reivindicacións e axudar a divulgalas no noso país.

Fixémolo desde diferentes perspectivas. Por un lado, tentando plasmar a pluralidade existente no soberanismo catalán ao dar voz a todas as posicións políticas que compoñen un bloque soberanista que non é homoxéneo. Polo outro, ao contar con importantes referentes en ámbitos como o xornalismo, a filosofía, a historia ou a socioloxía, básicos para poder entendermos e interpretar os mellor este complexo proceso, para alén da análise estritamente política.

Un volume destas características non sería posíbel sen un elenco de colaboradoras e colaboradores de excepción. A todas elas, o noso agradecemento. Moi especialmente, a aquelas que terán que, inxustamente, ler as súas colaboracións desde a cadea ou exilio. Vai por todas elas.

Rubén Cela Díaz
Coordinador deste monográfico

Sumario

- 6 As leccións galegas do *Procés***
Ana Pontón Mondelo
Rubén Cela Díaz
- 17 Carta desde o exilio en Alemaña**
Carles Puigdemont Casamajó
- 20 A importancia de décadas
de gobernos nacionalistas para
entender hoxe o *Procés***
Carles Campuzano Canadès
- 26 Diálogo, política e respeito á realidade**
Artur Más Gavarró
- 32 Carta desde a prisión de Alcalá-Meco**
Carme Forcadell Lluís
- 34 O movemento catalán de liberación
nacional: orixe, desenvolvemento
e fundamento material**
Roger Castellanos Corbera
- 44 1-O: punto de non retorno**
Albert Botran Pahissha
- 52 Leccións do Proceso, o futuro
que agarda Catalunya**
Marta Pascal Capdevila
- 60 Carta desde a prisión de Estremera**
Oriol Junqueras Vies

- 62 E agora que?**
Marta Vilalta Torres
- 70 Carta conxunta desde o exilio en Suiza**
Anna Gabriel Sabaté
David Fernández Ramos
- 72 Apuntamentos para un balance de situación do movemento catalán de emancipación**
David Minoves Lluçà
- 80 Catalunya e a debilidade europea**
Jordi Solé Ferrando
- 86 Carta desde o exilio en Bruxelas**
Meritxel Serret Aleu
- 88 Mobilización e base social do independentismo catalán**
Marta Rovira Martínez
- 96 A República Catalá, un marco de oportunidades**
Oriol Ramon Mimó
- 102 Carta desde a prisión de Soto del Real**
Jordi Cuixart Navarro
- 104 O camiño cara a República Catalana e o sindicalismo**
Isabel Pallarès
- 110 O papel dos medios de comunicación cataláns no *Procés*. A importancia dos medios «non tradicionais» e as redes sociais**
Vicent Partal Montesinos
- 116 A comunicación no *Procés*. A importancia da imaxe e a mensaxe**
Rubén Permui Iglesias
- 124 O papel do municipalismo no proceso soberanista catalán**
Annabel Moreno Nogué
- 130 Catalunya e a esquerda española**
Ramón Cotarelo García
- 136 A *Assemblea Nacional Catalana*, tamén fóra de Catalunya**
Eva Riera Carol
- 142 A rebelión catalá como acontecemento e a bancarrota da esquerda española**
Ramón Grosfoguel
- 154 O *Procés català* visto desde Euskal Herria**
Pernando Barrena Arza



ANA PONTÓN MONDEIRO Portavoz Nacional do BNG

RUBÉN CELA DÍAZ Economista. Membro da Executiva Nacional do BNG

- ▶ A comostelá Praza de Praterías ateigada de galegas e galegos solidarios co pobo catalán reclamando o dereito do mesmo a se expresar libre e democraticamente no referendo do 1-O convocado para o día seguinte desta manifestación

As leccións galegas do *Procés*

Resumo

Son múltiples as ensinanzas que deita o proceso soberanista catalán. Este artigo non as pode abordar todas. Tampouco ningunha en profundidade. Porén, o que trata é de enunciarse as que, ao noso entender, son máis salientábeis desde a perspectiva do nacionalismo galego e da Galiza: entre outras, a autoorganización como prerequisite da existencia dun proceso de liberación nacional; a necesidade dunha certa unidade de acción (non necesariamente electoral, nin orgánica) entre as forzas políticas e sociais soberanistas; a imprescindible mobilización social que sexa capaz de desmontar os argumentos das forzas estatais (de dereitas e de esquerdas) e ser capaz de comprometer maiorías sociais amplas e transversais a favor do exercicio práctico do dereito de autodeterminación.

Palabras clave: autoorganización, soberanismo, Catalunya, nacionalismo, *Procés*.

Abstract

There are many lessons to be drawn from the Catalan sovereignty process. Whilst not addressing all of them exhaustively, this article seeks to highlight some of the lessons deemed to be of major importance for Galician nationalism and Galicia as a whole, ranging from autonomous organisation as a prerequisite for a national liberation process to emerge and the need for a certain degree of unity of action (not necessarily electorally or internally) between the various pro-sovereignty parties and grassroots organisations, to the vital need to mobilise society at large in order to counter the arguments levelled by both the right- and left-wing State-centred parties and organisations and the need to attract broad sectors of the population, committed to defending the exercise of the right to self-determination.

Keywords: *autonomous organisation, pro-sovereignty movement, Catalonia, nationalism, independence process.*



© Iria Méndez

A realidade política, económica e social de Galiza é moi diferente á de Catalunya, para alén de partillar ambas a condición de nación sen estado dentro do Reino de España. Porén, para o nacionalismo galego, resulta de especial interese analizar aqueles elementos do proceso soberanista catalán que nos permitan tirar conclusións en chave galega. Velaquí algúns dos, ao noso entender, máis relevantes:

Autoorganización

Ningunha nación do mundo, en ningún momento histórico, acadou a súa independencia sen contar con forzas propias que a reclamasen, exercitasen e antepuxesen este obxectivo a calquera outro. Isto é así porque ningún estado cede voluntariamente unha posición de dominio e privilexio.

A autoorganización dun pobo é un pre-requisito para a conquista da súa soberanía. Trátase dun elemento consubstancial ao exercicio práctico do dereito de autodeterminación, entendido coma un proceso e non coma un momento puntual. Nada do que aconteceu en Catalunya sería posíbel sen unha

«A autoorganización dun pobo é un pre-requisito para a conquista da súa soberanía. Trátase dun elemento consubstancial ao exercicio práctico do dereito de autodeterminación»

sociedade por abaixo moi vertebrada e un importante tecido asociativo en chave nacional. Durante o *Procés*, puidemos comprobar a fortaleza e capacidade de mobilización das súas organizacións políticas e sociais, a catalanidade da súa intelectualidade e profesionais, a fortaleza do seu asociacionismo de base e a capacidade de autoorganización e autoxestión da súa sociedade. Porén, tamén puxo, en riba da mesa algunhas das súas limitacións, como o feito de carecer dun sindicalismo de clase maioritario claramente soberanista.

A Portavoz Nacional do BNG,
Ana Pontón, co Presidente de ERC,
Oriol Junqueras, na Diada de 2017



Ou hai pobo organizado detrás da reivindicación do exercicio do dereito de autodeterminación, ou ficará nunha proclama estéril. Un proceso de liberación nacional só pode triunfar cun movemento liderado por organizacións non sometidas a ningún tipo de tutela ou estratexia allea á propia nación e o apoio e complicidade das súas maiorías sociais organizadas e mobilizadas.

O réxime constitucional español non é modificábel

O *Proces* é a constatación de que, para as nacións sen estado, a autonomía, é unha vía morta e a reforma constitucional unha quimera. No plano teórico, é posíbel. No práctico, non. Non é casual que só se producisen dúas «reformas» puntais da mesma. Ambas impostas pola UE e non nadas da «vontade popular»: a primeira referida ao artigo 13, coa fin de posibilitar que o Estado español puidese ratificar o Tratado de Maastricht, e a segunda, referida ao artigo 135, esixida polo Banco Central Europeo para garantir que a devolución da débeda iría antes que calquera outro gasto.

A Constitución precisa de maiorías cualificadas para o seu cambio: tres quintos para a súa reforma (art. 167) e de dous terzos para a súa revisión (art. 168). Iso implica que, na práctica, non é reformábel sen o concurso da dereita española porque, aínda que nun determinado momento puider existir unha eventual maioría parlamentari favorábel á súa modificación, a reforma non parece verosímil no momento en que unha minoría ten posibilidade de bloqueo. Polo tanto, a Constitución española, no plano real, non é modificábel en termos de democratización,

modernización e recoñecemento do carácter plurinacional do Estado.

Se hoxe se reformase a Constitución, sen lugar a dúbidas, sería nun sentido involutivo. Non sería para consagrar constitucionalmente a plurinacionalidade do Estado, sería para facilitar a ilegalización de partidos, o desenvolvemento do 155, a supresión do concerto vasco ou a redacción dun catálogo, máis amplo aínda, de competencias exclusivas do Estado.

Que a Constitución, na práctica, non sexa reformábel, non quere dicir que non sexa superábel. É superábel e debe ser superada, mais non mediante unha eventual modificación, senón ao forzar a realización de procesos constituíntes nas nacións sen estado.

Cambio de paradigma

Durante moitos anos, sectores diversos da sociedade catalá defenderon a viabilidade dun Estado español que recoñecese o seu carácter plurinacional. Traballaría a prol dun Estado federal que lle permitiría a Catalunya ter plena capacidade de decisión sobre os aspectos que lle afectan como pobo, ao tempo que, seguise a existir un Estado español con competencias exclusivas ou parciais nalgúns materias.

Constarían, unha e outra vez, que o Estado español non é un estado federal nin pretende selo. A última sería a decisión do goberno español de laminar mediante un recurso ao Tribunal Constitucional, e despois dun importante «cepillado», un *Nou Estatut* que, en realidade, non supoña un cambio radical de status político para Catalunya e que, ademais, tiña a lexitimidade da súa aprobación no

«A Constitución española, no plano real, non é modificábel en termos de democratización, modernización e recoñecemento do carácter plurinacional do Estado»

Parlament, nas Cortes e de ser referendado polo pobo catalán. Unha maioría social tomaba consciencia de que o sistema autonómico non daba para máis. Se tivera algunha función e virtualidade, chegara ao máximo dela. Estancarse era o primeiro paso para retroceder.

Un pobo digno e consciente do seu carácter nacional non pode asumir resignadamente non recadar os seus impostos e decidir en que gastalos, non ter un control efectivo sobre o seu territorio ou non poder desenvolver con

normalidade e plenitude a súa lingua e cultura. Un «autogoberno» así non permitiría nunca ao pobo catalán avanzar na consecución dun maior progreso económico e social, nin na plena normalización cultural e política.

Ante o inmovilismo e inflexibilidade do goberno español e a constatación de que Catalunya como nación non era viábel no marco autonómico, o pobo catalán tivo que optar entre a rendición ou apostar pola creación dun estado propio. Unha parte importante do pobo catalán comezaba a rachar mentalmente con España e, en consecuencia, coas vías autonomistas e, incluso federalistas, pasando a apoiar as teses soberanistas.

Hai unha década sería impensábel que hoxe se puidese dar en Catalunya un proceso soberanista nos termos que se está a producir. Non sería verosímil, nin para o independentista máis optimista. Aínda que as dificultades obxectivas poidan facernos ver que, neste momento histórico, o exercicio do dereito de autodeterminación é un imposible no marco do Estado español, este proceso demostra que esa realidade non é inmutábel.

Unidade na diversidade

Unha das principais novidades do *Procés*, foi a unidade de acción, baixo un obxectivo común, de tres forzas políticas, ideoloxicamente moi diferentes, de culturas e tradicións políticas e organizativas moi distintas e, electoralmente, rivais. Hai tan só uns anos, sería impensábel.

A unidade foi un dos puntos fortes do soberanismo catalán. Tamén é o seu talón de Aquiles. Esa unidade de acción non é posíbel por unha decisión táctica nunha determinada conxuntura



Convocatoria de concentracións en diferentes cidades galegas impulsadas pola Plataforma Galiza con Catalunya

«Un movemento soberanista non nace para xestionar unha "provincia" do Estado que a nega como suxeito político. Nace para liberar unha nación»

electoral. É posíbel –e precisa– por unha cuestión ideolóxica de fondo: nunha nación que non é libre, a contradición principal sempre é a nacional. En Catalunya, a unidade das forzas políticas non se deu en parámetros esquerda-dereita. Foi de soberanismo vs. unionismo. Un salto cualitativo, en termos históricos, para o movemento de liberación nacional catalán.

Constatouse que a imprescindíbel unidade das forzas soberanistas non é un fin en si mesmo. É un medio que se pode alcanzar de diferentes formas.



Cartaz da Plataforma Galiza con Catalunya denunciando a represión contra o pobo Catalán e o recorte de dereitos e liberdades

Non implica, necesariamente, unha unidade orgánica ou electoral. Nin sequera ten porque ser unha unidade monolítica. Pódese construír unha unidade desde o disenso. O que si que debe implicar é unha boa xestión da diferenza en base a partillar un grande obxectivo común que parta dunha lectura compartida do momento político e a autoobriga de pactar os mínimos sobre os que asentar unha liña de actuación conxunta.

O curtopracismo e a rivalidade por un mesmo espazo electoral e social nunca poden estar por riba do obxectivo principal –e razón de ser– das organizacións nacionalistas. Cando así se fai, como se puido comprobar, a suma multiplica.

Gobernar: necesario mais non suficiente

Un proceso de liberación nacional non se pode consumir exclusivamente desde o goberno dunha institución que é froito dunha relación de dependencia, máxime nun Estado español onde esa descentralización é basicamente administrativa e non política e nunha vía clara involutiva. Porén, gobernar a autonomía é un paso importante (se se fai ben), para construír un novo estado: nun primeiro momento, para normalizar ao máximo posíbel o país en chave nacional (lingua, cultura, símbolos, autoestima colectiva, capacidade produtiva...); e, nun segundo momento, para instrumentalizar os limitados –mais non irrelevantes– resortes dun goberno autonómico ao servizo do proceso de liberación nacional.

Nada do que acontece hoxe en Catalunya sería entendíbel (e posíbel) sen varias décadas de gobernos nacionalistas á fronte da *Generalitat*. Con todos os defectos que se lles poidan imputar (que



Acto simbólico de apoio ao pobo catalán realizado na Praza da Quintana de Compostela

os tiveron), en chave nacionalista, é indubidábel que desempeñaron un papel importante na socialización dun certo sentimento de catalanidade en sectores sociais moi amplos, na normalización dos usos do idioma, cultura e, en definitiva, en favorecer unha importante tomada de consciencia colectiva do carácter nacional de Catalunya ao longo de varias décadas e xeracións de catalás e cataláns.

Gobernar nunha dirección correcta a autonomía, por limitada que esta for, se se fai ben, pode contribuír moi positivamente ao éxito dese proceso de liberación nacional. Porén, un movemento soberanista non nace para xestionar unha «provincia» do Estado que a nega como suxeito político. Nace para liberar unha nación. As e os nacionalistas non estamos nas institucións só para xestionarmos o que hai. Entendemos as institucións, sexan Concellos ou o Goberno autonómico, como instrumentos de acción política desde onde contribuírmos para o fin último do noso proxecto político. En Catalunya puidemos ver múltiples exemplos dese facer: concellos nacionalistas de diferentes cores políticas traballando xuntos, desde a *Associació de Municipis per la Independència*, até a organización de consultas populares ou a aprobación de resolucións a favor do dereito de decidir.

Transversalidade

Se hai algo que define ao movemento soberanista catalán é a súa transversalidade. Trátase dun movemento interxeracional, de obreiros e estudantes, mais tamén de profesionais e pequenos empresarios. De xente do rural e tamén das grandes áreas urbanas. De catalánfalantes e de españolfalantes. De persoas nadas en Catalunya e fóra dela. De

independentistas convencidos, mais tamén de federalistas, confederalistas e incluso de autonomistas que consideran que non se pode privar ao pobo catalán do dereito a decidir o seu futuro nun referendo.

O movemento soberanista catalán é plural porque plural é a sociedade catalá. Canto máis xente, sectores e estratos sociais se sintan interpelados e representados polas forzas nacionalistas, máis forte e efectivo será ese movemento.

Canto máis amplo e plural sexa, maiores serán as contradicións internas. De como se xestionan as mesmas dependerá en grande medida o éxito ou fracaso do proceso. Só cunha permanente vocación maioritaria e co respaldo dunha maioría social clara e permanente é posíbel vencer.

Dereito á desobediencia

Moitas veces, as inxustizas se cometen desde as instancias de poder, que escriben as normas e as leis e que teñen o aparello coercitivo necesario para facelas cumprir. Moitos avances históricos desafiaron leis ou forzaron a súa interpretación. Sen a rebeldía de cuestionar leis inxustas non se conquistarían dereitos fundamentais como o voto das mulleres, a abolición da escravitude, a discriminación racial, o dereito de folga, a xornada de oito horas ou o dereito ao divorcio e ao aborto entre moitos outros. Primeiro hai que conquistalos. Despois toca defendelos. Para o primeiro, en moitas ocasións, a desobediencia e/ou a rebelión, son imprescindíbeis.

En Catalunya produciuse algo moi atípico: unha desobediencia civil institucionalizada. O máximo expoñente da mesma foi o referendo do 1 de Outubro: milleiros de persoas desafiando a lei e

Veciñanza galega mostrando cartaces de apoio ás presas e presos políticos e de solidariedade con Catalunya



© Iria Méndez

asumindo os riscos (incluso físicos) de facelo. Ao acudiren a votar, reivindicaban a súa condición de cidadáns e non súbitos, ao igual que desobedece-ron centos de cargos públicos e profesionais.

Saltar unha lei, en moitas ocasións, é o único camiño que nos deixan para superala. As consecuencias, no plano individual e colectivo, poden ser moi duras. Non se deben ignorar nin menosprezar. Porén, é un risco que, en determinadas circunstancias, resulta imprescindible asumir para agudizar as contradicións, tornar máis visíbel a inxustiza e, en definitiva, para poder avanzar.

Mobilización (social e institucional)

O proceso soberanista catalán levou á práctica, de xeito exemplar, un binomio moi importante para un movemento emancipador: a mobilización social e a institucional. Non sería comprensíbel todo o que aconteceu sen unha mobilización social masiva e continuada sen parangón en Europa. Porén, tampouco sen unha actuación moi decidida desde as institucións, en moitos casos, empurrada desde a propia sociedade.

A actuación do *Govern*, do *Parlament* e dos concellos estivo supeditada a uns obxectivos estratéxicos e o seu labor foi de impulso, acompañamento e lexitimación, polo que moitos cargos institucionais asumiron altas responsabilidades desde unha perspectiva administrativa e penal. O seu compromiso individual e colectivo foi imprescindible.

A voz da rúa e o mandato das urnas, executada nas institucións, foi a lexitimación imprescindible, cara dentro e cara fóra, das reivindicacións soberanistas. Foron dinámicas que se retroalimentaron. A rúa foi clave en determinados momentos

para non se paralizar ou desviar o proceso institucional, así como para a súa re-lexitimación. A determinación institucional foi chave para facer avanzar a mobilización popular e para a súa lexitimación internacional.

A natureza autoritaria do Estado español

Cando non hai razóns nin vontade de convencer nin seducir, sempre chega a forza. É a historia de España. Perseguir papeletas, censurar webs, prohibir palestras, mallar contra a poboación que ía votar pacificamente, suspender a autonomía, encadear a políticos e dirixentes sociais, ameazar abertamente coa posibilidade de –novamente–, ilegalizar partidos políticos... Hoxe está aberta unha causa xeral contra o nacionalismo onde calquera cousa que atente contra a unidade de España é considerada terrorismo ou rebelión.

O acontecido nos últimos tempos en Catalunya non se pode analizar coma un feito illado. É un novo episodio na historia dunhas relacións desiguais e unha dialéctica de sometemento e dependencia dun estado acomplexado cara

«Sen a rebeldía de cuestionar leis inxustas non se conquistarían dereitos fundamentais como o voto das mulleres, a abolición da escravitude, a discriminación racial, o dereito de folga, (...)»

Mural humano realizado na Praza da Quintana de Santiago de Compostela de apoio a Via Lliure de 2015

fóra e imperialista e autoritario cara dentro, lideradas por unha oligarquía que quer manter o *statu quo* que lle garanta non perder unha posición de privilexio.

Cando ese é o campo de xogo, a defensa da *unidad de España*, xustifica todo. Desde a instrumentalización indisimulada da administración de xustiza, o corpo diplomático e os servizos de intelixencia (cloacas incluídas), até o uso da forza contra a poboación civil e a vulneración de liberdades e dereitos básicos, pasando pola anulación da autonomía e o amordazamento dun Parlamento electo democraticamente.

Como vocación e como slogans a «revolución dos sorrisos» e o «paso da lei á lei» son óptimos. Porén, chocan coa realidade do que é España. O Estado español non pacta excepto despois de perder. Polo tanto, incluso os máis ferventes defensores do «pacto» son conscientes de que a única posibilidade de estar en condicións de pactar algo con España, é primeiro gañar.

Cando unha solución, dialogada, pacífica, pactada e democrática non é posíbel, o camiño da unilateralidade non é unha opción: é unha obriga. Incluso, se no futuro hai algunha posibilidade de negociación bilateral, será porque previamente se forzou unha vía unilateral. Nunca será unha concesión graciosa e pacífica por parte de España.

A verdadeira face da UE

Este conflito deixa ás claras a verdadeira face da Unión Europea. Baixo unha retórica de non inxerencia en asuntos internos, a UE lexitimou unha actuación do goberno español profundamente antidemocrática e autoritaria, demostrando que esta



© Paula Castro

institución non forma parte da solución, senón que é parte do problema.

Son varios os factores que explican o seu comportamento. Fundamentalmente dous:

- a) En política internacional, todo o que altere o *statu quo* ou modifique os equilibrios xeoestratéxicos enténdese como unha ameaza (a non ser que o impulsen as grandes potencias occidentais), máxime no caso particular dunha UE que funciona como un «club de estados» que non se agriden entre si. Nese sentido, o dereito internacional é moi conservador ao respecto do exercicio do dereito de autodeterminación. Na práctica, a lóxica internacional o que vén dicir é: «Primeiro constitúete como estado. Logo falamos do teu recoñecemento internacional». Mentres iso non pasa, o teu é un problema dun estado «amigo» que si «recoñecemos» como tal. Á excepción dos novos estados do leste, non se produciu ningunha nova independencia en Europa occidental tras o final da II Guerra Mundial. O peso económico, demográfico e político de



Encontro bilateral entre dúas delegacións das direccións do BNG (Ana Pontón, Ana Miranda e Rubén Cela) e ERC (Marta Rovira, Eduard López e Jordi Bacardit)

Catalunya e do Estado español explica porque o comportamento da UE con Catalunya (e, por extensión, co resto das nacións sen estado de Europa occidental) non é –nin será– o mantido, por exemplo, con Lituania ou Kosovo.

- b) Son mínimos os estados da UE que non teñen dentro das súas fronteiras algún conflito nacional. Nese sentido, non é casual que o Tratado de Lisboa, en coherencia, con informes previos da UE como o Napolitano, fixa de xeito taxativo que non se pode recoñecer a novas nacións resultantes da disgregación de estados membros.

Para o nacionalismo galego, historicamente moi crítico co que representa a UE en termos económicos, sociais e nacionais, esta posición, lonxe de ser unha sorpresa, foi a corroboración das nosas críticas nas últimas décadas e unha oportunidade para seguir a denunciar os obxectivos últimos desta UE e as súas consecuencias sobre a Galiza e o resto de nacións europeas.

O papel(ón) da esquerda española

O proceso soberanista catalán foi a mellor oportunidade que se presentou en corenta anos para cambiar o Estado español. A única que se presentará no curto prazo. Porén, a esquerda española entendeu que non ía con ela. Tras unha retórica «rupturista» e «plurinacional», o que hai é unha práctica continuista e centralista. Primeiro ignorando, despois desprezando e caricaturizando e, por último, combatendo –por activa ou por pasiva– o proceso soberanista catalán.

Tratan de nos convencer de que «Non se pode ser de esquerdas e nacionalista», de que «O *Proces*

está ao servizo da burguesía catalá», que é «unha cortina de fume para tapar a corrupción do 3%» ou un subterfuxio para non falar «das cousas de comer» que son as que lle importan «á xente» e non «as bandeiras». E, sobre todo, tratan de convencernos de que o problema é o PP e non España.

O PP é parte do problema, mais non é «o» problema. Por desgraza, comprobáremolo, mais unha vez, co goberno socialista de Pedro Sánchez. O problema é que a esquerda e a dereita españolas non contemplan outra «demos», outro «suxeito político» que non sexa «o pobo español».

Catalunya demostrou, máis unha vez, que ningún movemento de liberación nacional naceu, nin venceu, co permiso da nación que o somete nin –na maioría dos casos–, coa complicidade da esquerda desa nación, nin das súas sucursais. O «asalto aos ceos» non se fará nunca desde Madrid. É unha loita que darán as nacións sen estado sen pediren permiso e sen esperaren complicidades por parte da esquerda española.

Xustiza inxusta

A resposta española ao *Proces*, ademais dunha gravísima irresponsabilidade en termos políticos é, a todas luces, unha aberración en termos xurídicos. Nin humillar, vingar, escarmentar... son compatíbeis con administrar xustiza; nin a xudicialización dos problemas políticos de fondo e a persecución do politicamente discrepante é compatíbel cunha democracia. Este é un conflito político que, ou ben se resolve pola vía política, ou ben non se resolverá.

Tentar solucionar positivamente un conflito desta natureza exclusivamente pola vía xudicial, policial ou militar, para alén de estar condenado



Imaxes da manifestación nacional convocada pola Plataforma Galiza con Catalunya o 30 de setembro de 2017

A plataforma Galiza pola Soberanía conseguiu aglutinar a un número importante de organizacións políticas, sindicais, culturais e sociais do ámbito do nacionalismo galego, de todo o país e convocar diferente tipo de actos reivindicativos nas cabeceiras das principais comarcas de toda Galiza

Presentación da manifestación nacional da Plataforma Galiza con Catalunya



© Iria Méndez

Concentración de solidariedade na Praza do Toural en Compostela

de antemán ao fracaso, é un profundo erro político e a evidencia de que a unidade de España é «tan natural» que precisa ser imposta pola forza.

O proceso catalán volveu pór en evidencia que canto máis reaccionario é un estado no nacional, tamén o é no social. Os mesmos xuíces que de esquerda a dereita fechan filas para perseguiren o nacionalismo catalán tamén fechan filas para defenderen a sentenza da «Manada».

Nunca o papel da xustiza española estivo tan cuestionado como hoxe. Iso, para nós, é unha oportunidade.

Cando a comunicación é máis importante que os tanques

Se unha das cousas que mide a calidade democrática dunha sociedade é a pluralidade dos seus medios de comunicación, está claro que a democracia española é algo máis que deficitaria. O papel dos medios de comunicación (públicos e privados) neste proceso é tan transcendental como desoladora. O nivel de manipulación, falta de pluralidade e de indisimulado discurso único nas liñas editoriais non é casual.

O papel dos medios é fundamental na creación, no resto do Estado, dunha profunda catalanofobia que non nacería de xeito natural nin espontáneo e que parte dun principio básico: unha vez deshumanizado un pobo, é máis doado de odiar e, polo tanto, de combater. Nun contexto así, a empatía co adversario é misión imposible.

Hoxe, na *batalla* que se está a librar en Catalunya en particular, e en todas as nacións sen estado en xeral, os medios de comunicación son máis importantes que os tanques: en Catalunya, ao

«O papel dos medios é fundamental na creación, no resto do Estado, dunha profunda catalanofobia que non nacería de xeito natural nin espontáneo»

Cartaz de charla divulgativa organizada pola UPG sobre o proceso soberanista catalán

caricaturizar as demandas e accións do soberanismo, ao magnificar as formas para non debater do fondo, ao deshumanizar o adversario, ao dar lexitimidade ás decisións do goberno central e ao crear unha corrente de opinión favorábel ás mesmas. Burla e criminalización a partes iguais, ao tempo que branquean os posicións fascistas e dan soporte ideolóxico e difusión ás medidas represivas emprendidas polo goberno.

Porén, o proceso catalán demostrou que hoxe, aínda que siga a ser abafante o papel dos grandes medios de comunicación, existen vías de penetración a través de sitios web, redes sociais e medios alternativos. Iso si, hai que apostar por eles. E iso implica, individual e colectivamente, corresponsabilizarse economicamente coa súa posta en marcha, mantemento e ampliación. Sen medios propios, imos desarmados ao campo de batalla. Nese ámbito, na Galiza, aínda temos case todo por facer.

Cousas de comer

O soberanismo catalán, ao igual que o escocés, soubo ensamblar perfectamente a idea de creación dun novo estado coa idea de vivir nunha sociedade mellor. Fixérono especialmente visíbel no plano económico e social, ao explicaren o que supón a drenaxe de fondos cara a Madrid e tamén ao visualizaren como o Tribunal Constitucional anulou máis de 40 leis emanadas do *Parlament* que nada tiñan que ver coa causa independentista: desde a igualdade entre homes e mulleres, aos desafuzamentos ou a pobreza enerxética... Para moitos cataláns, a independencia pasou a ser un prerequisite para vivir nun país mellor.



Esa simbiose permite sumar adeptos á causa independentista que non postulase a independencia desde unha perspectiva «identitaria», mais que si que a poden colocar desde unha perspectiva de melloría da súa calidade de vida. Resulta imprescindible levar a máxima «a máis soberanía maior benestar» ao terreo da consigna, para despois exemplificala de xeito práctico e didáctico.

Reinventar Galeuscat

O proceso de ruptura co réxime do 78 tense que producir desde todas as nacións sen estado que actualmente o compoñen, cada unha co seu ritmo e xeito de facer, mais tamén coordinadamente, sumando forzas e cunha mínima unidade de acción.

Haino que facer por solidariedade, máis tamén, por necesidade mutua. Por ese motivo, debemos ser capaces de reinventar Galeuscat. Precisamos dun instrumento que facilite unha unidade de acción das nacións sen estado baixo unha premisa común: a defensa do dereito de autodeterminación e da democracia. ●



CARLES PUIGDEMONT CASAMAJÓ

President da Generalitat de Catalunya. Exiliado político en Alemania

Schleswig-Holstein, Alemania
12-7-2018

Queridos amigos i amigos gallegos.

Os escribo desde un trozo de libertad, en un lugar
pequeno de Alemania, para agradecer vuestro compromiso
con la democracia y con la fraternidad de los pueblos.

Nos queda aún un largo camino para ser ple-
namente libres, pero lleguemos hasta el final no sólo
por nuestro pueblo sino por todos los pueblos del mundo,
como el gallego, que merecen ser lo que nos verdaderos
deseen y sueñan en libertad y paz.

Gracias por estar presentes, cerca de todos nosotros.
¡Nunca olvidaremos vuestra fraternal solidaridad!

Carles Puigdemont i Casamajó
130^è President de la Generalitat de Catalunya





► Declaración da República Catalá o
27 de outubro de 2017 en Barcelona

CARLES CAMPUZANO CANADÈS

Portavoz do PDeCat non Congreso dos Deputados

A importancia de décadas de gobernos nacionalistas para entender hoxe o *Procés*

Resumo

O *Procés* que se inicia en 2012 non é entendíbel sen o *Procés* que se inicia a mediados do século XIX, coa irrupción do catalanismo como forza social e política e co período iniciado en 1980, coa chegada de Jordi Pujol e CiU ao *Govern*. Recuperada a *Generalitat* e aprobados a Constitución e o *Estatut d'Autonomia*, despregáranse todas as posibilidades que a autonomía permitía no límite do posible, apurando ao máximo o marco competencial e aproveitando a forza decisiva dos votos de CiU en Madrid para consolidar e ampliar o autogoberno. Esta estratexia entraría en crise coa maioría absoluta de Aznar de 2000 e a imposición dunha idea de España uninacional, radial, centralizada e uniformista, que menosprezaba a pluralidade cultural e lingüística do estado español.

Palabras chave: *Procés*, Pujol, nacionalismo catalán.

Abstract

The Catalan independence process set in motion in 2012 cannot be properly understood without referring back to the earlier process which began in the 19th Century, followed by the breakthrough of Catalanism as a social and political force and the period marked by the election in 1980 of the Catalan Government led by Convergència i Unió (CiU) presided by Jordi Pujol. Once the Parliament had been reinstated and the Spanish Constitution and the Catalan Autonomous Statute approved, Catalan autonomy was taken to the limits by pushing through a framework of devolved competences and seizing full advantage of the decisive weight of the votes of the CiU MPs in the Spanish Parliament in order to strengthen and broaden the powers of self-government. This strategy was brought to a halt by the overall majority secured by José María Aznar in 2000 which hailed the imposition of a concept of a centralised Spain as one single uniform nation, radiating out from Madrid which disparaged the cultural and linguistic diversity of the Spanish State.

Keywords: *Catalan independence process, Jordi Pujol, Catalan nationalism.*



© Jordi Ventura Plans

O *Procés*, tal e como os medios e a opinión pública terminaron bautizando o conxunto de feitos sociais e políticos que a partir do 11 de setembro de 2012 revolucionaron a realidade de Catalunya e que situaron no centro da política catalá o dereito a decidir e a aspiración a un Estado propio para Catalunya, necesariamente debe analizarse nunha lóxica máis de fondo. Unha lóxica que ten a ver coas constantes históricas que explican a persistencia da realidade nacional de Catalunya e a súa vontade de ser, que, segundo Jaume Vicens Vives, define os cataláns. Unha vontade de ser que resistiu todas as tentativas de liquidar a nación catalá pola vía da uniformización cultural e lingüística e a centralización política e económica que os diferentes réximes españois se propuxeron. Certamente, hai un *Procés* que se inicia en 2012, intenso e transformador, mais hai un longo e sólido *Procés* que se inicia a mediados do século XIX, coa irrupción do catalanismo como forza social e política que articula a sociedade catalá e que propón e desenvolve un potente programa de reconstrución nacional. Sen entender e comprender esa lóxica de fondo, tórnase

imposíbel albiscar o sentido histórico do ocorrido durante estes anos tan intensos que vivimos.

De aí resulta preciso lembrar o discurso d'Enric Prat da Riba en abril de 1914, na súa intervención inaugural como Presidente da *Mancomunitat*, que sintetiza a aspiración primixenia do catalanismo político:

A *Mancomunitat* pecha un período e abre, inicia outro. Concluímos o período que comeza coa caída de Barcelona, co Decreto de Nova Planta, coa supresión do Consello de Cento e da Generalitat; e inicia outro, que é o mañá, que é o porvir, que é o descoñecido.

En 1906, no seu imprescindible *Nacionalitat Catalana*, o mesmo Prat da Riba afirmaba que a cada nación corresponde un Estado, que traduza en acción as aspiracións colectivas. A aspiración ao Estado e o peche da etapa iniciada en 1714 coa perda das liberdades e as institucións propias dun Estado están no centro das aspiracións do catalanismo desde os seus inicios.

Se por algo se caracterizou o proceso mobilizador destes anos en Catalunya e pola máis absoluta falta de violencia por parte das e dos manifestantes



Certamente, a xeración de Prat da Riba e a *Lliga* e, máis tarde, a xeración da xente de Esquerra Republicana a partir de 1931, non aspiraban á independencia, mais si a recuperar as institucións históricas do autogoberno catalán e a configurar un Estado español que reconece a realidade nacional de Catalunya e que ofrece un tratamento xusto a Catalunya. Estaban convencidos de que era posíbel conxugar esa dobre lealdade á nación catalá e á participación activa na gobernabilidade do conxunto español desde a singularidade nacional de Catalunya. É máis, esa idea do Estado estaba asociada claramente coa aspiración de facer de España un país democrático, moderno e europeo, convencidos como estaban os catalanistas que nunha España dese teor as aspiracións cataláns de recoñecemento e tratamento xusto serían posíbeis. Non é menor o dato político que sempre durante o século xx as demandas catalás se vincularon ás exixencias de democracia e progreso para o conxunto español. Por iso é polo que tanto en 1931 como en 1977, o cambio de réxime e a chegada da democracia implicasen a recuperación do autogoberno catalán e que as alianzas entre as forzas progresistas españolas e as forzas catalanistas fosen centrais en todos os procesos de mudanza histórica.

Desde este punto de vista, aquilo que se inicia en 2010, coa sentenza do Tribunal Constitucional contra o *Estatut d'Autonomia* de 2006, tamén certifica, de xeito disruptivo, a fin da convicción no tronco central do catalanismo que o Estado español é reformábel en termos do efectivo recoñecemento nacional e tratamento xusto e que, fronte a un novo proceso de recentralización e homoxeneización, a independencia é a mellor alternativa

posíbel. O President Pujol, na súa conferencia de marzo de 2011, *Residuals ou independentes*, sintetiza esta nova formulación. Afirmaba Jordi Pujol que: «Despois de moitos anos de procurar disuadir aqueles que optaban polo independentismo, agora atópome con que non teño argumentos para os rebater».

A partir de 2010, o catalanismo histórico comeza a mudar. Sobre os consensos e acordos que durante todo o século xx articularan o programa político que compartiron desde os homes da *Lliga*, *Acció Catalá* e Esquerra Republicana no primeiro terzo do século, até o conxunto de forzas que se articularon durante o franquismo e a chegada da democracia, como os nacionalistas (CDC, UDC, ERC), socialistas (PSC) e comunistas (PSUC), o dereito a decidir comezou a ser un novo eixo central do catalanismo.

O consenso catalanista histórico baseábase na afirmación que Catalunya era unha nación, que dita nación ten pleno dereito ao máximo autogoberno posíbel en todo momento e que, por tanto, era preciso recuperar as súas vellas institucións, que o catalán era a lingua propia do país, que aspirábase

«No consenso catalanista figuraba tamén o dereito á autodeterminación, mais o pragmatismo e o posibilismo impuxéronse e esa aspiración foi aparcada nas negociacións que fixeron posíbel os acordos constitucionais e estatutarios de 1978»

Jordi Pujol tras clausurar o 16º Congreso de Convergència Democrática de Catalunya o 24 de marzo de 2012 en Reus



© Jordi Pujol

a ser un só pobo e que, por tanto, era catalán todo aquel que vivía e traballaba en Catalunya e quería selo, sen importar o lugar de nacemento, os apelidos ou o idioma materno, que a cohesión e a mobilidade social era imprescindible para garantir o soño catalán de ser unha terra de acollida e oportunidades e que, finalmente, o noso destino colectivo estaba en Europa, como sinónimo de modernidade, democracia e liberdades, progreso, xustiza e benestar. Este consenso, fraguado fundamentalmente durante os anos 60 polos activistas antifranquistas católicos e comunistas, marcou intensamente os anos da Transición e a recuperación da democracia e o autogoberno; a formulación política da *Assemblea de Catalunya*, as propostas do *Congrés de Cultura Catalana*, o programa das forzas políticas catalanistas, desde UDC até o PSUC, pasando por ERC, CDC e as diferentes opcións socialistas, situaban na consecución da democracia, a recuperación da autonomía e a Generalitat e o horizonte europeo, as súas aspiracións políticas ante a morte de Franco e o inicio da mudanza de réxime. As eleccións de xuño de 1977 e o retorno do President Tarradellas en outubro daquel mesmo foron o triunfo deste programa. Certamente, no consenso catalanista figuraba tamén o dereito á autodeterminación, mais o pragmatismo e o posibilismo impuxéronse e esa aspiración foi aparcada nas negociacións que seguiron e fixeron posíbel os acordos constitucionais e estatutarios de 1978. A prioridade era consolidar a democracia e afianzar o autogoberno. Naqueles anos, os sectores máis soberanistas de CDC expuñan que o gradualismo formaba parte da estratexia nacionalista, como resposta ao minoritario independentismo do momento.

En 1980, coa chegada de Jordi Pujol e CiU ao Goberno da Generalitat, recuperada a Generalitat e aprobados a Constitución e o *Estatut d'Autonomia*, o nacionalismo comeza a desprezar o programa de reconstrución nacional que xa, en tempos do «fer país», durante a Ditadura, os movementos cívicos catalanistas esbozaran.

Trátase dun programa de modernización do país desde todos os puntos de vista e de corte europeo. Un programa que pon en marcha a construción de verdadeiras estruturas de Estado, desprezando todas as posibilidades que a autonomía permitía... sempre no límite do posíbel, mais apurando ao máximo as oportunidades que o marco competencial permitía, con audacia e talento.

Unha acción de Goberno moi inspirada e na liña da obra iniciada por Prat da Riba en tempos da *Mancomunitat* e por Esquerra Republicana durante a breve República dos anos 30. Un programa que aspiraba a reconstruír un país, despois de 40 anos de Ditadura e que puña o acento na creación dun estado do benestar europeo (educación, saúde, servizos sociais, vivenda...) nun contexto de forte crise económica que anhelaba cumprir un dos *slogans* fundacionais de CDC: «Unha Catalunya válida para todos». Un programa pensado para os veciños das grandes conturbacións urbanas, mais tamén para aqueles que vivían nas comarcas máis afastadas de Barcelona. Un programa que tiña na recuperación da lingua e a cultura catalás outro dos seus alicerces centrais, coa posta en marcha dun ambicioso plan de creación das grandes infraestruturas culturais que o país necesitaba, un marco lexislativo coa correspondente política pública para normalizar o uso da lingua catalá e a



aspiración a definir un marco nacional de comunicación. Estes dous eixos (o social e o cultural) aspiraban tamén a reforzar o sentimento de pertenza a unha mesma comunidade nacional e reforzar a idea de que autogobernarnos significaba progreso e benestar para todos os cataláns, con independencia da súa orixe e de onde vivisen. Un país da complexidade demográfica e identitaria de Catalunya non podía –nin pode– basear o sentimento de pertinencia dos seus cidadáns na apelación aos antepasados comúns, mais debe de ofrecer un proxecto

de presente e futuro para os fillos e os netos dos cidadáns de hoxe e que, por tanto, da cohesión social fai unha condición necesaria.

Cos seus altos e baixos, con éxitos evidentes e fracasos frustrantes, con tensións notábeis, encontróns soados e obstáculos insalvábeis en relación co Goberno central, sempre remiso á cesión de poder á Generalitat, cunha asfixia económica premeditada en materia de financiamento, tal e como denunciaba Ramón Trias Fargas, e que dificultou a posta en marcha de políticas máis consistentes

«A etapa posibilista e pragmática dos 80 e 90 deu á sociedade e as súas institucións a enerxía, o ton e o vigor, a consciencia nacional e a densidade governamental que permitiu a Catalunya resistir os embates da España de Aznar»

en todos estes campos, con consensos e acordos coa oposición socialista e comunista nos temas de país (lingua, medios de comunicación, educación e sanidade especialmente), o programa de reconstrución nacional despregouse. E o país transformouse e a idea de que o Goberno normal e principal dos cataláns era a Generalitat callou. O sentimento de catalanidade estendeuse, o número de catalán falantes aumentou e a autoestima colectiva consolidouse. Tornámonos máis nación, se cabe, iso si nunha sociedade de identidades partilladas en que os «marcadores» que definían a catalanidade, en palabras da demógrafa Anna Caberei, eran «soft», circunstancia que permitía facilmente ampliar os perímetros da catalanidade.

Cando a conxuntura política española o permitiu, o nacionalismo catalán tamén aproveitou a forza decisiva dos seus votos no Congreso en Madrid para consolidar e ampliar o autogoberno catalán. Especialmente significativos foron, desde este punto de vista, o conxunto de acordos que permitiron que os Mossos d'Esquadra se convertesen na policía integral de Catalunya, a asunción da competencia da Generalitat de nomear os presidentes dos grandes portos cataláns, Barcelona e Tarragona, e a desaparición da figura política do Estado dos Gobernadores Cívís. Mudanzas significativas no político e no administrativo que, sen dúbida, reforzaron a dimensión estatal da Generalitat e acrecentaron a percepción cidadá de que o Goberno determinante en Catalunya era o *Govern* da Generalitat.

A aposta pola estatalidade da Generalitat foi tamén compatíbel co mantemento e o impulso de tecido cívico e social de Catalunya, que outorga

á sociedade catalá un capital social considerábel e que afunde as súas raíces na multitude de iniciativas asociativas, cooperativas, fundacionais e mutualistas que xorden durante o século XIX que, en tempos da *Mancomunitat* e a Generalitat republicana, se reforzaron e que durante o período da Ditadura mantiveron o sentimento de país e que actuaron como verdadeiras estruturas de estado.

Este programa e estratexia entraron en crise coa maioría absoluta de Aznar no 2000. Aznar impuxo a súa idea de España uninacional, radial, centralizada e uniformista, que reduce o autogoberno á mera descentralización administrativa, que menospreza a pluralidade cultural e lingüística e que configura o híper Madrid que absorbe poder e influencia en detrimento de cidades e territorios. Fronte a ese proxecto, xorden as sucesivas reaccións cataláns, en defensa doutra idea do Estado e do autogoberno: en primeiro lugar, o novo *Estatut* de Catalunya; e, posteriormente, o movemento que xorde debido á sentenza contra ese *Estatut* e a novo paradigma soberanista que sitúa no centro das súas aspiracións o dereito a decidir e o Estado propio para Catalunya.

Mais foi precisamente a etapa posibilista e pragmática dos 80 e 90 que deu á sociedade e as súas institucións a enerxía, o ton e o vigor, a consciencia nacional e a densidade governamental que permitiu a Catalunya resistir os embates da España de Aznar e desafiar en termos democráticos, cívicos e pacíficos o Estado a partir do ano 2010. Sen ese longo proceso, sen ese programa de construción nacional ambicioso e compartido, para alén dos nacionalistas, seguramente hoxe Catalunya se resignaría a ser unha bela provincia de España. ●



ARTUR MAS GAVARRÓ

President da Generalitat (2010-2016)

► Reunión constitutiva do Pacte Nacional pel Dret a Decidir que tivo lugar o 26 de xuño de 2013

Diálogo, política e respeito á realidade

Resumo

A realidade democrática e soberanista catalá está aquí para quedar e o Estado español non pode seguir negando a evidencia. Unha boa parte da sociedade en Catalunya experimentou un cambio de mentalidade, froito da actitude inmovilista e recentralizadora dos sucesivos inquilinos e aspirantes da Moncloa. Desde a traumática sentenza do Estatut, ningunha institución do Estado foi capaz de ofrecer ningunha resposta política ás demandas do pobo catalán. Unicamente porras e querelas. E ese camiño non leva máis que ao enquistamento e a desafección. Chegou a hora de estrear un novo ciclo, baseado no respecto á realidade, o diálogo e a esencia da política: observar, escoitar e falar.

Palabras chave: *Nou Estatut*, pacto fiscal, negociación, Catalunya, referendo, *Procés*, Diada, Tribunal Constitucional, soberanía, unilateralidade, independencia, represión, Estatuto de Autonomía.

Abstract

The reality of Catalan democracy and sovereignty is here to stay and the Spanish State can no longer continue to deny this fact. A large section of Catalan society underwent a change of mentality driven by the intransigent and recentralising attitude of successive Spanish governments and leading parties. Since the traumatic verdict rejecting the new Autonomous Statutes, no State power has been able to provide a political response to the demands of the Catalan people, offering only physical and legal repression. This road can only lead to entrenchment and disaffection. The time has come for a new cycle based on respect for the reality on the ground, dialogue and the true essence of politics itself: looking, listening and talking.

Keywords: *New Statutes, fiscal agreement, negotiation, Catalonia, referendum, independence process (El Procés), Catalan National Day (Diada), Constitutional Court, sovereignty, unilateralism, independence, repression, Autonomous Statutes.*



© Galdric Peñarroja

Non vexo, non escoito, non falo. Igual que a famosa imaxe da lenda do tres macacos sabios de Xapón, así é como o Estado español (que non España) leva reaccionando ás sucesivas demandas do pobo catalán, desde José María Aznar até Mariano Raxoi, de Felipe González a Pedro Sánchez, desde *La Razón* até *El País*. Sempre negando a realidade. E é aquí, na súa actitude inmovilista, negacionista, onde radica o verdadeiro problema. No verán de 2017, o propio Raxoi situou publicamente «o desafío independentista catalán» como o principal reto, xunto coa creación de emprego, que debía afrontar o seu goberno en 2017. Tarde e mal.

É verdade que a sensación xeneralizada é que o *procés* se desenvolveu a un ritmo vertixinoso, por iso vale a pena deterse un momento para repasar a nosa historia recente. Ao longo do últimos quince anos, as institucións españolas nos foron pechando, unha tras a outra, todas e cada unha das portas que desde o *Govern* se abría a unha saída negociada, pactada, dialogada, consensuada: adxectivos que parecen desaparecer dos dicionarios da Moncloa. Este bloqueo traducíuse nun cambio de mentalidade de

boa parte da sociedade en Catalunya. Na actualidade, a metade dos cataláns está a favor da independencia, cando hai apenas unha década a cifra non chegaba ao 15%. Ficou demostrado nas dúas últimas eleccións ao *Parlament*, as de 2015 e as de 2017, cunha participación histórica, masiva, do 75%. Máis de dous millóns de persoas votaron libremente que queren emanciparse de España. E iso despois de sete anos dunha enorme mobilización social, pacífica e permanente. Un movemento deste calibre, en calquera país democrático do mundo faría que

«Ao longo do últimos quince anos, as institucións españolas nos foron pechando, unha tras a outra, todas e cada unha das portas que desde o *Govern* se abría a unha saída negociada»

A presidenta da ANC, Carme Forcadell, facéndolle entrega ao *President Artur Mas* do material da *Vía Catalana* o 11 setembro de 2013



© Arquivo ANC

os responsábeis políticos sentasen ao redor dunha mesa para atoparen unha saída. Unha saída que ten nome e apelido: referendo pactado. Porque falar de democracia e calar o pobo é unha farsa, como ben sentenciou Ovidio na antiga Roma; e reprimilo cando, a pesar de todo, decide falar aínda é peor.

Para comprender como chegamos á situación actual, debemos remontarnos a principios de século XXI. A semente do desapego e a desconexión plantouna o presidente José María Aznar. O seu segundo mandato marcou, especialmente, o inicio da recentralización do Estado español. Mais sen ningunha dúbida, o *click* definitivo, o cambio de *chip*, activouno a sentenza contra o *Estatut*. En 2006, os cataláns dixemos *Si*, nun referendo vinculante, ao *Estatut d'Autonomia de Catalunya* que eu mesmo negociéi, con sangue, suor e bágoas, co presidente José Luís Rodríguez Zapatero, un pacto, por certo, á raíz do cal recibín duras críticas dalgúns que, en Catalunya, se queixaban de excesivas renuncias. Pois ben, catro anos despois dese acordo, que a tantos lles soubo a pouco, mais que ao cabo contou co referendo dos cataláns, o Tribunal Constitucional tirou abaixo os fundamentos do pacto constitucional, cunha decisión que atentaba contra a mesmísima Carta Magna. E é que, segundo a propia Constitución Española, a última palabra sobre calquera estatuto a ten a poboación da Comunidade Autónoma correspondente, que debe validar en referendo o acordo previo entre un Parlamento e as Cortes. Aí comezou o efecto dominó. Despois de trinta anos de colaboración a fondo coa gobernabilidade de España, moitos cataláns démonos conta de que era necesario un cambio de proxecto. Acabábons de expulsar da Constitución.

Mentres tanto, en Madrid, seguían cos ollos, os ouvidos e a boca tapados. Xa en 2010 non souberon calibrar o alcance da grande manifestación contra a sentenza do TC. E iso que o lema parecía suficientemente elocuente: «Som una nació, nosaltres decidim». Esa mobilización contou coa participación do entón *president* da Generalitat, o socialista José Montilla. O mesmo que tres anos antes, no inverno de 2007, advertiu os seus socios do PSOE de «las graves consecuencias políticas a medio y largo plazo de una grave desafección emocional de Catalunya hacia España y sus instituciones comunes». Á vista está que non quixeron facer nin caso dese aviso de desapego incipiente.

E canto menor era o caso que se nos facía, máis crecía o rexeitamento ao vello autonomismo. En 2012, unha nova marea de xente inundou as rúas de Barcelona. Naquela faixa «Catalunya, nou estat d'Europa» podía lerse xa unha evolución evidente. Tiven claro entón que, como *president* da Generalitat, non podía permanecer de brazos cruzados: correspondíame tomar as rédeas. Fíxeno ofrecendo e defendendo unha proposta de pacto fiscal para

«Despois de trinta anos de colaboración a fondo coa gobernabilidade de España, moitos cataláns démonos conta de que era necesario un cambio de proxecto. Acabábons de expulsar da Constitución»

Campaña de Òmnium Cultural reclamando a liberdade das e dos presos políticos e a volta das e dos exiliados



Catalunya que puidese satisfacer o desexo da maioría de cataláns. E leveina en persoa ao presidente Raxoi. Como era plenamente consciente da situación de crise que atravesaba o país, non lle pedín nin un só euro no curto prazo. Suxerín algo máis pragmático: que deixásemos as transferencias económicas para máis adiante, mais que polo menos se comprometese publicamente a sacar Catalunya do réxime de financiamento común. Expliqueino recentemente para que fiquen claro que se alguén practicou a unilateralidade ao longo de todo este tempo foi o goberno do Partido Popular. Unilateralmente, Raxoi díxome que *ni hablar*. E en Catalunya permanecía aquel clamor popular, en efecto, que cada vez latexaba con máis forza. E voltamos tentar o diálogo, do dereito e do revés. No relacionado co dereito a decidir, recibimos até dezaioito portadas de Madrid, xa fose en forma de resposta parlamentaria no Congreso ou o Senado, a través de mocións ou por carta. A pesar das labazadas, sempre puxemos a outra meixela. Valla o seguinte exemplo. Meses antes do 9-N, tres deputados cataláns, de CIU, ERC e ICV-EUIA, foron ás Cortes para argumentaren e solicitaren, pola vía constitucional, a transferencia da competencia para convocar unha consulta vinculante. Hoxe, por certo, un daqueles tres parlamentarios, Jordi Turull, está en prisión preventiva. Outra, Marta Rovira, no exilio. Despois daquilo, aínda persistimos, con sucesivos ofrecementos a pactar a pregunta, a data e mesmo as porcentaxes de aplicación do resultado, tanto no 9-N como no 1-O. A resposta, sempre a mesma, monolítica: *no es no*. Niso o Secretario Xeral do PSOE si que se mantivo firme. Preferiu perder a investidura á cal aspirou en marzo de 2016 que abrirse

a, polo menos, escoitar os partidos independentistas cataláns. Aínda hoxe, as forzas soberanistas en Catalunya manteñen a súa man tendida a acordar os termos para a celebración dun referendo que resolva definitivamente a incógnita sobre cal é o apoio real da sociedade catalá á creación dun estado propio.

Chegados a este punto, podería parecer que o soberanismo catalán teimase en falar só do dereito a decidir. Nada máis lonxe da realidade. En 2014, fixen chegar ao presidente Raxoi un documento con 23 propostas relacionadas co autogoberno de Catalunya. Unha vez máis, nin caso. No verán de 2015, encarguei ao meu *Govern* o informe *Crònica d'una ofensiva premeditada*. Cen páxinas que se poden consultar na páxina web da Generalitat premsa.gencat.cat onde queda retratado o esforzo do goberno español por laminar, afogar e limitar o noso autogoberno. Xa non só polo ataque sistemático á escola catalá, un modelo de éxito; existen infinitos exemplos máis, relacionados cos investimentos, as infraestruturas ou as políticas sociais. O devandito informe revelaba unha redución do investimento en Catalunya de 71% entre os anos 2009 e 2014, 22 puntos por encima da media española. Especialmente grave foi o incumprimento da lei da dependencia, que o Estado español debía financiar ao 50%. Deixaron de financiar 13 000 prazas públicas. Por se non fose suficiente, dedicáronse a obstaculizar calquera medida que desde a Generalitat impulsásemos para obter novos ingresos: as taxas xudiciais, o imposto sobre depósitos bancarios, os impostos ás eléctricas e as nucleares e un longo etcétera. En 2016, esas 23 demandas que dous anos antes trasladei a Raxoi duplicáronse.



Imaxe das rúas de Barcelona no transcurso da manifestación da Diada de 2014

O *president* Carles Puigdemont pasou a nova lista ampliada ao presidente do Goberno. E aí deben seguir, nalgunha gabeta perdida de Moncloa.

Fica claro, pois, que a proposta catalá sempre foi sentar a dialogar e procurar conxuntamente unha solución como fixeron o Reino Unido ou Canadá: nunca se quixo impor unha decisión unilateral. Desde Madrid, en cambio, a receita para Catalunya foi porras e querelas. Nunca política. O resultado, hoxe: nove pacifistas (a presidenta do *Parlament*, Carme Forcadell, o *vicepresident* Oriol Junqueras,

os *consellers* Joaquim Forn, Jordi Turull, Josep Rull, Dolors Bassa e Raül Romeva e os activistas Jordi Sànchez e Jordi Cuixart) encarcerados preventivamente, sen nin sequera seren xulgados; sete exiliados (o *president* Carles Puigdemont, os *consellers* Lluís Puig, Clara Ponsatí, Toni Comín e Meritxell Serret e as ex-deputadas Marta Rovira e Anna Gabriel); outro *president*, eu mesmo, e tres membros do meu *Govern* (Francesc Homs, Joana Ortega e Irene Rigau) inhabilitados e cos nosos bens embargados. E a democracia e a xustiza españolas en



Cabeceira da manifestación unitaria da Diada de 2012 que transcorreu baixo o lema «Catalunya, nou estat d'Europa»

cuestión en Europa e no mundo enteiro. Os tribunais europeos, en Alemaña, Bélxica, o Reino Unido ou Suíza, están a deixar en evidencia a cúpula do sistema xudicial español. Ao pobo catalán estase a pisar dereitos esenciais e numerosos españois e europeos comezar a darse conta. Vírono coa brutalidade policial contra o 1-O. E ségueno comprobando agora, algúns españois –rapeiros, artistas, cantantes– en primeira persoa. Non se pode tolerar que nun país membro da UE se violen os dereitos humanos. Por iso cada día son máis as voces en Europa que exixen a defensa dos dereitos civís e democráticos en España. E falando de dereitos, o da autodeterminación está reconecido nos principios fundamentais dos dereitos humanos, na Carta de Nacións Unidas e na Asemblea Xeral da ONU. É máis, en España celebrar un referendo non é ilegal. Por máis que algúns se empeñen en repetilo, non é un delito. Xa non. En 2003, para blindarse do lehendakari Juan José Ibarretxe, o PP mudou a lei para penalizalo, mais en 2005 deixou de ser delito porque o PSOE o quitou do Código Penal español. Na mesma exposición de motivos daquela

«Non se pode afrontar un diálogo esperando e apelando á rendición do outro, que é ao que eternamente aspirou o Estado español: vencer esmagando»

reforma, consta que se trata de condutas que «no tienen suficiente entidad para merecer la reprobación penal». Parece que algúns o esqueceron.

A persecución das ideas, as actuacións desproporcionadas, as ameazas non dilúen o clamor popular; na medida que xeran un rexeitamento maioritario e transversal, refórzano.

Como resolvemos o problema, entón? Non existe unha vara máxica, mais si tres fundamentos e un preámbulo que poden favorecer unha posíbel solución ao conflito. A primeira, que cada unha das partes reconeza a outra que non ten porque renunciar ao seu obxectivo. Non se pode afrontar un diálogo esperando e apelando á rendición do outro, que é ao que eternamente aspirou o Estado español: vencer esmagando. O segundo punto de partida necesario para atopar unha saída consensuada é sacar o conflito do ámbito xudicial. Até que iso non pase, non haberá solución, unicamente enquistamento. A terceira premisa pasaría por axeitar os marcos legislativos para daren resposta ás maiorías sociais comprobábeis, como o é o dereito a decidir. O preámbulo: que os que están na primeira liña no Estado español comecen a reconecer erros propios, como vén facendo o independentismo desde hai meses.

Catalunya é a primeira economía do Estado, a máis exportadora, unha das que recibe máis investimento estranxeiro directa e máis turismo, a que lidera a investigación científica, con universidades punteiras. Catalunya é un país pacífico, que prefire a palabra á imposición, o pacto á forza, a liberdade ao autoritarismo. Ver, escoitar e falar, en lugar de pechar os ollos, taparse os ouvidos e calar. Porque esa é a esencia da política. ●



CARME FORCADELL LLUÍS

Presidenta da ANC (2011-2015). Presidenta do Parlamento de Catalunya (2015-2017). Presa política

Amigos y amigas de Terra e Tempo,
Aprovecho la oportunidad para agradecer profundamente las muestras de apoyo y solidaridad que nos han llegado desde Soliza.
Soy consciente que estoy en prisión por haber defendido la soberanía del Parlamento, la libertad d'expresión i el derecho de iniciativa de los diputados i diputadas como legítimos representantes del pueblo de Catalunya. Como presidenta del Parlamento y como demócrata no podía permitir que la censura entrara en el Parlamento.
No hemos cometido ningún delito, hemos cumplido la voluntad de los ciudadanos expresada en las urnas.
No se trata de independencia ni o no, se trata de democracia, de libertad y de derechos fundamentales.
Hoy toméis vosotros mañana puedes ser tú.

Prisión de Alcalá-Heco
20 de mayo de 2018





► Mural independentista nunha praza de Barcelona

ROGER CASTELLANOS CORBERA

Politólogo especializado en filosofía política moderna.
Membro do Secretariado Nacional de Poble Lliure

O movemento catalán de liberación nacional: orixe, desenvolvemento e fundamento material

Resumo

O proceso de desenvolvemento histórico do movemento catalán de liberación nacional ten a súa orixe nun fundamento material obxectivo, nomeadamente a formación, consolidación e posterior ocupación da nación catalá por parte dos Estados español e francés. A medida que se foron agudizando as contradicións entre as clases populares organizadas e o Estado español, o pobo catalán desenvolveu diferentes formas de organización e de loita ao longo da historia recente. Dentro do marco dun programa estratéxico en constante evolución, até chegar á actual fase de máxima intensificación do conflito nacional, o movemento popular pola defensa da República Catalá atópase hoxe nun punto de inflexión chave para o avance da loita de liberación nacional.

Palabras chave: feito nacional, contradición nacional, formación nacional, consolidación nacional, conflito nacional, clase nacionalizadora, movemento de liberación nacional, ruptura estratéxica.

Abstract

The process of the historic development of the Catalan national liberation movement can be traced back to one objective, material point of origin, namely the creation, consolidation and later occupation of the Catalan nation by the Spanish and French States. As the contradictions between the organised working classes and the Spanish State became increasingly apparent, the Catalan people developed different types of struggle over the period of recent history. Through a continually evolving strategic programme leading up to the current phase of maximum intensification of the national conflict, the grassroots movement in favour a Catalan Republic currently finds itself at a turning-point which will be decisive for moving the struggle for national liberation forwards.

Keywords: national fact, national contradiction, national emergence, national consolidation, national conflict, nationalising class, national liberation movement, strategic break.



© Diana Arbós

1. Loita de clases e contradición nacional

A formación da nación catalá é, como en todas as nacións, produto dun desenvolvemento histórico concreto, cuxo orixe pode situarse no período que comprende os séculos VIII-X, en paralelo á conformación do dominio lingüístico do catalán, cando os Condados Pirenaicos das grandes vías de comunicación cara ao sur do Imperio Carolinxio se foron constituíndo progresivamente nunha unidade xurídico-política, a partir de Guifré el Pilós (846-897), até conseguir a súa independencia no século XI. Aínda que, a partir daquel momento, se foi desenvolvendo unha comunidade humana cunha dinámica propia –cultural, lingüística, económica e xurídico-política– a formación nacional de Cataluña é o produto dunha acumulación histórica de experiencias e de vida en común, dentro dun marco xeográfico que foi evolucionando ao longo dos séculos XII-XIII, até consolidarse na comunidade nacional que hoxe denominamos *Països Catalans*

¹ Cf. Albert Botran, Carles Castellanos, Lluís Sales, *Introducció a la història dels Països Catalans*, Edicions del 1979, Barcelona, 2014.

que abranguen os territorios que desenvolveron unha coherencia lingüística e cultural en común, e que, en distintos momentos históricos, desenvolveron, en maior ou menor medida, as súas propias institucións xurídico-políticas, nomeadamente o *País Valencià*, as *Illes Balears e Pitiüses* e *Catalunya*, esta última cos territorios ocupados por España (*Franja de Ponent e Principat de Catalunya*) e por Francia (*Catalunya Nord*)².

No entanto, este desenvolvemento histórico relativamente autónomo viuse truncado no século XVIII pola Guerra de Ocupación (tamén coñecida como «Guerra de Sucesión»), cando, entre 1707 e 1715, a soberanía da nación catalá foi totalmente socavada polo Reino de España sob o reinado de Felipe V³. Así comeza, durante máis de tres séculos até a actualidade, unha loita pola supervivencia

² Cf. Joan Fuster, *Qüestió de noms, Aportació Catalana*, Barcelona, 1962. Neste ensaio, o escritor valenciano difundiu e popularizou as denominacións contemporáneas do conxunto dos territorios da nación catalá.

³ Cf. Albert Botran, Carles Castellanos, Lluís Sales, *Introducció a la història dels Països Catalans*, Edicions del 1979, Barcelona, 2014.

Mesas explicativas de como poder votar no referendo do 1-O



© Diana Arbós

nacional, combatendo as diferentes formas de opresión ás cales se verá sometida Catalunya e o resto dos Países Cataláns, na tentativa de destruír as particularidades lingüísticas e culturais desta nación, tras liquidar por completo as súas institucións xurídico-políticas históricas.

O antagonismo entre o poder opresor (España e Francia) e a realidade nacional oprimida (Países Cataláns) implica a configuración da *contradición nacional* que, como veremos, non ten un carácter meramente superestrutural (ideolóxico e xurídico-político), mais que se insire nos fundamentos da dinámica estrutural (evolución das forzas produtivas e do modo de produción), é dicir, nas relacións de clase que se desenvolven no marco concreto do capitalismo español e francés.

Para poder entender a implicación que ten a contradición nacional nas relacións dialécticas entre estrutura e superestrutura, antes debemos situar, de maneira xeral, o feito nacional na análise do desenvolvemento histórico das sociedades humanas. Porque a nación non pode considerarse como unha forma de existencia estática, eterna ou un ente abstracto, como se fose o resultado da intervención divina –a «nación dada» ou a «unidade de destino»– ou a simple constatación diferencial dunha comunidade humana a respecto doutra. Como xa indicamos no caso dos Países Cataláns, o feito nacional é o produto do desenvolvemento histórico que se produce no marco dunha sociedade en concreto, a partir do cal podemos identificar, polo menos, dúas grandes fases históricas: a *formación* e a *consolidación nacional*⁴.

4 Cf. Carles Castellanos i Roger Castellanos, *El Fenomen Nacional*, «Anàlisi dels moviments d'alliberament nacional» (pp. 43-53),

Entendemos por *formación nacional*, por un lado, todo o proceso histórico que leva unha sociedade humana en concreto a desenvolverse como comunidade nacional:

A nación é unha comunidade humana historicamente formada sobre a base dunha comunidade de vida económica enmarcada nunha comunidade de territorio, cunha herdanza cultural e comunicativa específicas, froito da acumulación histórica, e que se manifesta, no presente, nunha comunidade de lingua e cultura.⁵

Así, diferenciamos a nación do *Estado nacional*, xa que, historicamente, non todas as nacións formadas se dotaron dunha superestrutura nacional propia, ben sexa porque non a desenvolveron (non se chegaron a consolidar), ben sexa porque a perderon (por razóns dinásticas, de conquista militar...), polo que existen, desta maneira, as denominadas «nacións sen estado», como é Catalunya, mais tamén Galiza, Euskal Herria e tantas outras nacións no mundo.

De aí a importancia da segunda gran fase anteriormente mencionada (a *consolidación nacional*), sen a cal unha nación formada non se desenvolve como tal, mais fica suxeita sob a superestrutura dunha nación hexemónica allea á comunidade nacional en concreto. Mais se dixemos que a base de toda comunidade nacional é xustamente a comunidade de vida económica, é dicir, o seu fundamento

Edicions del 1979, Barcelona, 2015. Esta definición de nación é o resultado da análise crítica de Stalin en *O marxismo e a cuestión nacional* (1913).

5 *Ibidem* (p. 45).

«O antagonismo entre o poder opresor (España e Francia) e a realidade nacional oprimida (Países Cataláns) implica a configuración da contradición nacional»

estrutural, e a estrutura está gobernada polas relacións de produción que impón a clase dominante, isto tamén significa que unha nación sen estado, en tanto que comunidade humana en concreto, non só se ve suxeita a un marco superestrutural alleo (lingüístico, xurídico-político...), mais que este se debe precisamente á súa suxeición ao dominio da clase dominante da nación hexemónica. Así entendemos todas as formas de opresión nacional (espolio económico, asimilación cultural, imposición lingüística...)⁶ como aquelas formas concretas de dominación de clase que se producen nun contexto de contradición nacional.

Deste xeito, vemos que cando a clase ascendente da nación oprimida –sexa burguesía ou clases populares– se converte en clase nacionalizadora, é dicir, na clase social aspirante a unificar o conxunto estrutural da comunidade nacional, no momento en que esta choca co dominio xa establecido dunha clase dominante exógena, nacionalmente opresora, é cando estoupa o *conflito nacional*; é dicir, a intensificación da contradición nacional agudiza o conflito entre a clase ascendente da nación oprimida e a clase dominante da nación opresora, o que leva á aparición dos *movementos de liberación nacional*⁷.

Unha vez situada a contradición nacional no marco do desenvolvemento histórico, no caso catalán, podemos afirmar que foi unha comunidade

nacional formada e consolidada xa no século XIV, mais sometida ao dominio estranxeiro sobre todo a partir do século XVIII⁸. A partir de entón, a pesar da opresión franco-española, os Países Cataláns nunca perderon o seu carácter nacional, mais si a súa condición de nación política consolidada, na medida en que, a partir dos Decretos de Nova Planta⁹, se erradicaran todas as institucións xurídico-políticas que compuñan a superestrutura nacional catalá, impóndose o sistema de dominación central xacobino-borbónico¹⁰ como superestrutura reprodutora dos intereses das clases dominantes das respectivas nacións opresoras.

2. O desenvolvemento histórico do movemento popular pola independencia

A consolidación da sociedade de clases, no desenvolvemento temperán do capitalismo industrial que tivo lugar en Cataluña, non implicou o ascenso dunha burguesía nacional catalá con aspiracións nacionalizadoras, mais impulsou un «espertar» cultural e lingüístico (La *Renaixença*) e un catalanismo rexionalista (Prat de la Riba e Francesc Cambó) que,

8 Cf. Albert Botran, Carles Castellanos, Lluís Sales, *Introducció a la història dels Països Catalans*, Edicions del 1979, Barcelona, 2014.

9 Entre 1701 e 1719, o Rei Felipe V de Borbón promulgou os Decretos de Nova Planta que instauraron un réxime absolutista e centralizado no Reino de España.

10 O réxime de ocupación de *Catalunya Nord* foi especialmente opresor a partir da instauración do ‘xacobinismo’, ligado á Revolución Francesa, ao constituír un sistema de centralización burocrática-administrativa e socialmente asimilador, coa imposición da lingua francesa a todo o territorio estatal, levando á intensificación da represión cultural e lingüística contra as nacións sometidas á República Francesa, de maneira similar ao modelo borbónico (Cf. Nota 9). Referímonos ao sistema «xacobino-borbónico» para identificar o réxime de ocupación do conxunto da nación catalá.

6 Cf. *Ibidem* (pp. 53-67).

7 Esta análise contén a perspectiva de Lenin, *Sobre o Dereito das Nacións á Autodeterminación* (1914), onde se sitúa claramente o movemento nacional como ‘movemento de liberación nacional’, é dicir, a loita pola separación política e a constitución independente da nación en estado.

Millerios de esteladas inundaron as rúas cataláns nun proceso de mobilización social masivo e continuado, sen precedentes en Europa



© Joan Torrents

a pesar do falso relato historicista do *soleturismo*¹¹, non se poden assimilar mecánicamente como raiz do catalanismo político contemporáneo (independentista). A razón é clara: as reivindicacións rexionalistas que levaron á *Mancomunitat*¹² e, posteriormente, ao *Estatut d'Autonomia* (tampouco coa restauración da *Generalitat*) non se desenvolveron no marco dun movemento de liberación nacional, cuxo obxectivo non pode ser outro que o da plena soberanía nacional, é dicir, a independencia¹³. Máis ben o contrario: o proxecto do rexionalismo sempre tivo como obxectivo defender os intereses e mellorar a posición da burguesía industrial catalá no seo do bloque dominante do marco español. Tal vez, en diferentes momentos históricos, certas forzas federalistas, como o *Partit Socialista Unificat de Catalunya* (PSUC. 1936-1997), ou por aquel entón filo-independentistas (como ERC), apoiasen algunhas bandeiras do proxecto rexionalista con outras aspiracións ulteriores, xa fose a descentralización de España ou a progresión cara á plenitude nacional, mais en ningún momento estas foron bandeiras dun movemento nacional realmente existente.

Os inicios do movemento catalán de liberación nacional –que, como dixemos, non é o mesmo que falar da aparición de partidos cun programa máis ou menos independentista, aínda que estes se poidan considerar tamén fonte do mesmo–,

«Así, diferenciamos a nación do Estado nacional, xa que, historicamente, non todas as nacións formadas se dotaron dunha superestrutura nacional propia, ben sexa porque non a desenvolveron, ben sexa porque a perderon»

debemos situalos entre as décadas dos 70 e 80 do século xx, coa irrupción da organización armada *Terra Lliure*¹⁴ e a fundación do *Moviment en Defensa de la Terra* (MDT. 1984-2014), coa participación do *Partit Socialista d'Alliberament Nacional* (PSAN. 1968-2015) e os *Independentistes dels Països Catalans* (IPC. 1979-1984), que, ao denunciaren o pacto da transición trans-franquista e a ocupación franco-española da nación catalá, iniciaron, por vez primeira na historia, un movemento político independentista onde se implicaron decenas de milleiros de activistas mobilizados. Esta fase adóitase coñecer como a *primeira expansión* do independentismo catalán.

A *segunda expansión*¹⁵ xorde a partir da primeira década do século XXI, coa liquidación do

11 O termo *soleturismo* provén do nome do político Jordi Solé-Tura que foi, primeiro, dirixente do PSUC e –como tantos outros– despois acabou nas filas do PSC. A súa obra máis coñecida é *Catalanisme i revolució burgesa* (1967) na cal se identifica o catalanismo como un movemento de raíces burguesas.

12 Institución rexional catalá que administrou as catro provincias da *Principat de Catalunya* entre 1914 e 1923-25.

13 Cf. Nota 7.

14 Cf. Carles Sastre, Carles Benítez, Pep Musté i Joan Rocamora, *Terra Lliure: punt de partida. 1979-1995*. Una biografía autoritzada, Edicions de 1979, Barcelona, 2012. Nesta obra, analízase o papel e o legado político da organización armada Terra Lliure, como punto de partida do movemento independentista contemporáneo.

15 *Ibidem* (pp. 102-105).

*Estatut d'Autonomia*¹⁶ aprobado polo *Parlament de Catalunya*, primeiro, por parte do Congreso dos Deputados e, despois, polo Tribunal Constitucional, unha vez referendado polo pobo. A formación da *Plataforma pel Dret a Decidir* (PDD) en 2005 foi, deste xeito, o inicio dun ciclo de mobilizacións continuadas que se estenden até a actualidade, coa aparición de novas organizacións de mobilización de masas como a *Assemblea Nacional Catalana* (ANC), a implicación activa de *Òmnium Cultural* e, máis recentemente, coa irrupción dos *Comitès per a Defensa de la República* (CDR). A partir de entón, o movemento independentista que foi xestado nas décadas dos 70 e 80 entrou nunha dinámica de masas, capaz de mobilizar centos de milleiros de persoas de maneira sistemática, primeiro, ao soste-la bandeira do dereito a decidir, para despois ir clarificando progresivamente unha reivindicación nacional que foi desde o *dereito á autodeterminación* até a *implementación da República Catalá*, nun movemento en que, finalmente, se comprometeron de xeito estábel máis de dous millóns de persoas.

A partir desta segunda expansión, podemos identificar dúas rupturas estratéxicas no seo do catalanismo político que, sob a dirección do movemento popular pola independencia –no seu proceso de desenvolvemento político–, provocaron importantes sismos no escenario

16 Un *Estatut* que o autonomismo propuxera como medio para conter a consciencia independentista crecente en Catalunya e contra o cal xa existiu no seu día unha importante oposición por parte do independentismo popular, a pesar de que, por aquel entón, aínda se atopaba difuso e o espazo organizativo de masas estaba en proceso de desenvolvemento.



político-institucional, na medida en que foron convertendo en hexemónicas as teses independentistas. Á súa vez, as relacións dialécticas entre o movemento popular e os partidos políticos do campo catalanista produciron importantes alteracións na dinámica de clases, o que suscitou movementos progresivos no ámbito ideolóxico deste movemento, mudanzas substanciais nas formas de loita e de organización colectiva, así como unha ruptura orgánica entre as diferentes capas da burguesía catalá.

a) *Primeira ruptura estratéxica: a independencia como vía cara á soberanía*

As forzas políticas que administraran a autonomía desde 1978 víronse profundamente alteradas a partir da eclosión das primeiras grandes mobilizacións independentistas, xa que estas as interpe-laron directamente. A primeira exigencia popular foi a clarificación do programa estratéxico do catalanismo político, é dicir, a asunción do obxectivo da independencia nacional como vía á soberanía, o que produciu grandes terremotos ideolóxicos e



Foron continuas ás referencias á volta do franquismo pola política represiva do goberno español contra o movemento soberanista catalán

orgánicos que afectaron, especialmente, as dúas principais forzas do autonomismo, CIU¹⁷ e o PSC¹⁸. Esta fase poderíamos estendela até as eleccións do 27 de setembro de 2015 cando, coa materialización da candidatura de *Junts pel Sí*, concorreron xuntos ERC e CDC¹⁹, xuntamente con MES²⁰ (escisión do PSC) e *Demòcrates de Catalunya*²¹ (escisión de UDC²²), agrupados por vez primeira na historia ao redor dun programa independentista.

Así, pois, a maioría absoluta claramente independentista resultante do 27-S (*Junts pel Sí* e a CUP), supuxo o cumprimento desta primeira demanda básica do movemento popular. Mais esta non foi nin espontánea nin gratuíta: só se pode explicar a partir da expansión imparábel do movemento

popular pola independencia que tornou posíbel as grandes manifestacións do 11 de setembro, as consultas sobre a independencia entre 2009 e 2011 (desde o 13-S en Arenys de Munt, até o 10-A en Barcelona), culminando co referendo autoorganizado do 9 de novembro de 2014, momento que marcou a transición definitiva do autonomismo cara ao independentismo no campo do catalanismo político.

b) *Segunda ruptura estratéxica: a independencia como vía cara á democracia*

A pesar de lograr unha maioría parlamentaria independentista, o escenario posterior ao 27-S non estivo exento de vacilacións tácticas e de contradicións no despregamento da folla de ruta que perseguía a edificación das denominadas *estruturas de Estado* e das *Leis de desconexión*. A síntese desta fase foi a investidura do *President* Carles Puigdemont e a súa consigna «Referendo ou Referendo», o que levou a un novo consenso entre as forzas independentistas, en sintonía coa segunda exixencia estratéxica do movemento popular: o dereito á autodeterminación do pobo catalán é inalienábel e, por tanto, non se pode subordinar a unha vontade allea do mesmo, polo que o seu exercicio é a vía para a construción dun verdadeiro marco democrático. En consecuencia, a pesar de procurar esgotar por enésima vez as vías do diálogo e do pacto co Estado para lograr un referendo acordado –a denominada «operación diálogo»–, a posición do goberno catalán transitou cara á *unilateralidade*, na medida en que non situaba o acordo co goberno de Mariano Raxoi como condición *sine qua non* para a celebración do referendo.

17 *Convergència Democràtica de Catalunya* (CDC), no seu proceso de clarificación no programa nacional, rompeu o xuño de 2015 con *Unió Democràtica de Catalunya* (UDC), disolvendo así a coalición histórica de *Convergència i Unió* (CIU), 37 anos despois da súa formación, para dar paso á súa participación en *Junts pel Sí* nas eleccións do 27 de setembro de 2015.

18 Aínda que, á diferenza de CIU, o PSC seguiu operando como tal, sufriu escisións (*Avancem*, *Nova Esquerra Català* e *Moviment Catalunya*) e unha importante sangría de líderes históricos cara a partidos de signo independentista, á mesmo tempo que perderon un número importante de votantes a favor destes. Así mesmo, moitos votantes do PSC desprazáronse cara a posicións ultraespañolistas, dando o seu apoio a *Ciutadans*.

19 No ano 2016, CDC disolveuse no *Partit Demòcrata Europeu Català* (PDECAT).

20 Fusión de *Nova Esquerra Catalana* co *Moviment Catalunya* (ambas escisións do PSC) que concorreu na coalición de *Junts pel Sí* ás eleccións do 27-S.

21 Partido político fundado no ano 2015, como escisión de UDC, que concorreu ás eleccións do 27-S en coalición con *Junts pel Sí*.

22 UDC disolveuse o 24 de marzo de 2017, despois de perder a súa representación parlamentaria e de sufrir a ruptura con CDC e a escisión de *Demòcrates de Catalunya*. Nas eleccións impostas do 21 de decembro de 2017, Ramon Espadaler (ex-secretario xeral de UDC) presentouse á fronte do novo partido *Units per Avançar*, en coalición co PSC liderado por Miquel Iceta.



Manifestación e folga xeral en Barcelona o 3 de outubro de 2017

A negativa intransixente do goberno español ao diálogo a respecto dunha saída pactada ao status nacional de Cataluña e o bloqueo constante das iniciativas lexislativas do *Parlament* crearon as condicións para que se constatase que as vías xurídico-políticas constitucionais eran impracticábeis para o exercicio do dereito á autodeterminación. Xa non se trataba de avanzar cara á independencia por unha vía democrática *de facto* inexistente, mais de construír un marco democrático real, que só sería posíbel a través do exercicio do dereito á autodeterminación desde a verdadeira fonte de soberanía da nación: o pobo catalán. A realización do referendo do 1 de outubro e a heroica resistencia popular na defensa das urnas, demostraron que esta fase quedaba superada: a República situábase como a única vía posíbel á democracia.

No momento de redactar estas liñas, podemos entrever a configuración dunha terceira ruptura estratéxica, que poderíamos definir como a *República como vía cara á paz*. Debido á dura represión do 1 de Outubro, a aplicación do «Decreto de Ocupación» do 155, os presos políticos, os exiliados

e a persecución masiva do movemento independentista (por parte das forzas de ocupación e dos grupos fascistas organizados), xunto coa vitoria do referendo e a proclamación da República o 27-O, produciuse un novo avance estratéxico no seo do movemento popular pola independencia: do «President posi les urnes» [Presidente poña as urnas] que en 2014 clamaba Carme Forcadell (agora presa política), pasouse ao «República ara» [República agora] en 2018. Á súa vez, a irrupción dos CDR e a súa mobilización persistente, baseada na desobediencia civil e a súa exigencia a favor da implementación da República Catalá, constata que unha parte significativa do pobo catalán xa hexemónica no movemento popular «pasou pantalla»: o movemento independentista converteuse en movemento republicano, e a súa exigencia fundamental é a implementación da República como única vía para a consecución dun marco de paz democrática que propicie as condicións favorábeis para o despregamento do proceso constituínte. Unha implementación que, como no caso do dereito de autodeterminación, non se pode subordinar a unha vontade



Autocolante de 1989 do *Moviment en Defensa de la Terra* (MDT), organización política nacida en 1984 e autodisolta en 2014, pasando a súa militancia a se integrar en *Poble Lliure*

allea á do pobo catalán, mais debe emanar do mesmo, é dicir, do mandato popular do 1 de outubro.

Así, pois, como nas dúas rupturas anteriores, o pulo do movemento popular será decisivo para clarificar o actual momento político, caracterizado por unha certa desorientación estratéxica e por unha diversidade de puntos de vista sobre os pasos a seguir; circunstancias propias dos momentos de cambio, nos cales se atopan en disputa as forzas vivas que procuran, antagonicamente, producir avances ou retrocesos na loita de liberación nacional.

Vimos que, a pesar do relato que impón a ideoloxía hexemónica españolista, o proceso catalán de liberación nacional é froito do desenvolvemento histórico da contradición entre a formación real da nación catalá e as distintas formas de opresión dos estados ocupantes. Así mesmo, non é unha loita desligada dos intereses populares, todo o contrario: son as clases populares máis conscientes as que compoñen e fan progresar a loita de liberación nacional, provocando as distintas *rupturas*

«O dereito á autodeterminación do pobo catalán é inalienábel e, por tanto, non se pode subordinar a unha vontade allea do mesmo, polo que o seu exercicio é a vía para a construción dun verdadeiro marco democrático»

estratéxicas que, á súa vez, levarán importantes alteracións na dinámica de clases, reflectidas na descomposición orgánica do espazo político burgués. A partición e posterior desaparición de ciu –partido que representara historicamente os intereses da burguesía en Catalunya– debe relacionarse coa desintegración da unidade orgánica das distintas capas da burguesía, en relación á súa posición no seo do conflito nacional. O achegamento de amplos sectores da pequena e mediana burguesía (algo que pode reflectirse tamén nas posicións tomadas polas organizacións empresariais CECOT e PIMEC, nas distintas fases do proceso político) cara ás formulacións democráticas do movemento popular (en ocasións non desdeñábel até as formulacións independentistas), provocou unha clara ruptura cos sectores da alta burguesía (como tamén se reflicte na patronal *Foment del Treball-CEOE*). A oposición dos oligarcas cataláns ao proceso independentista, como sucursal rexional da burguesía española dominante, foi aberta e clara, non só nas declaracións dos seus máximos expoñentes senón tamén na súa acción reaccionaria no marco dos medios de comunicación e nas deslocalizacións de sedes sociais e ameazas constantes de fuga de capitais. Iso contrasta coa progresiva e cada vez máis masiva organización de amplos sectores populares ao redor do movemento popular pola independencia (agora movemento republicano), cuxo programa xeral supuxo un progreso evidente nas reivindicacións sociais asociadas á conquista da República Catalá. A raíz do proceso independentista, pois, podemos afirmar que a sociedade catalá deu un importante xiro cara a posicións radicalmente democráticas e de amplo contido social. Á súa vez, as formas de



© Roser Viallonga

Multitudinaria manifestación para a liberación das e dos presos políticos o 11 de novembro de 2017 en Barcelona

loita evolucionaron correlativamente ás contradicións de clase e á resposta á represión das forzas de ocupación españolas, como se constata na aparición dos CDR –expresión da auto-organización colectiva do 1 de outubro–, así como no impulso de actos masivos de desobediencia civil (como os cortes de estrada nas fronteiras ou o levantamento das barreiras de peaxe) e nas dúas folgas xerais²³, apoiadas polas organizacións de masas (entre elas, algúns sindicatos combativos en expansión) e polo conxunto do abanico político republicano. Deste xeito, a conxunción desta masa crítica de poboación organizada e mobilizada continuamente, xunto coa configuración dunha fronte ao exterior (formado e impulsado polas persoas exiliadas) e coa construción de contra-poderes republicanos (como o *Consell de la República* e a *Assemblea de Representants de la República*), supoñen a agudización das contradicións e poden conducir a un novo

23 Tamén cualificadas de «Aturades de país» [Paróns nacionais] polo seu carácter especial ao recibir o apoio do *Govern de la Generalitat* e dun importante sector do pequeno empresariado catalán.

avance na loita de liberación nacional, na medida que o pobo organizado sexa capaz de manter o seu papel protagónico e fortalecer as estruturas de organización colectivas, de acordo coas esixencias estratéxicas da nova fase histórica. ●

Bibliografía xeral

- BOTRAN, A.; CASTELLANOS, C.; SALES, L. (2014): *Introducció a la història dels Països Catalans*. Barcelona: Edicions del 1979.
- CASTELLANOS, C.; CASTELLANOS, R. (2015): «Anàlisi dels moviments d'alliberament nacional» en *El Fenomen Nacional* (pp. 43-53). Barcelona: Edicions del 1979.
- FUSTER, J. (1962): *Qüestió de noms*. Barcelona: Aportació Catalana.
- LENIN, V.I. ([1914] 2017): *Eldret a l'autodeterminació de les nacions*. Barcelona: Tres i Quatre.
- SASTRE, C.; BENÍTEZ, C.; MUSTÉ, P.; ROCAMORA, J. (2012): *Terra Lliure: punt de partida. 1979-1995. Una biografia autoritzada*. Barcelona: Edicions de 1979.



ALBERT BOTRÁN PAHISSA

Historiador. Deputado da Candidatura d'Unitat Popular (CUP) entre 2015 e 2017

► Concentración de apoio a Carme Forcadell diante do TSJC o 16 de decembro de 2017

1-O: punto de non retorno

Resumo

O camiño que levou ao referendo do 1 de outubro de 2017 non foi un camiño fácil de percorrer para os actores políticos e sociais do independentismo catalán. Supuxo un grande desafío chegar a celebralo cando a prioridade do Estado español era impedilo. Pódense identificar algunhas chaves do éxito daquela xornada. A pesar de non chegar a consolidar a proclamación da República Catalá, as aprendizaxes daquelas xornadas significaron un salto cualitativo para a loita do pobo catalán e, por extensión, para todas as loitas que reivindicano o poder constituínte dos pobos contra o poder constituído dos Estados.

Palabras chave: referendo, independencia, Catalunya, mobilización, organización, desobediencia, República.

Abstract

The road leading to the referendum on 1 October 2017 was anything but unencumbered for the Catalan political and social players who trod it. It was held in blatant defiance of the Spanish State which sought to prevent it by whatever means necessary. Several key elements can be seen to underpin the success of the referendum. Despite finally not managing to effectively proclaim the Catalan Republic, the lessons drawn from that experience constituted a qualitative leap for the struggle of the Catalan people and, by extension, for all of those fighting for the constituent power of their peoples in the face of the constituent power of their respective states.

Keywords: referendum, independence, Catalonia, mobilisation, organisation, disobedience, Republic.



© Dani Morell

O 1 de Outubro será xa para sempre unha data fundacional da República Catalá. Virán novas datas porque falta aínda camiño por percorrer. Mais aquel día marcou un antes e un despois: para o independentismo, porque deu un salto cualitativo en capacidade política; para a sociedade catalá, que sacou unha serie de conclusións sobre a natureza do Estado español; para a visión internacional sobre Catalunya, xa que situou de forma clara as proporcións e as características do noso conflito político; e para o conxunto de movementos de liberación social e nacional da nosa contorna xeopolítica, dado que a loita polo referendo repercute en todas as loitas que reivindicán o poder constituínte dos pobos contra o poder constituído dos Estados.

Neste artigo tratarei de explicar cales foron as catro claves do éxito do 1 de outubro, xunto cos límites que debemos superar para gañar a República Catalá.

Primeira: O músculo popular

A situación política que pon Catalunya ás portas dunha ruptura democrática non se xerou tan só pola forza popular do independentismo. A crise

económica, a crise da democracia representativa e o esgotamento do sistema autonómico crearon as condicións para que emerxese un movemento independentista de masas¹. A situación de crise revolucionaria é o que Lenin quixo entender para explicar en que condicións se dan os momentos de ruptura política na historia dos pobos. E unha das súas citas é moi clara respecto diso:

Para a revolución não basta que as massas exploradas e oprimidas tenham consciência da impossibilidade de continuar vivendo como vivem e exijam transformações; para a revolução é necessário que os exploradores não possam continuar vivendo e governando como vivem e governam. Só quando os

¹ A CUP explicou o proceso independentista como unha resposta ao que denominamos a tripla crise: económica, democrática e nacional. Estas causas profundas da situación política son partilladas por diferentes analistas alén da CUP. Por exemplo, nun texto recente e moi recomendábel de Miguel Salas apunta a estas razóns estruturais en «El pantano de Coscubiela. Sobre el libro *Empantanados y la izquierda ante la rebelión catalana*» (*Sin Permiso*, 2018, en liña: www.sinpermiso.info/textos/el-pantano-de-coscubiela).



© Diana Arbós

Campaña social a favor do referendo do 1-O

«de baixo» não querem e os «de cima» não podem continuar vivendo à moda antiga é que a revolução pode triunfar.²

En Catalunya xa había algún tempo que as «capas altas», é dicir, a burguesía e os partidos que xestionaran o poder autonómico e municipal desde a Transición, vían a necesidade de mudanzas no sistema autonómico. E isto deu lugar ao proceso de reforma do *Estatut* que culminou no referendo do 18 de xuño de 2006³. Aprobouse un *Estatut* de forma resignada, posto que o PSOE xa recortara o texto aprobado no Parlament de Catalunya («se lo cepillaron», en palabras de Alfonso Guerra).

O descontento polas renuncias de entrada, e polo recorte do *Estatut* foi xerando un novo movemento independentista. Este plasmouse, en primeiro lugar,

na *Plataforma pel Dret a Decidir*, que organizou a manifestación do 18 de febreiro de 2006, a primeira desde a Transición que, a pesar de non contar coa bendición dos dous principais partidos (PSC e CiU), tivo grandes proporcións. E en segundo lugar, no movemento das consultas municipais sobre a independencia, que comezou en Arenys de Munt o 13 de setembro de 2009. A militancia independentista de base e o tecido asociativo foi quen de asumir a responsabilidade do funcionamento nas consultas: campaña de participación, loxística, voluntarios, e mesmo servizo de orde, que, no caso de Arenys, foi particularmente necesario, dado que o fascismo convocou unha concentración para tratar de as boicotear. As consultas realizáronse en 512 municipios entre 2009 e 2011. Supuxeron a creación de moitos colectivos locais e, con iso, a consolidación deste novo movemento independentista, que se plasmaría en marzo do 2012 co nacemento da *Assemblea Nacional Catalana* (ANC), que, a partir daquel ano, convocaría manifestacións masivas cada 11 de setembro.

Paralelamente, o PP recorreu o *Estatut* ao Tribunal Constitucional, e este recortouno aínda máis.

² Lenin, 1920, *Esquerdismo: Doença Infantil do Comunismo*, capítulo IX. En liña: www.marxists.org/portugues/lenin/1920/esquerdismo/index.htm.

³ É útil lembrar os resultados daquel referendo: A favor, 1 899 897 votos (73,9%); en contra, 533 742 votos (20,76%); en branco, 137 207 votos (5,34%). Participación: 48,85%.

Galega afincada en Catalunya votando ataviada cunha bandeira galega



© Diana Arbós

Òmnium Cultural convocou unha grande manifestación que xa había tempo que preparaba. A masiva marcha do 10 de xullo de 2010 tiña por lema «Som una nació, nosaltres decidim» e, a pesar de non ser unha manifestación independentista (pois tamén acudiron cc.oo., UXT, ciu, PSC e ICV), a simboloxía e as consignas da maioría si que o foron. Consolidábase o músculo popular xerado polas consultas e pola Plataforma pel Dret de Decidir (PDD).

Nos anos seguintes, a existencia deste tecido mobilizado foi a chave en todos os pasos cara adiante do proceso independentista. A poucas semanas da consulta sobre o futuro político de Catalunya, convocada para o 9 de novembro de 2014 (9-N), o presidente Artur Mas decidiu cambiar de plans ante as dificultades e ameazas que lle impuña o Estado, ao substituír a consulta por un «proceso de participación». O que podería ser un fracaso integral converteuse nunha enorme mobilización que serviu para avanzar, e isto foi pola forza do movemento. En poucas horas, conseguíronse os 40 000 voluntarios necesarios para cubrir as mesas electorais, a presión popular levou a Generalitat e os concellos

«As manifestacións e as posicións das principais organizacións que articularon esta forza (Òmnium e a ANC) foron garantes dos compromisos dos sucesivos Govers da Generalitat»

a aumentaren os puntos de votación inicialmente previstos, e unha enorme campaña política («Ara és l’Hora», impulsada conxuntamente por *Òmnium* e a ANC) supliu a falta de implicación institucional, entre outras razóns grazas ás numerosas doazóns populares que alcanzaron os 4 millóns de euros ás portas do 9-N. Finalmente, aquel día votaron 2 305 290 persoas, 80,76% das cales a favor da independencia.

Para entender o éxito do 1-O, é preciso ver a persistencia deste músculo popular. As manifestacións e as posicións das principais organizacións que articularon esta forza (*Òmnium* e a ANC) foron garantes dos compromisos dos sucesivos *Govers* da Generalitat. Esta mesma forza popular é a que, articulada en rede, permitiu a custodia e distribución das urnas do referendo, burlando as forzas policiais españolas⁴, o que deu lugar a que empresas de impresión e copistaría se organizasen en *Impressors per la Democràcia* para desbordaren a prohibición das papeletas. Finalmente, unha forza que deu nacemento aos Comitès de Defensa do Referendo, dos cales falaremos máis adiante.

Segunda: O poder institucional

Tanto nas consultas populares a nivel municipal, como no 9-N, foi importante contar co apoio institucional. No primeiro caso, a maioría de concellos e, no segundo, estes e a Generalitat.

4 Vicens, Laia e Tedó, Xavi, 2017, *Operació urnes*. Barcelona, Columna. Este foi o libro máis vendido no Sant Jordi de 2018 na categoría de non-ficción e conta o operativo clandestino de compra e distribución das urnas, cos necesarios pseudónimos e a omisión dalgúns detalles concretos para evitar problemas aos protagonistas.



Manifestante portando unha papeleta xigante do referendo do 1-O nunha manifestación a favor do dereito a decidir

O poder institucional proporciona recursos (económicos, lóxicos) e achega unha autoridade política que facilita a lexitimidade na convocatoria do referendo. Para a realización do 1-O foi preciso a aprobación das correspondentes leis no Parlament, e foi posíbel pola maioría absoluta (72/135) de deputados independentistas, os 62 de *Junts pel Sí* e os 10 da CUP. O *Govern* de *Junts pel Sí* tamén foi necesario nos preparativos e a convocatoria do referendo.

Fica claro que esta presenza nas institucións foi unha condición necesaria, aínda que parte dunha

«Optar pola República como forma concreta de independencia expuxo máis claramente cales son as liñas de combate: República contra Monarquía, Proceso Constituínte contra Réxime do 78, democracia contra autoritarismo»

contradicción fundamental, dado que son institucións sometidas ao ordenamento xurídico vixente. *Junts pel Sí* sorteou esta contradición ao apelar a unha transición ordenada que iría «da lei á lei». Pola contra, a CUP defendeu que a única forma de superar esta contradición era a desobediencia, entendida como unha acción que pode ser asumida non só por individuos ou colectivos da sociedade civil, mais tamén por cargos electos e traballadores públicos:

Unha autoridade ou un funcionario poden levar a cabo, de maneira deliberada e no exercicio das súas competencias, unha acción contraria a dereito coa intención de visualizar unha determinada inxustiza. E que iso tamén será desobediencia civil, da cal resultará, no entanto, un dobre choque: entre dúas institucións (e non entre cidadán-institución) e un choque producido como un curtocircuíto dentro do sistema político representativo, debido a que as institucións *per se* non están chamadas a desobedecer (...).⁵

Por esta razón, varios cargos electos e traballadores públicos sufriron represión e hoxe a maioría soberanista na Mesa do Parlament está procesada e a súa Presidenta encarcerada e todos os membros do *Govern* están procesados, algúns dos cales se atopan en prisión preventiva e outros no exilio.

A represión tamén caeu sobre as institucións. Comezouse pola intervención económica: á intervención que xa supón a dependencia do Fondo de Liquidez Autonómico (FLA) sobrepúxose a

5 Serra, Gabriela; Salellas, Benet, 2017, «La desobediencia imprescindible», en *Hacia el referéndum* (p. 56). Disponível en: drive.google.com/file/d/oByVKvOtBfj_wcERkNEdRRnRubEtOLS1aUE-JyMldiaElzYWpZ/view.



Militantes do BNG na Praza Catalunya agardando polos resultados do referendo. Entre elas, Ana Miranda, Montse Prado, Eva Vilaverde e Rubén Cela representarían ao BNG en calidade de observadores internacionais

vixilancia a través de informes (21 de xullo) e o bloqueo das contas da Generalitat (20 de setembro). Finalmente, o 28 de outubro aplicouse o artigo 155 da Constitución española, cesando o Goberno catalán e intervindo directamente algúns dos ámbitos da autonomía.

Esta represión situou o poder institucional do independentismo nun ámbito de actuación máis limitado, como se demostrou nos procesos de investidura e de formación do *Govern*, nos cales non se terminou producindo ningunha desobediencia. Isto leva a pensar en alternativas que probablemente pasarán por dar máis protagonismo ao municipalismo e por crear institucións paralelas.

Outra consecuencia da contradición do poder institucional foron os problemas internos nos partidos e no *Govern*⁶. As dúbidas, a medida que se achegaba a data e se albiscaba as consecuencias represivas, xeraron tensións que terminaron no

6 Algúns libros recentes repasan estas tensións, como por exemplo Pujol Mas, Andreu (2018): *Vam fer un referèndum. 1-O: el que sabem i el que no sabem*. Barcelona: Saldonar. Este libro recolle a perspectiva de ERC do ocorrido no interior do *Govern*.

cesamento dalgúns Consellers a mediados de xullo. As mudanzas a tan poucos meses do referendo demostraban que non todo o poder institucional estaba enfocado á ruptura e a autodeterminación. O traballo non feito até ese momento, así como as desconfianzas xeradas entre os distintos partidos, foron unha carga que impediu unha mellor preparación non tanto do 1-O como, especialmente, dos escenarios do día despois.

Terceira: A pregunta

Un aspecto secundario, mais igualmente importante, foi o relato con que o independentismo soubo explicar o significado do 1-O. En primeiro lugar, situar o conflito no terreo democrático: dar a palabra ao pobo. E, en segundo lugar, optar pola República como forma concreta de independencia expuxo máis claramente cales son as liñas de combate: República contra Monarquía, Proceso Constituinte contra Réxime do 78, democracia contra autoritarismo. A pregunta do referendo reflectía esta disxuntiva: «Quere que Catalunya sexa un estado independente en forma de república?».



© Roser Viallonga

Papeletas nun colexio electoral de Sant Vicenç dels Horts

Cuarta: O salto cualitativo na mobilización

Nos meses e semanas antes do referendo, a incerteza foi a tónica na política catalá. Non se sabía como reaccionaría o Estado ante a convocatoria⁷. Tornouse evidente que a Generalitat debería soste un referendo de forma unilateral e que implicaría a desobediencia. E non había un plan B: Puigdemont xa deixara clara a súa vontade un ano antes: «ou referendo ou referendo».

As necesidades para o referendo implicaban firmeza institucional e organización popular para garantir a súa celebración (pór as urnas), acompañadas do clima social que xerara participación (enchelas). No primeiro caso, comezouse a falar da necesidade de novos espazos de autoorganización, embrión dos Comités de Defensa do Referendo.

⁷ Até o momento en que chegaron os efectivos policiais de reforzo, el 20 de setembro, a opinión máis estendida era que a represión sería de tipo administrativo. Véxase, por exemplo, a crónica deste debate: www.lavanguardia.com/politica/20170425/422047054473/debate-proceso-catalan-no-hay-suficiente-policia-impedir-referendum.html.

O segundo reto implicaba combater unha das posibles estratexias do Estado (a deslexitimación a través dunha baixa concorrencia ás urnas) e, no caso da *CUP*, fíxose a través dunha intensa campaña durante o verán.

Mais, a medida que se achegaba o 1-O, viuse que a opción do Estado podía ser a represión directa. O 20 de setembro marcou un antes e un despois a respecto diso. Aquel día, a Garda Civil rexistrou durante horas distintas sedes do *Govern*, detivo altos cargos e, paralelamente, a Policía española tentou rexistrar (sen orde xudicial) a sede da *CUP*, un feito que foi impedido por un grande muro humano durante horas, até que a policía marchou, deixando a sensación de vitoria popular.

Esta resposta popular aos rexistros policiais foi un salto cualitativo na mobilización. O Estado tamén é consciente deste salto, e por iso mantén encarcerados Jordi Cuixart e Jordi Sánchez en relación ás protestas daquel día. Viñan precedida das concentracións que se deron nos rexistros á imprenta *Indugraf Offset* (Constantí) e o xornal *El Vallenc* (Valls), ambas o 9 de setembro, e



Agardando polo resultado do referendo do 1-O na Plaça Catalunya

especialmente da concentración ante a empresa de mensaxaría *Unipost* (Terrassa) o día 19 de setembro, que foi a primeira ocasión na cal a policía (nese caso, os *Mossos d'Esquadra*) tivo que intervir ao despexar a xente sentada que impedía a saída do operativo policial.

Nos días inmediatamente previos ao domingo 1, produciuse un certo debate de consignas mobilizadoras. Entre os que querían seguir a tónica predominante até o 20-S, por exemplo, a dirección da ANC daquel momento: a consigna en caso

«A crise económica, a crise da democracia representativa e o esgotamento do sistema autonómico crearon as condicións para que emerxese un movemento independentista de masas»

de boicot policial do referendo sería concentrarse nos colexios e formar longas colas para obter unha potente imaxe de denuncia. Mais o cambio xa se estaba a dar no seo do pobo mobilizado, e algúns sectores sociais pedían máis. Estaban dispostos a asumir a defensa dos colexios electorais xa desde o mesmo venres para impedir que a policía os precintase. Neste sentido organizouse a plataforma *Escoles Obertes*, promovida principalmente por *Omnium*. E tamén estaba disposto á resistencia non violenta, e este foi un dos motivos que provocou o xurdimento de numerosos Comités de Defensa do Referendo e o fortalecemento dos xa existentes.

Un salto cualitativo

Coa mobilización e os resultados do 1-O, demostrábase un éxito manter o pulso ao Estado, a pesar de todas as ameazas. Despois faltou forza e preparación para converter aquel éxito na proclamación e consolidación da República Catalá. Mais non hai dúbida que as aprendizaxes do noso pobo nesas xornadas son a chave do éxito futuro. ●



► Remate da Diada de 2017
na Plaça Catalunya

MARTA PASCAL CAPDEVILA

Coordinadora Xeral do Partit Demòcrata (PDeCAT)

Leccións do Proceso, o futuro que agarda Catalunya

Resumo

Neste artigo abórdanse diferentes aspectos do pasado, o presente e o futuro do proceso soberanista catalán. Entre eles, o feito de que este proceso fose un exemplo de que as dinámicas que realmente poden provocar mudanzas profundas en Catalunya deben ser froito dunha colaboración estreita e constante por parte de partidos políticos e as entidades sociais. En Catalunya, os partidos non pretenderon apoderarse no seu propio beneficio da labor realizada por parte das entidades sociais, ao tempo que as entidades mantiveron unha actitude moi responsábel, ao respectar os ritmos, condicións e dificultades que implican as relacións entre partidos. Así mesmo, as entidades sociais demostrarían unha grande capacidade organizativa e de mobilización e serían bisagra en momentos nos que o desacordo político ameazaba con paralizar ou bloquear o proceso.

Palabras chave: Procés, Catalunya, diálogo, soberanismo.

Abstract

This article deals with different aspects of the past, the present and the future of the Catalan sovereignty process. Among them, the fact that this process has been an example that the dynamics that can really provoke profound changes in Catalonia should be the result of a close and constant collaboration on the part of the political parties and social entities. In Catalonia, political parties have not sought to seize in their own benefit the work carried out by social entities, at the same time that these entities maintained a responsive attitude, respecting the rhythms, conditions and difficulties that imply relations between parties. In the same way, the social entities would demonstrate a great capacity for organization and mobilization and would be like a “hinge” at a time when political disagreement threatened to paralyze or block the process.

Keywords: Procés, Catalunya, dialogue, sovereignty.



© Assemblée Nacional Catalana

O proceso político que está a vivir Catalunya desde o ano 2010 é, xunto coa saída do Reino Unido da Unión Europea, un dos acontecementos políticos máis importantes da política europea na actualidade. A situación política en Catalunya foi motivo de debate e análise en múltiples ámbitos políticos, académicos e sociais a nivel internacional. De feito, ningún problema político do Estado español ocupou tantas páxinas na prensa internacional, nin xerou un tal número de conferencias e discusións en universidades e institucións internacionais. Non é a miña intención realizar unha análise exhaustiva das consecuencias políticas, económicas e sociais do *Procés*, mais si destacar algúns aspectos que considero necesarios para contextualizar a situación política actual e a que puiden desenvolverse no futuro.

O primeiro gran exemplo que deu o *Procés* foi a perfecta conxunción entre sociedade e institucións. O proceso tivo o seu inicio nunha dinámica popular de referendos locais que se iniciaron en Arenys de Munt en 2009 e que, posteriormente, grazas á implicación de entidades sociais, foi en constante fortalecemento. Os partidos políticos que albergan

esa virtude dual de seren entidades implicadas na sociedade e, á súa vez, a base da actividade política nas nosas institucións, acompañaron, enriqueceron e promoveron esa dinámica social. Diversos estudos sociolóxicos indican, tamén aquí en Catalunya, a mala percepción dos partidos políticos entre a cidadanía. Creo que o proceso foi un exemplo de que as dinámicas que realmente poden provocar mudanzas profundas deben ser froito dunha colaboración estreita e constante por parte de partidos políticos e entidades sociais. Foi un feito moi

«As dinámicas que realmente poden provocar mudanzas profundas deben ser froito dunha colaboración estreita e constante por parte de partidos políticos e entidades sociais»

Numerosas personalidades fixeron campaña a prol o referendo do 1-O. Na foto Pep Guardiola portando unha urna nun acto a favor do dereito a decidir



destacado que a clase política, consciente da importancia do momento histórico e consciente tamén da responsabilidade de non defraudar os esforzos sociais que se estaban a levar a cabo, non pretendeu apoderarse no seu propio beneficio do labor realizado por parte das entidades sociais. Pola súa parte, as entidades tamén mantiveron unha actitude moi responsábel, ao respeitar os ritmos, condicións e dificultades que implican as relacións entre partidos. Do mesmo xeito, tamén souberon manter unha neutralidade cara aos partidos sen a cal todo puidese dinamitarse.

Na mesma liña de reflexión, as entidades non só demostraron unha grande capacidade organizativa ao mobilizaren máis de 40 000 voluntarios durante o proceso, mais tamén fixeron de bisagra necesaria en momentos nos cales o desacordo político ameazaba con paralizar ou bloquear o proceso. Sen o labor da *Assemblea Nacional Catalana* (ANC), *Òmnium*, a *Plataforma pel Dret a Decidir*, a *Plataforma Deu Mil a Brussel-les*, o *Consell Assessor per a la Transició Nacional* e o *Pacte Nacional pel Referendum*, sería imposible que o proceso catalán chegase ao momento ao cal chegou. É necesario destacar tamén a actitude responsábel dos partidos políticos. Que partidos tan dispares como o que eu coordino e a CUP (co que non comparto nin a visión de sociedade, nin os obxectivos que pretendo conseguir para ela, nin a metodoloxía para conseguilos), pasando por ERC, fósemos capaces de elaborar unha estratexia política di moito da vontade de superar diferenzas para traballarmos por un ben común. Evidentemente, non oculto que discrepamos en moitos aspectos da estratexia que debemos seguir, mais nunca até o punto de diverxer.

Á hora de falar de partidos políticos, non podo deixar de destacar o compromiso que demostraron cargos electos do Partit Demòcrata, Esquerra Republicana de Catalunya e a CUP. Joaquim Forn, Jordi Turull, Josep Rull, Oriol Junqueras, Dolors Bassa, Raül Romeva e Carme Forcadell están privados inxustamente de liberdade e seguen encarcerados. Na mesma inxusta situación atópanse tamén Jordi Sánchez e Jordi Cuixart. No exilio, lonxe dos seus fogares en Catalunya, están o President Puigdemont, Antoni Comin, Lluís Puig, Meritxell Serret, Clara Ponsatí, Ana Gabriel e Marta Rovira. Sen esquecer os que puideron eludir a prisión tras depositaren fianzas desproporcionadas. Todos eles demostraron un compromiso inequívoco por facer respectar a vontade do pobo catalán, asumindo, todos eles, as durísimas consecuencias, a todos os niveis, que lles comportaron as súas decisións políticas.

Moitos deles son compañeiros de partido. En prisión ou no exilio debido a unha visión politicamente interesada que quere convencer o mundo, con pouco éxito, de que o proceso soberanista catalán é violento. A realidade é que desde 2009

«A involución democrática é un feito sobre o cal esperabamos reaccións máis vigorosas de sectores políticos e mediáticos»

Representantes de todas as forzas políticas e sociais demandando Democracia ás portas do xulgado o 12 de maio 2017



© Assemblée Nacional Catalana

se realizaron 511 consultas en diferentes municipios, seis grandes mobilizacións sociais que convocaron, segundo fontes da Garda Urbana de Barcelona, unha cantidade de persoas que oscila entre as 875 000 e 1 800 000, unha consulta o 9-N que mobilizou 40 000 voluntarios e 2 100 000 participantes e, finalmente, un referendo o día 1 de outubro, que mobilizou máis de 47 000 voluntarios e 2 500 000 de votantes. En todos estes actos, non se produciu nin un só caso de violencia, nin o máis mínimo altercado social ou de orde pública. O aparello político e xudicial español pretende explicar ao mundo que o *Govern* da Generalitat practicou e alentou a violencia, que os soberanistas se organizaron para coaccionar aqueles que non o son, chegando á hilarante afirmación de que manifestantes concentrados nas rúas exerceron coerción sobre as forzas de seguridade do Estado. Mais, afortunadamente, a verdade non pode esconderse como no pasado baixo «versións oficiais», e xuíces belgas e alemáns, ou entidades como *Human Rights Watch*¹ demostran coas súas sentenzas e informes que as afirmacións do Estado son falsas.

De feito, esta diferenza de valoración entre o Estado e axentes internacionais non deixa de ser máis que unha indiscutíbel constatación da diferenza en valores democráticos entre España e os países democraticamente máis desenvolvidos. A constatación do informe realizado por *The Economist Intelligence Unit* en que destacaba unha deterioración da calidade democrática en España en comparación

a 2016² é consecuencia dunha realidade da cal somos vítimas directas os soberanistas cataláns, mais tamén debería preocupar o conxunto da cidadanía do Estado. A involución democrática é un feito sobre o cal esperabamos reaccións máis vigorosas de sectores políticos e mediáticos. Unha involución constatábel na interpretación dos fundamentos democráticos en España e en acontecementos que exemplifican esta lamentábel involución.

A pretensión de que a legalidade, e só esta, poida ser a base dunha democracia perverte, ao meu entender, o espírito democrático. Non pretendo facer un debate politolóxico entre legalidade e lexitimidade, mais é indubidábel que o marco xurídico e político se debe adaptar á complexidade da sociedade que pretende organizar. A inmutabilidade dos marcos legais, cando estes deixan por resolver aspectos claves para a convivencia en común, son a orixe dun conflito político de difícil solución. O Estado español baseou a súa configuración, nun momento específico da historia marcado por unhas demandas sociais determinadas naquela fase histórica, nun pacto constitucional que foi exemplo para as transicións democráticas desde as ditaduras. Mais se as demandas da sociedade evolucionan e as circunstancias históricas do momento cambian, é obtuso considerar que non se precisa dunha revisión, debate e actualización do marco xurídico e político.

Que debemos facer ante a evidencia de que unha maioría da sociedade catalá non se sente cómoda no marco xurídico e político no cal está integrada? Unha democracia debería facer fronte a ese

¹ «Spain: Police Used Excessive Force in Catalonia» (2017), *Human Rights Watch*. Dispoñíbel en: www.hrw.org/news/2017/10/12/spain-police-used-excessive-force-catalonia.

² «Democracy Index» (2018), *The Economist Intelligence Unit*. Dispoñíbel en: www.eiu.com/topic/democracy-index.



© Galdrid Peñarroja



© Galdrid Peñarroja



© Txema Gerardo



© Galdrid Peñarroja



© Galdrid Peñarroja



© Galdrid Peñarroja

◀ Imaxes do *Concert per la Llibertat* celebrado no Camp Nou o o 29 de xuño de 2013

«A inmutabilidade dos marcos legais, cando estes deixan por resolver aspectos claves para a convivencia en común, son a orixe dun conflito político de difícil solución»

problema, analízalo, buscar as causas, e abrir unha fase de diálogo para poder atopar unha solución en que a maioría da sociedade se vexa representada. A opción do Estado español foi ignorar o problema, culpabilizar e castigar aqueles que o expoñen, e eludir calquera fórmula de posíbel solución. En España, vulnerouse a separación de poderes para poder influenciar a xustiza; amparáronse, ou premiando mediante medallas ao mérito, actitudes violentas contra persoas soberanistas; cóartase a liberdade de expresión e a creación artística; encárcerase persoas polas súas opinións políticas disfrazando as decisións en supostos actos delituosos que xuíces internacionais desmenten cando son requiridos pola propia xudicatura española; existen persoas que son procesadas xudicialmente polo feito de quererem aplicar un programa electoral que gaña unhas eleccións; persoas sen sentenza firme son privadas da súa liberdade e dos seus dereitos políticos máis básicos; existen persoas en prisión polo feito de liderarem organizacións civís con aspiracións independentistas; destínanse recursos públicos para elaborar informes ficticios co fin de desacreditar candidatos políticos independentistas; vulnerouse a vontade dunha sociedade legalmente expresada nun referendo; e, por encima de calquera outra consideración, se xa non fosen suficientemente graves as expostas até o momento, ignórase e desprézase a vontade dunha sociedade emitida en consecutivos procesos electorais.

Mais por encima de todas, a constatación máis importante do proceso catalán é a enorme distancia emocional que percibimos en Catalunya desde España: non somos nin recoñecidos, nin respectados. A historia de España non se pode entender se

ocultamos ou desprezamos o papel do catalanismo democrático no seu deseño. Ningún historiador minimamente serio podería dubidar do papel que desempeñaron na restauración figuras como as de Valentí Almirall, Prat da Riba e Cambó. Ou tal vez non foi responsábel para España o papel que desempeñou o President Macià en momentos durísimos de supervivencia para a Segunda República, cando renunciou á República catalá a cambio do compromiso do Goberno de Madrid a favor dun Estatuto de Autonomía? Ou en épocas máis recentes, débese obviar o papel que desempeñou Josep Tarradellas ao facilitar o desbloqueio que supuña o problema do autogoberno en Catalunya na fase preconstitucional? Como esquecer o papel que desempeñou o President Jordi Pujol en momentos de golpismo militar para coas institucións democráticas españolas en épocas máis recentes da nosa democracia? É doloroso comprobar posturas do actual Partido Socialista cando debesen ser absolutamente conscientes de que foi CiU, nunha actuación responsábel, quen, ao asumir un máis que previsíbel custo electoral, apoiou o Presidente Zapatero na súa época de recortes e estabilización orzamentaria sen a cal España sería intervida. O catalanismo político, pois, soubo ser parte de España sen deixar de ter aspiracións políticas de autogoberno totalmente lexítimas. A diferenza é que o catalanismo político non se adaptou á evolución das aspiracións da sociedade catalá. O nacionalismo canovista español, en cambio, persiste na súa imposibilidade de adaptabilidade e modernización.

Unha parte da sociedade catalá séntese menosprezada cando constata que o Congreso dos



Constitución da Assemblée Nacional Catalana (ANC) o 10 de marzo de 2012 no Palau Sant Jordi

Deputados «cepillou» e modificou un proxecto de *Estatut* aprobado no parlamento catalán con 120 votos a favor (89% da cámara), ou cando o defensor do pobo español, o socialista Múgica Herzog, e 987 cargos políticos do Partido Popular alzaron un recurso de inconstitucionalidade ante o Tribunal Constitucional en contra do *Estatut* catalán cando, ao mesmo tempo, foi aprobado en Andalucía un Estatuto que recollía literalmente artigos que foran impugnados. Mención destacada merece a campaña de recollida de sinaturas contra o *Estatut* catalán en que se difundiron mensaxes contra os cataláns que pretendían socializar unha visión dunha Catalunya insolidaria e egoísta. Aquela campaña de recollida de sinaturas abriu unha profunda brecha entre ambas realidades. Creo poder afirmar que nunca unha campaña política por parte dun partido terá consecuencias tan nefastas no deseño final dun Estado. O desexo dunha grande parte dos cidadáns cataláns de querer deixar de pertencer ao Estado español atopa a súa explicación en campañas absurdas e populistas como aquela.

Unha das leccións interesantes deste proceso é tamén constatar que o mundo é cada día máis global e que, por tanto, os problemas tamén o son. En pleno século XXI é unha quimera pensar que os problemas políticos son problemas internos dos estados. O problema catalán debateuse desde Estonia a Londres, pasando por Dinamarca, Eslovenia ou Escocia entre outros. As decisións a respecto de Catalunya xa non só corresponden ao Goberno de Madrid, xa que Bruxelas tamén ten moito que dicir ao respecto. Neste sentido, é unha realidade que a opinión sobre o proceso catalán difire en moitos

estados e dentro destes entre a opinión pública e os ámbitos institucionais, mais é unha realidade que a mudanza do mapa da Unión Europea é un tema delicado, sobre o cal moitísimos países teñen, de entrada, unha opinión desfavorábel. Mais, igualmente no seo da Unión, é maioritaria tanto a defensa do diálogo como única forma de solución dos problemas políticos, como a necesaria salvagarda dos valores democráticos que inspiraron o nacemento da propia Unión por parte de Konrad Adenauer, Alcide De Gasperi, Jean Monnet, Robert Schuman e Paul-Henri Spaak.

En referencia ao futuro, a solución do conflito catalán debe pór o seu acento en tres ámbitos interconectados: Unión Europea, Catalunya e España. A Unión Europea debe desempeñar un papel activo na promulgación do diálogo para poder ser activo na melloría e democratización da propia Unión Europea. Estou convencida de que a Comisión Europea desempeñará un papel dinamizador para impulsar un diálogo político que torne efectiva unha solución que se base en dous parámetros: maiorías sociais contrastadas e acordo político. As respostas

«Non cabe máis solución que un referendo acordado, tal e como foi posíbel no Reino Unido, que puider dar á cidadanía a última palabra»



Via Catalana

antidemocráticas, e moi especialmente as represivas, non son compatíbeis nunha paradigma democrático de fortalecemento da Unión.

Será posíbel ese diálogo político? O novo goberno de Pedro Sánchez pode abrir unha nova fase de distensión que facilite establecer vías de diálogo efectivas. Será necesario refacer confianza perdidas nos últimos tempos. Para iso, considero que sería positivo que afirmacións que cualifican o *President* Torra de nazi foren condenadas e corrixiadas polos dirixentes socialistas e tamén, que desde o PSOE, se puiden facer unha autocrítica do apoio que o PSOE ofreceu á estratexia represiva do Estado español. O novo goberno español tampouco pode facer táboa rasa do sucedido, e non pode pretender un diálogo político que obvие o referendo do 1 de Outubro e o resultado que se deu no mesmo. Aquela expresión cidadá e democrática, que foi a constatación dun paso adiante histórico, debe ser o punto de partida para calquera negociación. Catalunya non vai renunciar, e non se lle pode pedir que o faga, ao conseguido até o momento. E o que conseguiu é moito: expresarse democraticamente

sobre cal quere que sexa o seu futuro nun marco de normalidade social. As visións fatalistas que destacan unha suposta fractura social na nosa sociedade. Fomos quen de falarmos, debatermos, confrontarmos, votarmos e decidirmos sen alterar o máis mínimo unha convivencia exemplar, que só se viu alterada por sucesos moi puntuais. Nós defendemos a República como mellor opción para o futuro de Catalunya, mais entendemos que existen outras opcións igualmente lexítimas na nosa sociedade, e tamén que unha parte da cidadanía de Catalunya puiden ver de bo grado un novo acordo de autogoberno no seo da reforma constitucional. Por tanto, non cabe máis solución que un referendo acordado, tal e como foi posíbel no Reino Unido, que puiden dar á cidadanía a última palabra. Un referendo onde a cidadanía de Catalunya decidir o futuro de Catalunya, sen debates sobre a necesidade de a totalidade do Estado deber pronunciarse ao respecto. A ese respecto, é necesario lembrar que non se suscitou ningún debate no Estado sobre o feito de que unicamente os cidadáns británicos decidisen sobre o futuro do Reino Unido na Unión Europea, a pesar de que a súa decisión nos implicou directamente a todos. Debemos aplicar o mesmo principio democrático para entender que o futuro de Catalunya depende dos cidadáns que neles reside.

As decisións que tomarmos no futuro marcarán o destino de moitas xeracións en Catalunya e en España. A nós tócanos, por tanto, ser dignos desa responsabilidade e atopar fórmulas que poidan solucionar un problema que lastra a normal convivencia entre ambos os pobos. Estexamos, pois, todos á altura. ●



ORIOI JUNQUERAS VIES

Presidente de Esquerra Republicana de Catalunya (ERC). Preso político

Permitidme, des de la càrcel de Estremera, dedicar un abraço febreiro a los lectores de este libro. Profundamente convencido que nuestra defensa de las libertades fundamentales, de los derechos civiles y políticos, de la dignidad humana, de la justicia social y de la diversidad cultural son valores universales en la que la mayoría de las personas nos sentimos reconocidos y nos comprometemos a trabajar por ellos.

Carta manuscrita de Oriol Junqueras dirigida ás lectoras e lectores de *Terra e Tempo*, remitida desde a prisión de Estremera o pasado mes de abril





MARTA VILALTA TORRES

Portavoz Nacional de Esquerra Republicana

- Imaxe da manifestación do 17 de outubro de 2017 que esixía a liberdade de Jordi Cuixart e Jordi Sànchez co lema «Us volem a casa!»

E agora que?

Resumo

Os últimos tempos mostraron a forza extraordinaria do independentismo e republicanismo en Catalunya. Infelizmente, non foi posíbel materializar a República Catalá, sobre todo por achármonos perante un Estado español autoritario. Nesta fase represiva coa existencia de presos políticos e despois do 21-D e da recuperación das institucións, situámonos nun novo escenario, onde é necesario redefinir a estratexia a seguir. E esta pasa por ampliar a base independentista e fortalecer un movemento que nos permita ter unha maioría incontestábel, a loita antirrepresiva e o traballo no terreo internacional. Todo iso para forzar unha negociación co Estado español e unha mediación internacional, sen obviamente renunciar a ningunha vía democrática e pacífica.

Palabras chave: republicanismo, ERC, represión, maiorías amplas, independentismo.

Abstract

Recent times showed the extraordinary strength of the independence movement and republicanism in Catalonia. Unfortunately, it has not been possible to make the Catalan Republic a reality, especially for being in front of an authoritarian Spanish State. In this repressive stage with the existence of political prisoners and after the 21-D and the recovery of institutions, we are in a new scenario, where it is necessary to redefine the strategy to be followed. And this has to be by means to expand the independence base and strengthen a movement that allows us to have an incontestable majority, the anti-repression struggle and work in the international arena. All this to force a negotiation with the Spanish State and an international mediation, without obviously renouncing any democratic and peaceful way.

Keywords: *republicanism, ERC, repression, broad majorities, independence.*



© Òmnium Cultural

O ano 2017, e en concreto o outubro catalán, mostrou a forza extraordinaria do independentismo e republicanismo en Catalunya. A xornada do 1 de outubro, coa celebración do referendo de autodeterminación, significou o momento fundacional da República Catalá, e é precisamente do 1 de Outubro, da forza dos votos e da democracia, de onde obtemos a lexitimidade para seguirmos a loitar para tornar real a República. Hai un antes e un despois no noso país. O 1-O é a experiencia máis extraordinaria que tivo o pobo catalán na súa historia máis

«A xornada do 1 de Outubro, coa celebración do referendo de autodeterminación, significou o momento fundacional da República Catalá»

recente e o momento de máxima complicidade entre institucións e cidadanía. Ese día, demostramos ao mundo que o poder popular é imparábel e que ao defendermos a democracia para poder decidir República, nos fixemos máis fortes como pobo.

Infelizmente, non foi posíbel materializar a República Catalá, sobre todo por nos acharmos perante un Estado español autoritario que, en vez de escoller o camiño da democracia e a política para resolver un reto político, optou pola represión. Eses últimos meses, descubrimos a verdadeira cara do Estado español, que está disposto a todo, mesmo a cargarse o estado de dereito e a vulnerar os dereitos fundamentais para parar o movemento independentista catalán.

Quizais non puidemos materializar a República que decidimos que queremos ser, mais si chegamos o máis lonxe posíbel neste camiño cara á cima, e a nosa forza, persistencia e coraxe, foron capaces de abrir a greta máis grande e sería no réxime español do 78. Ou, o que é o mesmo, o prezo que pagou o Estado español pola súa resposta represiva é enorme e provocoulle unha perda de reputación



Concentración na Ciutat de la Justicia de Barcelona o 22 de setembro de 2017, unha vez liberadas as seis persoas detidas pola súa presunta colaboración coa organización do 1-O. Entre outras, Josep María Jové e Lluís Salvadó

democrática a nivel internacional e unha deslexitimación moi grande diante unha ampla maioría da cidadanía catalá.

Todo isto levounos a unha situación de grave retroceso dos dereitos civís e das liberdades democráticas. A existencia de presos e presas políticas e de persoas exiliadas demostra, como tamén o evidenciou a ofensiva do Estado español contra as institucións catalás coa aplicación dun inédito e ilegal artigo 155 da Constitución. O 21 de decembro, nas eleccións ao Parlament de Catalunya, o independentismo revalidou a súa maioría parlamentar e isto permitiunos a recuperación das institucións e retomar o camiño cara á República.

E agora, por tanto, situámonos nun novo escenario, onde é preciso redefinir a estratexia a seguir. Non podemos reproducir mecanicamente a folla de ruta anterior sen ter en conta as circunstancias actuais, a correlación de forzas existentes e, en especial, a verdadeira cara do Estado español. Para transformarmos a realidade, que é o que pretendemos desde Esquerra Republicana e desde o movemento independentista, temos que basearnos na propia realidade. Como dicía Albert Einstein, se procuras resultados diferentes, non fagas sempre o mesmo. Para crecer para alén dos límites coñecidos do independentismo e poder tornar realidade a República, pois, expomos que hai que asumir novas estratexias, afastadas de dogmatismos e purezas que paralizan.

E isto é o que fixemos desde Esquerra Republicana co proceso de debate interno en relación á Conferencia Nacional e a elaboración dun relatorio estratéxico, realista, valente e eficaz, que leve ao independentismo a gañar definitivamente e facer

efectiva a República. Un relatorio que ten como punto de partida a análise do outubro catalán, mais, en especial, a certeza que votamos República, decidimos República, sentimos República e agora nos toca construír a República Catalá.

Que dicimos desde Esquerra Republicana? Que, chegados a este punto de non retorno no camiño cara á República, esta será froito da combinación da persistencia, da cohesión do movemento, do traballo para ampliar a base independentista e fortalecer un movemento que nos permita ter unha maioría incontestábel, así como do liderado e a loita antirrepresiva, e do traballo no terreo internacional. Todo iso para forzar unha negociación co Estado español e unha mediación internacional, e sen obviamente renunciar a ningunha vía democrática e pacífica para conseguir o obxectivo máximo, como pode ser e foi a desobediencia civil.

Agora mesmo, estamos convencidos de que, para gañar definitivamente a República, temos que ir sumando apoios ao proxecto da independencia para podermos ser máis e máis fortes. O obxectivo da independencia precisa dunha maioría social e

«Agora mesmo, estamos convencidos de que, para gañar definitivamente a República, temos que ir sumando apoios ao proxecto da independencia»



Imaxe da manifestación «Us volem a casa!», o 15 de abril de 2018

electoral inequívoca e isto conseguiremos a base de acumular forzas e agrandar a base social do soberanismo para conseguir unha maioría social reforzada, irrefratábel e duradeira. Dito doutro xeito, iremos facendo a República mentres facemos republicanos e republicanas. Hai que sumar máis e máis xente, sen preguntar a ninguén que lingua fala na casa ou a que deus reza, ofrecendo unha idea de Catalunya moderna, integradora e xeradora de oportunidades, que ten o seu maior potencial se dispón dos instrumentos dun estado independente.

Este é o modo de sumar: ao crear e potenciar as sinerxías e complicidades con aqueles sectores favorábeis aos principios democráticos e ao exercicio do dereito a decidir, mais que aínda non se comprometeron coa República. O día 1 de outubro ou 3 de outubro, fomos moitísimos. Esta é a maioría a que apelamos, a xente democrática deste país, que ve como a República catalá é xa a única alternativa para garantir os dereitos, as liberdades e a democracia. Diante dun estado que reprime a democracia e encarcera ideas, necesitamos maiorías imbatíbeis como as de outubro.

A estratexia para sumar e ser cada vez máis e máis fortes pasa tamén polo feito de o independentismo se implicar activamente, como xa foi facendo, nos procesos de mudanza social e de renovación democrática. As maiorías amplas constrúense ao aliñar espazos moi diferentes, ao traballar desde das institucións e ao participar activamente desde o tecido social, empresarial, sindical ou académico. É necesario implicar todas as persoas de orixe estranxeira na construción do novo país, porque a República é a súa oportunidade de se converteren en cidadáns de pleno dereito. Os nosos esforzos tamén teñen que ir dedicados a garantir a cohesión social fronte aos que queren fracturar a sociedade, combater a represión como punto de encontro entre moitas sensibilidades, e tamén por potenciar a acción exterior e internacional para que os nosos anhelos e peticións sexan ouvidos e atendidos. Non podemos esquecer que a participación das mulleres no proxecto republicano é imprescindible e que, á súa vez, a República catalá ten que ser feminista para poder dar resposta aos retos que afrontamos como sociedade.



Festa per la Llibertat, organizada por Òmnium Cultural ao remate da Diada de 2017

Esta acumulación de forzas ten que ir encamiñada a conseguir que o Goberno español asuma un marco de diálogo e negociación bilateral que nos permita obter unha resolución democrática ao sentimento maioritario da cidadanía de Catalunya, que é o de poder decidir o noso futuro. É dicir, o de poder exercer o dereito á autodeterminación. Apostamos neste diálogo e a negociación, como fixemos sempre. Mais tristemente sempre se nos negou de forma rotunda desde o Estado. Ora ben, este diálogo que sabemos será difícil, mais polo cal nos empeñaremos, ten que ser sen renuncias nin condicións. Queremos poder falar de todo. E non renunciaremos ao noso dereito á autodeterminación porque é precisamente isto o que nos levou á situación actual.

Non somos inxenuos. Sabemos que este diálogo e negociación custará. Mais seguiremos a levantar a bandeira do dialogo, apelando á política e denunciado a represión e xudicialización con que nos está a responder o Estado. E cando sexa necesario, como xa fixemos o 1-O, hai que expor actos de desobediencia civil pacíficos. A resistencia

non violenta débemos permitir tamén forzar esta negociación.

No marco actual, a estratexia independentista debe ter en conta que o proceso é complexo e que implica a multitude de actores políticos e sociais, tanto a nivel catalán, como español, como europeo. Así como de distintos ámbitos, o político e institucional, o ámbito xudicial, o económico ou o social. Isto é unha oportunidade, sen lugar a dúbida. Nós non renunciaremos a ningunha vía democrática e pacífica para alcanzarmos a República Catalá, en tanto que é un exercicio de soberanía, mais sabemos que, para ter éxito, deberá culminar cunha negociación multilateral de recoñecemento.

Todas estas reflexións para conseguir facer realidade a República complementábase polas accións que como país podemos facer desde as institucións. En concreto, desde a acción do *Govern* da Generalitat, ao desenvolver políticas republicanas para daren resposta aos retos sociais de Catalunya que desbordan os muros autonómicos. Facer República desde o *Govern*. Estamos nunha lexislatura de carácter extraordinario en que, nun primeiro

Policía española levando urnas pola forza en varios colecios electorais durante o referendo do 1 de outubro



momento, que se tería que restituír as institucións catalás despois de 7 meses de control estatal. A nosa vontade é superar a etapa autonomista e, como sempre fixemos desde Esquerra Republicana cando formamos parte das coalicións de goberno en Catalunya, actuar con sentido de estado e con vocación de República. Novo escenario, nova lóxica republicana desde a Generalitat. Isto é con lóxica de realidade constituínte, ao levar a cabo as relacións co Estado de forma bilateral e ao descartar xa a participación nos foros autonómicos de carácter multilateral, sempre que isto non produza un prexuízo directo. O *Govern* catalán permítenos despregar as políticas republicanas como ferramentas de transformación para darmos resposta ás necesidades da xente e do país. Unhas políticas republicanas que nos teñen que permitir construír o país que queremos ser: con dereitos civís, con máis acción exterior, ao apostarmos na innovación, cunha fiscalidade xusta, ao defendermos o traballo digno, ao impulsarmos a economía social, ao garantirmos a igualdade efectiva entre mulleres e homes, ao executarmos a reforma horaria, ao tornarmos real

«Non somos inxenuos. Sabemos que este diálogo e negociación custará»

o dereito republicano á vivenda, á saúde universal, ao defendermos a escola catalá, ou ao mudarmos cara a un modelo enerxético sustentábel, entre moitas outras apostas.

E paralelamente a estas tarefas, temos que facer República desde os diferentes ámbitos e espazos de traballo onde teñamos a posibilidade. Facer República desde os Parlamentos, desde os Concellos e desde a cidadanía. Sen dúbida o *Parlament* catalán, onde reside a soberanía do pobo de Catalunya, é un foco chave neste camiño. É precisamente desde onde agora temos que reforzar a iniciativa política, facer respectar a soberanía, recuperar os contidos das leis sociais suspendidas polo Tribunal Constitucional, propiciar consensos de país e garantir unha alianza entre institucións e sociedade civil.

Tamén o Congreso e o Senado, a nivel do Estado español, son un espazo que, grazas á representación política que temos, debemos aproveitar para facermos camiño. As Cortes teñen que se converter no altofalante de denuncia e reivindicación. O grupo republicano comprometémonos a traballar desde alí polos obxectivos da denuncia represiva do Estado, en prol defensa e liberación dos presos, por evidenciamos os agravios das políticas dun estado caduco, corrupto e centralista que non reconece os dereitos das minorías, e por tecermos complicidades cos colectivos e movementos progresistas do Estado. Sempre insistindo e propiciando o diálogo e unha resolución pacífica e democrática, reivindicando o dereito de autodeterminación.

Será tamén o Parlamento europeo un espazo de altofalante, de denuncia e forza para o movemento independentista e republicano. Un espazo desde onde reivindicar o dereito dos pobos de Europa e

**«O Govern catalán
permítenos despregar
as políticas republicanas
como ferramentas
de transformación
para darmos resposta
ás necesidades da
xente e do país»**

► Imaxes da Diada de 2014

de Catalunya, onde podemos chegar un discurso europeísta moderno, e desde o cal se poidan crear alianzas internacionais potentes. E nesta nova fase, tamén o marco europeo asume máis protagonismo coa presenza de exiliados e exiliadas políticas. Nesta liña, o *Consell de la República*, este organismo independente, ten e terá unhas funcións claras para traballar e desenvolver as políticas que se vexan bloqueadas ou pexadas polo Estado ou o marco actual.

Non hai a menor dúbida tampouco que os concellos do país son unha peza central do crebacabezas que nos permitirá consolidar a República. A ampliación da base social ten un primeiro escenario no mundo municipal, e son os municipios aqueles espazos onde tamén gañar complicidades. O 2019 será un ano chave para o municipalismo. E unha nova vitoria electoral podería converterse en definitivo para consolidar a República. A prioridade do independentismo, e loxicamente de Esquerra Republicana, é conseguir o máximo de concellos republicanos.

E, finalmente, seguir sendo fortes onde xorde e nace todo: das rúas e da xente. Tamén podemos e temos que ir facendo República desde a cidadanía. O movemento independentista e republicano é un dos movementos sociais máis multitudinarios e persistentes en Europa e máis exemplares polo seu comportamento cívico, pacífico e democrático, cousa que nos dá un potencial enorme como país, grazas tamén a organizacións civís que aglutinaron e cohesionaron o movemento: *Òmnium*, a *Assemblea Nacional Catalana* e os *Comitès de Defensa de la República* (CDR). Nese sentido, apostamos polo impulso da alianza democrática polos dereitos e as liberdades e a posta en marcha dun gran diálogo

constituínte que nos permita definir as paredes mestras da República.

Este é o camiño que desde Esquerra Republicana trazamos desde as nosas reflexións e análises. Volvemos a demostrar a nosa forza e iniciativa en liderar a reformulación da estratexia independentista para permitirnos culminar o proceso con éxito. Fixemos un exercicio de valentía e responsabilidade para dar respostas despois do outubro catalán e poder así gañar definitivamente. E fixémoslo entre todas as persoas que formamos parte da familia republicana (militantes, simpatizantes e amigos) con máis de 1400 emendas e unha alta participación que demostra que somos un partido vivo, diverso e plural, como a sociedade que queremos representar e servir.

A pesar da represión que sufrimos como organización e da vontade de descabezarnos para nos espantaren, seguimos adiante. O noso Presidente, Oriol Junqueras, está en prisión de forma inxusta e arbitraria, e a nosa Secretaria Xeral, Marta Rovira, está no exilio por esta persecución ilóxica nun estado supostamente democrático. E a pesar de todo isto, Esquerra Republicana ten unha saúde democrática moi boa e segue aí. Firme, determinada e comprometida coa xente e Catalunya. O partido ponse novamente á disposición do país para poder crear a xanela de oportunidade para construír a República Catalá. Sabemos que a República chegará. Non sabemos cando, mais non temos ningunha dúbida de que chegará, e que non hai marcha atrás. Por isto, nesta nova fase do republicanismo, debemos seguir andando cara adiante, sumando máis xente, máis forza e persistindo día a día na defensa dos nosos dereitos e liberdades. ●

© Pep Ribas



© Joan Bruçet Brossa



© Joan Carles Orenge



© Jordi Ventura i Plans



© Galdric Penarroja



© Joan Torrens





ANNA GABRIEL SABATÉ

Deputada pola CUP no Parlament de Catalunya entre 2015 e 2017. Exiliada política

DAVID FERNÁNDEZ RAMOS

Xornalista. Deputado da CUP entre 2012 e 2015

DENANTES LIBRES... |
(QUE ESCRAVOS) .

HAY DÍAS QUE DURARÁN AÑOS, ESCRIBÍA EL CANTOR.
ALGÚN DÍA NO PODREMOS MÁIS Y ENTONCES
LO PODREMOS TODO, POETIZÓ EL POETA.
HAY UN ANTES Y UN DESPUÉS DEL PRIMER DÍA DE
OCTUBRE, CUANDO QUERIENDO SER REPÚBLICA APRENDIMOS,
APREHENDIMOS, A SER PUEBLO. DESDE ENTONCES,
NADA ES LO MISMO NI NOSOTROS SOMOS LOS MISMOS.

COMUNIDAD CONTRA DOMINACIÓN, SOLIEDAD CONTRA ESTADO.
LA GENTE ANÓNIMA CONTRA LA BRUTALIDAD DEL PODER.
LO MEJOR DE UN PUEBLO CONTRA LO PEOR DE LA REPRESIÓN.

DIALÉCTICA DE LA LIBERTAD, Y DE SUS CARCELEROS,
VOLVIERON DESPUÉS TIEMPOS DE CÁRCELES Y EXILIOS,
DE MACROPRISIONES POLÍTICAS DONDE PRETENDEN TORNAR


A UNOS POLOS HOMBRÉS Y MUJERES PARA PRETENDER
CONDENARNOS A TODO EN SU LEY DE TIEMPO DE LA
MORADA, LA CELDA Y EL SILENCIO.

PERO LAS LECCIONES Y APRENDIZAJES DE OCTUBRE
LLEGARON PARA QUEDARSE. AFIRMACIÓN, RESISTENCIA,
OCTUBRE VINO PARA QUEDARSE. Y AHORA YA SABEMOS
QUE JUNTOS ES CUANDO PODEMOS, QUE NUNCA MÁIS
SOLAS Y 'QUE LOS CÁRCELES SEAN SIEMPRE NOSTROS.'
QUE LA DESOBEDIENCIA PACÍFICA Y NONVIOLENTA ES
NUESTRA ESCUELA. QUE, SIEMPRE EN PIE DE PAZ,
NO HAY OTRA QUE SEGUIR EN EL TAJO DE LA PAZÓN
DEMOCRÁTICA DE LA LIBERTAD POLÍTICA CATALANA
- Y GALLEGA, Y VAICA - Y DE LA JUSTICIA SOCIAL
Y REPUBLICANAMENTE, A VUESTRO LADO, EN ELO
ESTAMOS Y EN ESO SEGUIMOS. DESDE NUESTROS
BARRIOS, DESDE GINEBRA Y DESDE TODAS PARTES.



obrint des de baix el que volen tancar per
dalt, quan les nostres esperances traïquen
i caminen juntes i la nostra llibertat és
ahora la vostra. Malgrat els temps d'excepció,
els en sortirem.
#llibertatpelspolítics
#llibertatpelspolítics

PELS TEMPS DE LES CURESES QUE VINDRAN,

 ANNA GABRIEL SASATÉ
DAVID FERNÁNDEZ

VISCA LA TERRA!
VISCA GALIÇA!



► Manifestación en Barcelona o
11 de Novembro de 2017

DAVID MINOVES LLUCIÀ

Presidente do Centre Internacional Escarré per
a les Minories Ètniques i les Nacions (CIEMEN)

Apuntamentos para un balance de situación do movemento catalán de emancipación

Resumo

Neste artigo realizase un repaso aos principais acontecementos que foron preconfigurando a actual situación política en Catalunya: as consultas populares que se realizaron desde 2009 ao 2011 por todo o país, a sentenza do Tribunal Constitucional de 2010, o nacemento da Asamblea Nacional Catalana, a consulta do 9-N de 2014, o cambio de Artur Mas por Carles Puigdemont, o Referendo do 1-O ou a declaración de independencia. Porén, sobre todo, analiza as principais claves para poder entender os grandes reptos de futuro aos que se enfrenta o soberanismo catalán no curto e medio prazo.

Palabras chave: soberanismo, independentismo, *Procés*, emancipación, estratexia.

Abstract

This article will review the main events that have been preconfiguring the current political situation in Catalonia: the popular consultations that took place from 2009 to 2011 throughout the country, the ruling of the Constitutional Court of 2010, the birth of the Catalan National Assembly, the consultation of the 9-N of 2014, the change of Artur Mas by Carles Puigdemont, the 1-O Referendum or the declaration of independence. However, above all, it analyzes the key keys to be able to understand the great challenges of the future facing Catalan sovereignty in the short and medium term.

Key words: *pro-sovereignty movement, independence, independence process, emancipation, strategy.*



© Roser Vilallonga

Desde que ERC se presentou ás eleccións ao Parlamento de Catalunya en 1992 co slogan «Cap a la independencia», o independentismo propúxose conseguir os seus obxectivos a través das urnas, procurando gañar unha maioría que lexitimase democraticamente a súa proposta política, aceptando as regras de participación electoral e cuestionando o marco constitucional.

Durante 20 anos, a premisa foi que, na ausencia da violencia, se podía falar de todo e que calquera proposta que se guise unha canle democrática

«A independencia non se pode tornar efectiva mediante unha maioría electoral, mais debe superar un cambio constitucional previo que non depende exclusivamente do corpo electoral catalán. Punto»

se podía levar a cabo, por transgresora que esta fose. Mais até que esa posibilidade non se percibiu como plausíbel mediante un proceso democrático, o Estado español non mostrou de forma explícita cales eran os límites reais que non se poden superar: a independencia de Catalunya non se pode tornar efectiva mediante unha maioría electoral, mais debe superar un cambio constitucional previo que non depende exclusivamente do corpo electoral catalán. Punto.

Como chegamos até aquí?

Durante os últimos cinco anos, o movemento catalán de emancipación foi quen de facer cambalea o mapa electoral, grazas ao traballo previo das consultas pola independencia de Catalunya que desde o verán de 2009 até a primavera de 2011 mobilizou 549 dos 947 municipios cataláns coa realización de consultas sobre a independencia, coa participación activa de 20% do censo electoral. O fenómeno tivo un gran impacto social e situou no imaxinario colectivo a posibilidade de que se podía realizar un referendo oficial se a cidadanía organizada así o

«Os dirixentes dos partidos independentistas e as entidades soberanistas arriscaron moito e chegaron exhaustos ao 1-O pensando que o referendo non se podería realizar, vista a campaña de acoso do Estado»

reclamaba á clase política. Non faltaba forza, faltaba firmeza, e pór o referendo na axenda.

O 28 de xuño de 2010 estalou o detonante que provocaría o crecemento exponencial do independentismo: a sentenza do Tribunal Constitucional ante o recurso do Partido Popular que declaraban inconstitucionais 14 artigos do *Estatut d'Autonomia de Catalunya* de 2006 e reinterpretaban 27 máis. Aquela sentenza provocou a primeira das grandes mobilizacións soberanistas dos últimos anos: máis dun millón e medio de persoas encheron as rúas de Barcelona, un éxito sen precedentes. A cidadanía tomaba consciencia da forza que tiña.

O nacemento da *Assemblea Nacional Catalana* marcou un novo salto adiante que se fixo evidente no verán de 2012 durante a manifestación «Catalunya nou estat d'Europa» que volveu colapsar a cidade a favor da independencia. Tras as eleccións de 2012, coa entrada da CUP no Parlament de Catalunya e a conformación dunha clara maioría soberanista entre CiU e ERC, deuse o paso definitivo para a consolidación dun bloque favorable ao exercicio do dereito a decidir que se sentiu con forzas suficientes para expor un pulso democrático ao Estado a través da celebración dunha consulta a favor da independencia de Catalunya.

O 9-N de 2014, Catalunya gañou ese pulso en España mediante un proceso participativo que sería lido como unha acción de desobediencia en masa, anunciada previamente e desenvolvida de xeito pacífico e festivo. Mais o resultado do proceso participativo non implicaba ningunha operatividade, o que levou a forzar un acordo que permitiu convocar unhas eleccións autonómicas «plebiscitarias»

o 27 de setembro de 2015 co obxectivo de conseguir o ansiado mandato democrático. O resultado foi unha maioría de escanos, mais non de votos. Comezou a longa marcha de 18 meses para pór a punto as estruturas de estado que debían permitir a desconexión.

A negativa da CUP a dar por boa a presidencia de Artur Mas e a chegada do novo President, Carles Puigdemont, a principios de 2016 facilitou o cambio de guión. Ante a imposibilidade de tornar efectiva a independencia sen contar co apoio





II Asemblea Xeral da ANC. Tarragona, 2014

electoral suficiente, a posibilidade de celebrar un referendo de autodeterminación proposto pola ANC serviu para desatascar a situación que provocaba a inexistencia dunha axenda partillada entre *Junts pel Sí* e a CUP. A convocatoria debía culminar o proceso de transición nacional cara á independencia.

O que pasou desde entón, os días que vivimos perigosamente desde o 20 de setembro até o 21 de decembro explicouse en multitude de libros e artigos: a vulneración dos dereitos civís e políticos, a persecución e represión desatada, a violencia contra os cidadáns, a impiedade da extrema dereita, a prisión e o exilio dos líderes independentistas... Mais seguramente o que non se deu son as respostas necesarias ás preguntas que todo o mundo se fixo.

Que sucedeu tras o 1 de Outubro?

Desde o 27 de outubro, hai un factor chave que non resolvemos aínda e que está na base do conflito que os independentistas vivimos día si día tamén: non nos explicamos toda a verdade do ocorrido.

Para resolver esta ausencia, unha parte do independentismo encheu este vacío co pensamento máxico que proliferou durante as semanas anteriores e posteriores ao referendo do 1 de outubro. E durante meses proxectamos na investidura a resposta que queremos ouvir ante as preguntas que aínda non demos resposta: Temos xa unha República ou aínda non a temos? Gañamos o pulso ao Estado ou perdémolo? Somos suficientes ou falta sumar máis xente? É un problema de determinación ou de correlación de forzas?

Quizais para comezar habería que dicir que os dirixentes dos partidos independentistas e as entidades soberanistas arriscaron moito e chegaron exhaustos ao 1-O pensando que o referendo non se podería realizar, vista a campaña de acoso do Estado. O feito de que a data, os centros de votación e a mecánica electoral fosen elementos coñecidos pola cidadanía facilitou que a xente fixese posíbel o que obxectivamente parecía inalcanzábel. Votamos. E unha vez coñecido o resultado, esperamos que se tornase efectivo o mandato como nos dixeron: da lei á lei.



Vista aérea dun dos tramos da Diada de 2015

Infelizmente, para alén das previsións da Lei de Transitoriedade Xurídica, non había case nada preparado para o día seguinte do referendo do 1-O. A parte duns cuantos decretos, todo apunta a que o *Govern* e as entidades soberanistas catalás non dispuñan dunha estratexia común para facer efectivo o mandato do 1-O atendendo ás súas capacidades. Non é un reproche, mais a descrición do que todo indica que pasou, tras contrastalo con moitos dos implicados, un feito que non quita valor á inxente tarefa realizada. Mais isto non nolo contaron.

O 1 de Outubro logramos unha vitoria descomunal, realizamos o referendo de autodeterminación sob unhas condicións de ameaza e represión inauditas. E, a pesar de prohibición explícita do Estado, realizamos o acto de desobediencia civil máis grande coñecido na Unión Europea. E o Estado perdeu a batalla da lexitimidade en Catalunya, e a batalla do relato en todo o mundo. Como nunca pasara. Unha vitoria que nos situou definitivamente no mapa ante a opinión pública mundial. E a resposta violenta do Estado converteu o 1-O nun problema para Europa.



Foto do mitin de Junts pel Sí en l'Hospitalet de Llobregat

Mais a formulación inicial non era facer un pulso para acumular máis forzas, mais o embate definitivo, o que tiña que desembocar na independencia pola vía democrática. E non nos preparamos ante o previsíbel bloqueo efectivo do Estado. O *Govern* da Generalitat expuxera un referendo vinculante mais, ao non dispor da capacidade loxística e humana para despregar este mandato nas institucións e no territorio, investiu toda a forza acumulada no recoñecemento e presión internacional. Isto non se explicou. E non acabou de funcionar.

A violenta resposta do Estado nin estaba prevista, nin formaba parte dos escenarios que divulgaran as forzas independentistas entre a poboación durante os últimos meses e anos. E cando comprobamos que o *Govern* da Generalitat non actuaba pasada a proclamación do 27 de outubro causou perplexidade. A aplicación do 155 e a destitución do *president* e dos *consellers* por parte de Mariano Raxoi sen resistencia abriu a porta á desorientación. O encarceramento dos líderes das entidades e dos membros do *Govern* descabezou a dirección do proceso.

«A violenta resposta do Estado nin estaba prevista, nin formaba parte dos escenarios que divulgaran as forzas independentistas entre a poboación durante os últimos meses e anos»

A pesar da oportunidade de revalidar a forza acumulada o 21-D, os partidos e as entidades soberanistas non fixeron ningunha reflexión en común sobre todos estes feitos para preparar o escenario de futuro, mais encararon as eleccións autonómicas anticipadas cunha campaña reactiva e de forte contido emocional, onde as propostas programáticas se baseaban nunha axenda antirrepresiva e a promesa de revertir o 155, sabendo que isto último non estaba nas súas mans. E algúns deles deron a entender que os membros do *Govern* encarcerados ou no exilio volverían se as forzas republicanas sumaban unha maioría electoral. E que dependía do noso voto que así fose. E non era verdade.

Tras meses de reproches, e xa en tempo de desconto, a renuncia de Carles Puigdemont a ser investido e das CUP a forzar unhas novas eleccións propiciou a elección de Quim Torra como novo *president* da Generalitat. Era evidente que a vertixe que xeraba unha nova convocatoria electoral en que os partidos independentistas terían que explicar por que razón non utilizaron a maioría conseguida o 21-D. Sen a garantía que exiliados nin presos políticos puidesen ser candidatos, unhas novas eleccións eran moi arriscadas. Non había alternativa.

E agora que?

O feito de non existir aínda a estas alturas unha estratexia a longo prazo acordada entre os partidos soberanistas para lograr a República torna máis evidentes as discrepancias para chegar a acordos tácticos a curto prazo. E neste escenario de incertezas é onde crece o pensamento máxico e as exixencias hiperventiladas dos partidos e entidades. Un escenario de reproches onde as entidades soberanistas



© Sasha Popovic

teñen parte de responsabilidade. E isto só ten un beneficiario: quen quere manter o poder que as eleccións do 21-D negáronlle.

Os líderes civís e políticos encarcerados e no exilio son reféns do Estado, separados pola forza das súas familias, amigos, paisaxe e contorna vital. Non se trata de lles pedir que fagan máis sacrificios. Trátase de que os actuais dirixentes dos partidos e entidades soberanistas deixen de lado as súas lexítimas diferenzas en beneficio de todos, aforrándonos o espectáculo de reproches a través dos medios e as redes sociais, e que nos traten como xente adulta.

A mostra evidente da falta dunha estratexia común foi a celebración da Conferencia Nacional de ERC, por un lado, e a celebración da Asemblea do PdeCAT tras as súas disputas internas con *Junts per Catalunya*, polo outro. Estes serviron para resituar estes dous actores, que precisaban de reagrupar forzas e reorientar o seu discurso tras meses de axitación política e cos evidentes problemas de liderado que provoca que os seus dirixentes estexan en prisión ou no exilio.

Aínda que ERC apostou forte na estratexia de ensanchar a base sen renunciar á vía unilateral, tamén é certo que procura sumar entre un electorado remiso ás aventuras cortopracistas e afastado da inflamación patriótica e as présas históricas, tentando aproximar un electorado que hoxe se move entre a abstención e os Comúns, mentres tenta desactivar os anticorpos do discurso hiperventilado.

Polo seu lado, o espazo que compartiron o PdeCAT coa candidatura de *Junts per Catalunya* non resolveu aínda a construción do novo suxeito político que pode ordenar o centro dereita independentista, que segue a liderar Carles Puigdemont

desde o exilio mentres espera que se resolva a súa situación xurídica.

Un dos aspectos que, sen dúbida, tampouco axudou á clarificación estratéxica foi a incapacidade de reflectir sobre o novo marco que se abre coa caída do goberno de Raxoi e a volta do PSOE ao goberno de España. A proba do algodón para pór en contradición o Goberno do PSOE debería de ser un elemento a ter en conta na estratexia de ensanchar a base soberanista e denunciar a inexistencia dun discurso federal que adoita «emerxer» en situacións parecidas e sen base real.

E no medio desta desorientación, desde diversos sectores lexitimistas apareceu unha nova proposta que pula pola celebración de primarias para escoller candidatos ás eleccións municipais de 2019 para constituír candidaturas unitarias independentistas e converter as mesmas nun plebiscito, como o que se xerou o 14 de abril de 1931, para conseguir alcaldías republicanas e, á vez, crear unha nova oportunidade para tornar efectiva a República a través do control do territorio.

«O único xeito de logramos o obxectivo de constituír unha República é mediante unha negociación –bilateral ou multilateral– ou dispormos da forza suficiente para a tornar efectiva»

Visita do *president* Torra aos
exconsellers no cárcere de
Estremera o 4 de xuño de 2018



Con todo, esta proposta carece da colaboración necesaria de parte do independentismo político, e tanto ERC como a CUP rexeitárono de cheo. Se no tempo que fica até a celebración das eleccións municipais esta proposta non é capaz de agrupar os espazos que representan ERC e a CUP, pode acabar xerando unha cuarta candidatura independentista civil nos municipios onde se presente, ou pode ser utilizada polo espazo que hoxe pivota ao redor do PdeCAT e *Junts per Catalunya* para recompór as súas candidaturas no territorio.

Precisamos dunha nova estratexia común

Esta falta de obxectivos partillados é hoxe o principal calcañar de Aquiles do movemento de emancipación nacional catalán. O obxectivo era lograr unha República e non recuperar o goberno lexítimo ou dispor dun goberno efectivo da Generalitat, nin tampouco dispor de concellos independentistas. E a proposta de converter o xuízo por rebelión aos líderes independentistas ou as eleccións municipais na próxima oportunidade ten o mesmo problema, que non é suficiente saír á rúa ou gañar os concellos para tornar efectiva a República.

O Estado español pode desentenderse da nosa lóxica inapelábel da lexitimidade democrática, ignorando a vontade política de máis de dous millóns de votantes, mentres non dispoñamos da capacidade efectiva de a levarmos a cabo. Hoxe o Estado non ten ningún incentivo para aceptar o noso razoamento e pode aguantar anos sen recoñecer os resultados electorais, intervindo as institucións, inhabilitando e encarcerando dirixentes civís políticos, e limitando os nosos dereitos

fundamentais. Pensar que temos o Estado en xaque é pensamento máxico.

Sabemos que o único xeito de logramos o obxectivo de constituír unha República é mediante unha negociación –bilateral ou multilateral– ou dispor da forza suficiente para a tornar efectiva. Para encarar unha negociación é preciso que o Estado acceda por vontade propia ou incentivado pola comunidade internacional, mentres que, para despregar a forza, hai que ter a hexemonía e a capacidade institucional e loxística suficiente e o control do territorio.

Cabe lembrar que a proposta de conseguir un mandato democrático mediante un referendo de autodeterminación foi a que soubo conectar mellor cunha cidadanía farta da baixa calidade democrática do Estado. A inestimábel axuda dunha clase política española incapaz de facer unha proposta atractiva para o conxunto da poboación catalá, parecendo que daba por amortizado un corpo electoral catalán que non era determinante para gañar eleccións en España, foi decisiva. Mais esquecer que o mesmo Estado ten aínda a capacidade de bloqueo foi o grande erro.

Mentres os partidos e entidades sigan sen dar respostas claras e honestas ás preguntas que aínda nos seguimos a facer, acorden un relato e constrúan unha estratexia compartida seguiremos alimentando o pensamento máxico.

É imprescindible separar a necesaria loita antirrepresiva dos obxectivos políticos, traballar cun *Govern* independentista que recupere as institucións, entender que os partidos independentistas son aliados e non adversarios, elaborar unha nova estratexia coas entidades soberanistas e traballar pola unidade de acción. ●



JORDI SOLÉ FERRANDO

Eurodeputado e Secretario de Relacións Institucionais de ERC.
Alcalde de Caldes de Montbui

- ▶ O Presidente Puigdemont encabezando a manifestación en Bruxelas o 7 de decembro de 2017

Catalunya e a debilidade europea

Resumo

O proceso soberanista catalán ten unha clara derivada europea ao acontecer dentro do seu territorio, ao afectar a cidadás e cidadáns da UE e ao se vulneraren principios fundacionais da mesma. Este conflito deixa ás claras que a Unión Europea é pouca cousa máis que unha unión de estados en que os «intereses nacionais» seguen a pesar moito e na cal existe unha dupla moralidade ao manter un discurso de promoción dos dereitos humanos e da democracia no exterior que non existe dentro das súas fronteiras. A suposta equidistancia da UE ao tratar o conflito catalán como un «problema interno español» lexitimou comportamentos profundamente antidemocráticos e causou unha grande decepción e desafección nunha parte importante da poboación catalá, tradicionalmente moi europeísta.

Palabras chave: Unión Europea, Catalunya, soberanismo.

Abstract

The sovereignty process in Catalonia has clear consequences for the European Union of which it is formally a part, affecting EU citizens and violating its basic foundational principles. This conflict has clearly shown the EU to amount to nothing more than a union of State where 'national interests' still continual to hold sway, applying the double standard of claiming to support human rights and democracy beyond its frontiers whilst at the same time failing to demand that they be applied within the EU itself. By purporting to remain impartial on the matter of the Catalan conflict deemed to be "a Spanish domestic issue", the EU effectively legitimised deeply antidemocratic practices, thereby generating wide-spread disappointment and dissatisfaction on the part of a large section of Catalan society which has traditionally been staunchly pro-European.

Keywords: European Union, Catalonia, sovereignty process.



© Roser Vilallonga

La Comisión [europea] cree que estos son tiempos de unidad y estabilidad, no de división y fragmentación. La Comisión ha hecho repetidas llamadas a los actores relevantes para que rápidamente transiten de la confrontación al diálogo. La Comisión ha insistido también en el pleno respeto al orden constitucional español y ha expresado su plena confianza hacia las instituciones españolas y todas las fuerzas políticas que están trabajando para encontrar una solución en el marco de la Constitución española.

Esta respuesta insubstancial é a resposta oficial da Comisión Europea á profunda crise política entre Catalunya e España, especialmente agravada desde a segunda metade de 2017. Esta é a resposta milimetrada que invariabelmente estamos a recibir os eurodeputados que repetidamente interpe-lamos os responsábeis da Comisión para que tomen un papel activo na resolución deste conflito político. Un conflito que ten unha clara derivada europea, que está a acontecer dentro das fronteiras da UE, que afecta cidadáns da UE e cuxa solución pasa necesariamente polo respecto aos dereitos

fundamentais e aos principios fundacionais da propia UE. Esta resposta non achega case nada relevante cara á unha solución, mais en realidade di moito da UE que temos hoxe.

Destá concisa resposta pódese inferir que, para a Comisión Juncker, a demanda democrática catalá (decidir o noso futuro político a través dun referendo é apoiado por 80% da poboación catalá) é un factor de inestabilidade para a UE, e que, pola contra, hai que traballar a favor da estabilidade. Ora ben, nunha democracia, que é o que xera inestabilidade:

«Para a Comisión Juncker, a demanda democrática catalá) é un factor de inestabilidade para a UE, e que, pola contra, hai que traballar a favor da estabilidade»



Referèndum és Democràcia. Acto do 1 de xuño de 2017

Permitir á cidadanía votar e decidir, conforme aos principios base de calquera democracia, ou bater nos votantes para evitar que voten? Ten sentido apelar ao risco da fragmentación desde unha entidade formada hoxe por 28 estados, moitas máis nacións, e unha multitude de identidades, culturas e linguas? Cando se reprime o exercicio da democracia e aqueles responsábeis políticos que promoveron este exercicio? Cando se violan dereitos fundamentais e se entra nunha *Denia mica* de regresión antidemocrática? Ten sentido antepor a unidade ao respecto aos dereitos civís e políticos? Todos os estados teñen dereito a preservaren a súa unidade territorial, mais en democracia é ilexítimo facelo á conta da propia democracia e dos dereitos fundamentais. É dicir, a unidade en democracia non pode ser unha especie de principio sacrosanto que se sitúe por encima da vontade dunha determinada comunidade expresada democraticamente. A Unión Europea debería ser capaz de defender esta posición. Se hai algo que debería distinguir o modelo europeo é o respecto pola democracia e os dereitos fundamentais. A vontade de autodeterminación e

a capacidade de aplicala, mesmo se iso debuxa mudanzas nos estados-nación, debería ter un espazo na democracia europea.

Mais o certo é que, con tan só unha indulxente crítica ao uso da violencia policial o primeiro de outubro (mais en última instancia, apoiando por activa ou por pasiva a estratexia de estado de represión contra o independentismo), a UE demostrou, na súa posición sobre Catalunya, que é pouca cousa máis que unha unión de estados e que, por encima doutras consideracións, nesta Unión os chamados «intereses nacionais» seguen a pesar, e moito.

Nun debate no plenario de Estrasburgo sobre Catalunya, poucos días despois da vergoñenta actuación policial violenta contra o referendo de autodeterminación, o Vicepresidente holandés da Comisión europea, Franz Timmermans, afirmou ante o estupor dalgúns de nós que «o deber de todo Goberno é manter o estado de dereito e, ás veces, isto require o uso proporcionado da violencia». Aquel día, unha certa idea de Europa ficou derrubada no plenario de Estrasburgo. Con todo, o mesmo Vicepresidente, meses despois no mesmo

Manifestación nas rúas de Barcelona o 21 de outubro de 2017 reclamando a liberdade de Jordi Sánchez e Jordi Cuixart



© Roser Viallonga

plenario, e falando da independencia das provincias holandesas da monarquía española, afirmaba que «a soberanía está en mans do pobo». A duplicidade de criterios das institucións europeas é alarmante. Cando se trata de protexer os intereses dos estados membros, invócase a supremacía do estado de dereito e a importancia da unidade e a estabilidade. Mais cando se fala de épocas pasadas ou se denuncian casos que teñen lugar no outro lado do mundo, invócase a soberanía popular, os dereitos fundamentais e a democracia.

Unha dupla moralidade que tamén é evidente cando a UE desprega todo o seu discurso de fomento dos dereitos humanos e da democracia no exterior. Un discurso que perde credibilidade cando non somos quen de exixir dentro das nosas fronteiras o que dicimos que queremos fomentar fóra delas. Contan que a finais de 2017 unha delegación oficial chinesa visitou o Parlamento Europeo e que, nunha das súas reunións, preguntaron á súa contraparte europea se a posición da UE a respecto das minorías e da autodeterminación era a que se podía inferir da súa reacción aos acontecementos

«A UE demostrou, na súa posición sobre Catalunya, que é pouca cousa máis que unha unión de estados e que, por encima doutras consideracións, nesta Unión os chamados "intereses nacionais" seguen a pesar, e moito»

en Catalunya. A pregunta era envelenada. «Se vos tedes tratan así as reivindicacións nacionais e de autodeterminación, non nos dean leccións a nós a respecto dos nosos propios asuntos de autodeterminación», seguramente pensaban os representantes chineses. O silencio da Unión Europea ante o ataque aos dereitos fundamentais en Catalunya, ou en relación a situacións tan inaceptábeis como a dos presos políticos e exiliados cataláns, non só é contraria aos valores que deberían sustentala, mais tamén mina a credibilidade da súa acción exterior. Isto non nos debería preocupar tan só aos cataláns, mais tamén aos defensores dunha Europa coherente e actor global politicamente relevante.

A clamorosa falta dunha UE con marcada vontade política para actuar en situacións de vulneración de dereitos en estados membro vémolos tamén cando a Comisión xustifica a súa inacción no facto de a Carta Europea de dereitos fundamentais aplicarse só en tanto e en canto se está a aplicar lexislación europea. Polo resto, cando a lexislación que se aplica é de alcance estatal, a observación dos devanditos dereitos depende de cada estado. O que equivale a renunciar, por parte da UE, ao control do respecto aos dereitos fundamentais na grande maioría de casos, cando non está directamente implicada lexislación europea.

Esta ausencia dunha UE realmente comprometida –para alén da retórica– coa protección dos dereitos fundamentais, contrasta tamén con boa parte das opinións públicas (e publicadas) europeas, que asistiron incrédulas –e, nalgúns casos, consternadas– ao destape autoritario do *deep state* español (violencia policial, presos políticos, exiliados, ataques á liberdade de expresión, cloacas do



- ◀ Manifestación realizada o 7 de decembro de 2017 en Bruxelas convocada pola ANC e Òmnium Cultural que congregou a máis de 45 000 persoas segundo a policía belga

«É un facto que a decepcionante reacción da UE causou desánimo entre unha parte importante da poboación catalá, que tradicionalmente albergou actitudes considerabelmente europeístas»

estado, suspensión da autonomía). A fenda crecente entre os liderados das institucións europeas e as opinións ou percepcións das xentes a que serven tamén apareceu no caso catalán.

É un facto que a decepcionante reacción da UE causou desánimo entre unha parte importante da poboación catalá, que tradicionalmente albergou actitudes considerabelmente europeístas (precisamente porque queríamos ver en Europa, quizais demasiado idilicamente, un faro de democracia, dereitos e liberdades). Mentres sufríamos a acción represiva dun estado que deixaba ao descuberto a súa débil calidade democrática, os líderes das principais institucións europeas (Juncker, Tajani, Tusk) desfilaban por España recibindo premios e eloxios, coma se se tratase de recompensar os seus servizos prestados á causa da unidade española. As conferencias de prensa no Berlaymont, con xornalistas facendo preguntas incisivas sobre Catalunya, e o portavoz e os Comisarios respondendo no mellor dos casos con evasivas, mostráronnos a cara máis débil e inconsistente da UE que temos. Sentímonos ignorados e desamparados por parte dunha UE a que non pedíamos que se puxese ao lado dos que queremos facer realidade unha República Catalá como estado membro da UE, simplemente que se puxese ao lado dos dereitos democráticos, civís e políticos duns cidadáns que tamén somos cidadáns da UE. E esta sensación de desamparo corre o perigo de traducirse en distanciamento político e emocional cara ao proxecto europeo.

Con todo, a peor reacción que, como responsables políticos e como cidadáns poderíamos adoptar diante deste abandono de funcións, sería abandonar o noso europeísmo para subirnos á onda

populista e euroescéptica que se está a propagar polo Continente. Ser teimosamente europeístas fainos ser, consecuentemente, eurocríticos cando as institucións non traballan na dirección de consolidaren Europa como un espazo político de referencia en canto á democracia, a xustiza e o progreso. Se se menosprezan os valores fundacionais polos cales tanta xente loitou durante décadas, seremos os primeiros en reivindicar un cambio de rumbo para defender a razón de ser de Europa. Non nos conformaremos en deixar Europa en mans daqueles que a queren débil e irrelevante, supeditada a unha versión obsoleta da soberanía e do interese nacional. A solución, en todos os casos, pasa por ter unha UE que sexa algo máis que unha mera suma de estados. Unha Europa que se constituía como un ente de natureza política que complemente os Estados e, en determinados ámbitos, mesmo os supere. A máis Europa, menos estado nación do século XIX. A máis soberanía de hoxe, menos soberanía de onte. Catalunya ofrece unha oportunidade de modernizar o concepto de soberanía, ao flexibilizalo, adaptalo ás demandas democráticas da cidadanía e encaixalo no concepto de soberanía europea. Seguirá Europa a obviar esta gran oportunidade? Seguirá Europa a mostrarnos a súa debilidade? ●



MERITXELL SERRET ALEU

Ex-Conselleira de Agricultura, Gandeiría, Pesca e Alimentación da Generalitat de Catalunya. Delegada da Generalitat ante a UE. Exiliada política en Bélxica

Enxelas, 5 de xuño de 2018

Amigas y amigos de Terra e Tempo,
muchas grazias por la oportunidade que ofreceis para intercambiar
opiniones y conversar entre gallegos y catalanes.

Yo nací en 1975, fui educada en valores democráticos
y de paz, y he crecido con el convencimiento de que respetando
derechos y deberes, individuales y colectivos, podía desarrollarse
y vivir en libertad. Por eso creo que los catalanes, como cualquier
pueblo del mundo, tenemos derecho a querer cambiar el
"status quo" por vías democráticas y pacíficas si creemos que
es indispensable para progresar, como individuos y como sociedad,
ante los retos del siglo XXI. Porque, al fin y al cabo, esa es el
sentido y el objetivo de la democracia a mi entender.

Respetando la libertad de expresión y de opinión, es legítimo
defender democráticamente y pacíficamente que Catalunya sea
una República. Pretender usar esta opción política en lo que
acaba por atentar contra la libertad de las personas y contra
la convivencia.

Aun así, desde el exilio, continuaré siempre defendiendo un
diálogo basado en el respeto mutuo y en la igualdad de las
personas y los pueblos, porque solo desde esta base podemos
todas ejercer plenamente todos nuestros derechos individuales
y colectivos, incluyendo el de autodeterminación.



Quiero aprovechar esta oportunidad para repetir que estoy convencida que la de Catalunya será siempre una sociedad abierta, democrática, dispuesta a cooperar y a mantener buenas relaciones con todos los países y pueblos, de la igualdad y el respeto mutuo.

Espero que por muchos años podamos continuar compartiendo opiniones y proyectos para el pleno desarrollo de gallegos y catalanes.

Con afecto,

Matzell Sorribes



► Concentración o 17 outubro de 2017 pola liberdade dos Jordis

MARTA ROVIRA MARTÍNEZ

Socióloga e profesora da Universitat Oberta de Catalunya e da Universitat Autònoma de Barcelona.
Directora da Fundació Congrès de Cultura Catalana

Mobilización e base social do independentismo catalán

Resumo

Este artigo trata de dar resposta, desde unha perspectiva científica, en base a sólidos estudos sociolóxicos e, tomando como punto de partida a sociedade catalá de hoxe, a tres preguntas básicas para comprender mellor o que é que acontece politicamente en Catalunya: Que é o movemento independentista catalán? Que factores sociais poden explicalo? e Como este fixo mudar o escenario político en Catalunya? A través da análise de diferentes variábeis, extráense conclusións a respecto de mudanzas sociais e políticas acontecidas nos últimos anos en España e en Catalunya que nos permiten explicar o contexto actual, fuxindo de imaxes preconcebidas e/ou deturpadas a través dos principais medios de comunicación.

Palabras chave: mudanzas sociais, asociacionismo, pluralidade política, independentismo, estudos sociolóxicos.

Abstract

Adopting a scientific point of view based on robust sociological studies and taking current Catalan society as its starting point, this article attempts to reply to three key questions in order to better understand what is happening in Catalan politics, namely: What is the Catalan pro-independence movement? What social factors can be used to explain it? and How has it altered the political scenario in Catalonia? Carefully avoiding preconceived and/or false ideas as spread through the mainstream media, by analysing a series of variables, the authors draws several conclusions regarding the social and political upheaval which has taken place over recent years in Spain and Catalonia and which enable us to explain the current situation.

Keywords: social changes, grassroots associations, political pluralism, independence movement, sociological studies.



© Jordi Ventura Plans


«Agardarei o albor dun novo día»
(Batallán)

Cabe a tentación de remontarse á historia trescentos anos atrás para explicar o conflito entre Catalunya e España. A verdade é que o material que poderíamos atopar para xustificar a situación actual non nos faltaría. Por exemplo, poderíamos recorrer ao tan ben documentado libro *Construccions polítiques i identitat nacional. Catalunya i els orígens de l'Estat modern espanyol*, no cal Antoni Simon explica como a formación do proxecto nacional español encontrouse fronte á formación dunha identidade nacional en Catalunya. Entre as dúas desenvolveuse unha contraposición (contraidentidades) que hoxe perdura en forma de competencia por definir o marco «nacional». Poderíamos dicir «aí comezou todo».

Mais para entendermos o conflito actual debemos tomar como punto de partida a sociedade catalá de hoxe (tamén cabería facer o mesmo coa sociedade española para tentar comprender como

a identidade nacional catalá constitúe unha especie de ameaza para o nacionalismo español)¹. Non só porque as mudanzas sociais e políticas dos últimos corenta anos en España e en Catalunya nos permiten explicar o contexto actual, mais tamén porque algunhas mudanzas que se están a producir a escala mundial na actualidade tamén definen as mudanzas que se están a producir hoxe na Península. En todo o caso, para entendermos o que pasa en Catalunya, debemos partir dunha análise sen prexuízos (algo que nos medios de comunicación está a ser moi difícil de encontrar). É o que tentaremos facer neste breve artigo, centrándonos na última década. Tentaremos facelo a través da resposta a tres preguntas: Que é o movemento independentista catalán?; Que factores sociais poden explicalo? e Como este fixo mudar o escenario político en Catalunya?

¹ Sobre unha valoración desta cuestión, pódese consultar o artigo que publiquei no número 28 da revista *Eines*: «Franquisme i democràcia. El binomi (im)possible de la Transició».



Fonte: Centre d'Estudis d'Opinió

1. Que entendemos por 'movemento independentista catalán'?


Desde hai anos fálase do independentismo catalán coma se tratase dun bloque, coma se fose un colectivo social compacto. Mais non é así. O movemento social que emerxeu en torno a 2006 fíxoo a través de varias iniciativas que non xurdían dunha única organización, mais de accións concretas impulsadas ás veces a título persoal, ás veces promovidas desde pequenas asociacións. Mais conseguiron rapidamente a adhesión de milleiros de persoas. É o que sucedeu nas primeiras manifestacións masivas como reacción á vía estatutaria como fórmula limitada e restritiva de canalizar as reivindicacións catalás. As primeiras manifestacións non foron convocadas por unha grande organización, mais por un conglomerado de asociacións que se uniron na *Plataforma pel Dret a Decidir*, que, á súa vez, obtivo a adhesión doutras asociacións de todo tipo (organizacións sindicais, estudantes, asociacións culturais...) a aquelas primeiras manifestacións.

Esta é unha das características do movemento independentista catalán. A pluralidade organizativa, que crece co propio xurdir e desenvolverse do movemento, coa creación de novas entidades e plataformas que teñen, ás veces, unha finalidade inmediata e concreta, por exemplo a creación da plataforma *10 000 per Brussel-les*, que tiña como único obxectivo convocar unha grande manifestación na capital da Unión Europea en 2009. A convocatoria da consulta sobre a independencia en Arenys de Munt en 2009 foi iniciativa de dúas persoas desta localidade de 8000 habitantes. Esta primeira convocatoria e o seu éxito provocou que se crease unha plataforma especial para organizar

o resto de convocatorias que se convocaron nos municipios cataláns entre 2009 e 2011. A medida que o movemento se consolida, aparecen organizacións máis amplas como a *Assemblea Nacional Catalana* (ANC) en 2011 ou o crecemento de *Òmnium Cultural*, unha entidade que sufriu unha renovación importante coa incorporación de dirixentes nados nos anos setenta (após a Transición) e que terminou sendo a asociación de referencia, ao lado da ANC, e a máis numerosa con 120 000 socios na actualidade (en 2010 tiña uns 20 000 socios).

Así pois, a pluralidade asociativa forma parte intrínseca do movemento independentista desde a súa orixe. De facto, esta é tamén unha característica do catalanismo desde a súa aparición como movemento cultural e político a finais do século XIX, sendo un expoñente máis da mudanza que sufría unha sociedade en plena industrialización, ao lado dun sólido movemento obreiro e da constitución dunha forte patronal burguesa que aínda hoxe se move entre o proxecto nacional español e o proxecto nacional catalán.

Unha das características do independentismo actual é a ancoraxe local e a creación constante de novas asociacións culturais e de activismo que conviven con algunhas asociacións históricas, como ateneos, asociacións de cultura popular, fundacións culturais, asociacións políticas extraparlamentares ou entidades tan singulares como *Òmnium* a través das súas sedes locais. O factor local tamén produciu a creación en 2011 da *Associació de Municipis per la Independència* (AMI) que agrupa 80% dos municipios cataláns. As grandes mobilizacións de 2010 até 2017 estiveron lideradas por estas tres organizacións: *Òmnium*, a ANC e a AMI.



Mar 06 Mar 07 Xan 08 Xan 09 Xan 10 Xan 11 Feb 12 Feb 13 Mar 14 Feb 15 Mar 16 Mar 17 Xan 18

Fonte: Centre d'Estudis d'Opinió

Estas dúas características –pluralidade e ancoraxe local– xa nos resolven algunha das preguntas que se formulan sobre a perdurabilidade do movemento independentista e a súa transversalidade. É máis, o movemento foi incluíndo diferentes acentos na reivindicación soberanista: desde o «dereito a decidir» (termo que acuñou a *Plataforma pel Dret a Decidir*), a reivindicación dun referendo (que sumou sectores non independentistas), ou a reivindicación da creación dun novo Estado europeo (promovida pola ANC, ERC e finalmente tamén o PdeCat). A existencia destas formulacións con matices diferentes impide que se poida falar dun «bloque» independentista, xa que se trata dun movemento con opcións diversas e que inclúe moitos matices. Non todos os que son favorábeis ao dereito a decidir expoñen unha única estratexia. E isto tampouco sucede entre os que se mostran favorábeis á independencia de Catalunya, como vemos continuamente en discusións que se producen sobre todo a través das redes sociais.

2. A 'base social' do independentismo en Catalunya


Desde hai uns anos, existe un debate insistente dentro do independentismo catalán acerca do que se deu en chamar «a ampliación da base social». Se tomamos en conta só os comentarios duns e outros neste debate, parecería que o movemento independentista catalán é minoritario. Mais os datos son moi claros ao respecto. Existe hoxe en Catalunya unha opción independentista que ten un apoio moi importante, que conseguiu ser electoralmente maioritario nas últimas tres convocatorias electorais en Catalunya, mesmo cando pareceu que a situación era máis difícil para que o independentismo

puidese levar a cabo o seu programa, como sucedeu nas eleccións do 21 de decembro de 2017, convocadas desde a Moncloa e coa autonomía suspendida.

Para alén das preferencias electorais, ante a pregunta sobre que tipo de relación prefiren os electores que tiver Catalunya con España, a opción de ser un Estado independente pasou de 14% hai unha década a cifras que se moven preto de 40% dos electores segundo datos do *Centre d'Estudis d'Opinió* da Generalitat de Catalunya. Esta cifra revirou no último barómetro de xaneiro de 2018, onde a opción da independencia baixou até 33% de electores, mentres que a opción autonómica aumentou até 36% recuperando a porcentaxe que perdera. Mais haberá que esperar ás próximas ondas da enquisa para ver se se confirma esta diminución (gráfica 1).

Cando a pregunta se formula de forma dicotómica, a opción do «Si» e do «Non» á independencia teñen resultados moi parecidos, aínda que igual que na pregunta anterior, en xaneiro de 2018 o apoio ao «Si» á independencia diminuíu 8 puntos a respecto do 48,7% que alcanzara en outubro de 2017 (gráfica 2).

«Unha das características do independentismo actual é a ancoraxe local e a creación constante de novas asociacións culturais e de activismo»



Gráfica 3
Evolución da identificación nacional CEO

Só española (0)
Só catalá (5)

Fonte: Centre d'Estudis d'Opinió

Destes datos non se pode deducir nin que o independentismo sexa minoritario, nin que teña a maioría suficiente para se impor de forma folgada. Non sabemos o que sucedería se se convocase un referendo acordado co Estado español. Si que sabemos, en cambio, que nos últimos anos se produciron mudanzas interesantes na sociedade catalá que incidiron claramente no aumento do independentismo. Tal e como mostran os datos sobre a identificación nacional (del Hierro, 2010), produciuse unha crecente identificación nacional catalá (gráfica 3).


Porén, esta non aumenta necesariamente en detrimento da identificación española, como explican Guinjoan e Rodon (2015), xa que as dúas identidades poden aparecer de forma simultánea, nunha realidade marcada polas identidades duais. Esta dualidade existe tamén nos usos lingüísticos e é unha das características relevantes da sociedade catalá que emerxeron no proceso independentista. Non se pode falar dun movemento de carácter étnico ou exclusivo duns determinados perfís sociais, posto que as enquisas e os diferentes estudos

«Hoxe 70% da poboación catalá ten, polo menos, un ascendente de primeira ou segunda xeración (pais, avós) nacido fóra de Catalunya»

realizados ao longo destes anos mostran unha clara pluralidade nos perfís sociais de quen apoia a independencia de Catalunya. Aínda que existen sectores máis favorábeis á independencia, isto non exclúe outros perfís por razón de orixe, lingua... De facto, tal e como explicou Ivan Serrano (2013), o independentismo é maioritario precisamente grazas á participación nel dos chamados «outros cataláns». Non sería posíbel doutra forma, se temos en conta que hoxe 70% da poboación catalá ten, polo menos, un ascendente de primeira ou segunda xeración (pais, avós) nacido fóra de Catalunya.

Así pois, sabemos que as persoas con ambos os proxenitores nados en Catalunya teñen máis probabilidades de seren favorábeis á independencia que no caso das persoas con algún dos proxenitores nacido fóra de Catalunya, e que é claramente minoritaria (mais non inexistente) entre as persoas con ambos os proxenitores nados fóra de Catalunya. Mais unha proporción relevante dos apoios á independencia está conformada por persoas con identidade dual e con pais nados fóra de Catalunya (gráfica 4).

Polo outro lado, desde o punto de vista ideolóxico, podemos deducir que este movemento superou o seu matriz orixinario para abranguer un corpus social máis amplo, cuns perfís ideolóxicos moi transversais, que van desde o máis liberal-conservador (PdeCat) até posicións moi á esquerda (CUP). Como afirmaban Muñoz, Guinjoan e Vilaregut (*Informe sobre l'estat de la democràcia a Catalunya*, 2010), o independentismo clásico impulsou o ciclo de mobilización de onde xurdiron as manifestacións e as consultas, aínda que o mesmo ciclo provocou a aparición de novos actores



Gráfica 4

Apoio ao estado independente por orixe dos pais e nais

■ 2011
■ 2016

Fonte: Institut de Ciències Polítiques i Socials (ICPS)




Castellers na Via Lliure durante a Diada de 2015

políticos que se sumaron á mobilización. Na organización das consultas, o movemento independentista adquiriu claramente un matiz democratizador e *empoderador*, coa implicación de sectores que participaran no movemento 15M e que proviñan dun pasado assembleario e republicanista.

3. Mudanzas no escenario político catalán

Poderíase especular sobre como a crise económica incentivou o independentismo en Catalunya, mais o certo é que a crise que comezou en 2008 abriu un novo ciclo político en que se produciu, por un lado, un incremento da mobilización cidadá e, polo outro lado, un enroque das posicións dos partidos e das estruturas de poder tradicionais. Tal e como sinalou o sociólogo Manuel Castells (2017), atopámonos ante unha situación de crise profunda de lexitimidade dos sistemas políticos no mundo. Non é estraño, pois, que o ciclo de mobilización independentista estivese acompañado por unha decantación da sociedade catalá cara a posicións de esquerda. Igualmente, non é sen importancia que se constituíu como un movemento de mudanza política profundo e que reclame maiores doses de democracia e transparencia.

Mais, como dicíamos, este movemento participa da reivindicación social que se produce noutros países. No *Informe sobre l'estat de la democràcia a Catalunya 2013* púñase en evidencia un aumento considerábel da porcentaxe de poboación que nos últimos anos declaraba participar en entidades, manifestacións, concentracións, actos de protesta, boicots... Segundo os datos deste informe elaborado por Marc Parés, a porcentaxe de persoas que participan en entidades pasou de 31% no ano 2001,



Gráfica 5
Participación en manifestaciones
ou concentraciones (%)

Fonte: Informe sobre l'estat de la democràcia a Catalunya 2013. Gencat

a 45% en 2006 e a 62% en 2011. En canto ás manifestacións, podemos observar no gráfico seguinte o espectacular aumento que se produce entre 2007 e 2013 no volume de participantes. Así mesmo, a *Enquisa social europea* mostra que en España as persoas que participaron nunha manifestación autorizada entre 2011 e 2012 son 25,8%, moi por encima da media europea (6,7%) (gráfica 5).

O movemento independentista forma parte deste ciclo de protesta e de perda de lexitimidade do sistema político. No caso español, esta situación implica un incremento da conflitividade política e unha crecente perda de confianza cara ás institucións, como sucedeu, por exemplo, coa figura da monarquía. Como movemento de base, o independentismo removeu os cimentos da política catalá (e talvez da política española) tal e como se configurou no marco da Transición.

Como mostra, un dato. Se en marzo de 2011 o político catalán mellor valorado polos electores era Antoni Duran i Lleida² de UDC, en marzo de 2015 o político mellor valorado era David Fernández, da CUP, nas antípodas ideolóxicas. O partido de Duran desapareceu do *Parlament* nas eleccións de 2015, as mesmas en que a CUP obtivo 10 deputados. Estas mudanzas no escenario electoral reflicten a conmoción que causou o independentismo en Catalunya.

No entanto, hai que ter en conta que o independentismo é, ao mesmo tempo, a expresión dunha reivindicación e a reacción a unha tendencia recentralizadora e humillante que liderou o Partido Popular coa campaña de recollida de sinaturas contra

o *Estatut* catalán, mais que forma parte dunha relación entre Catalunya e as institucións do Estado (Tribunal Constitucional, sistema xudicial, gobernos de todas as cores...) que se remonta a tempos atrás. A aparición de *Ciudadanos* como ariete do anticatalanismo é unha tentativa de enquistar este conflito ao convertelo nun enfrontamento entre identidades. O independentismo emerxeu como un movemento que supera, precisamente, a adscrición étnica. Mais non se pode menosprezar o efecto que tivo un partido como *Ciudadanos* no escenario político catalán, como forza lexitimadora da identidade española como identidade «non independentista» e mesmo «anticatalanista», cun rexeitamento frontal á existencia dun marco simbólico e institucional de carácter nacional en Catalunya. Grazas a este efecto, emerxeu un nacionalismo español que opera procurando o enfrontamento e que acolle os grupos ultras violentos.

Non sabemos até que punto se pode establecer que o ciclo inicial do proceso independentista, o que se desenvolveu até outubro de 2017, está pechado. Tampouco sabemos se o ciclo de conflito que leva a aparición da fronte españolista con

«Como movemento de base, o independentismo removeu os cimentos da política catalá (e talvez da política española) tal e como se configurou no marco da Transición»

² Barómetro de Opinión Pública. 1.ª onda de 2011. *Centre d'Estudis d'Opinió*. Duran i Lleida obtén a mellor puntuación con 6,4.



Imaxe aérea dun tramo da manifestación da Diada de 2017

Ciudadanos e Sociedad Civil Catalana terá un límite na creación de episodios de violencia e agresións contra símbolos e persoas que promoven a reivindicación a favor dos presos políticos. E tam pouco sabemos como superará o independentismo a situación de prisión e exilio dos líderes políticos e civís que lideraron o movemento.

Sabemos que nos atopamos ante outra situación máis complexa, mais, ao mesmo tempo, menos especulativa en que o conflito se expón abertamente. O final da «revolución dos sorrisos» non implica o final do movemento independentista, mais a súa transformación nunha cuña de base radicalmente crítica e transformadora que pode sacudir todo o sistema político español. ●

Bibliografía

- CASTELLS, Manuel (2017): *Ruptura*. Madrid: Alianza Editorial.
- GUINJOAN, MARC; RODON, Toni (2015): «A Scrutiny of the Linz-Moreno Question», *The Journal of Federalism*, 46(1). Oxford: Oxford University Press.
- PARÉS, Marc (2010): *Informe sobre l'estat de la democràcia a Catalunya, 2010*. Generalitat de Catalunya.
- (2013): *Informe sobre l'estat de la democràcia a Catalunya, 2013*. Generalitat de Catalunya.
- ROVIRA, Marta (2016): «Franquisme i democràcia. El binomi (im)possible de la Transició». *Eines*, 28. Barcelona: Fundació Josep Irla.
- (2016): «Les mobilitzacions pel dret a decidir. Una fenomenologia de l'abast social i simbòlic de la reivindicació». *Societat Catalana 2014-15*. Barcelona: Associació Catalana de Sociologia, Institut d'Estudis Catalans.
- SERRANO, Ivan (2013): *De la nació a l'estat*. Barcelona: Angle Editorial.
- SIMON, Antoni (2005): *Construccions polítiques i identitats nacionals: Catalunya i els orígens de l'Estat modern espanyol*. Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat.
- TORMOS, RAÜL; MUÑOZ, Jordi (2012): «Identitat o càlculs instrumentals? Anàlisi dels factors explicatius del suport a la independència». WP Centre d'Estudis d'Opinió.



- Nena cunha estelada pintada na cara durante a Diada de 2012

ORIO RAMON MIMÓ

Doutor en filoloxía catalá. Coordinador do comité de redacción da Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos

A República Catalá, un marco de oportunidades

Resumo

A lingua é unha importante ferramenta de cohesión social nunha sociedade como a catalá receptora dunha diversidade enorme de culturas e linguas. Hoxe en Catalunya, empréganse unhas trescentas. A diversidade é un valor que cómpre saber xestionar e que se pode organizar de diferentes xeitos para non pór en perigo a lingua propia dun territorio.

Dispor dunha república é unha oportunidade para reverter unha situación de regulación adversa e aumentar os espazos de uso da lingua catalá. Debe garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía, pór en valor a diversidade, garantir a igualdade de oportunidades para todo o mundo e vehicular o catalán como lingua vertebradora do novo ámbito político e social. Tamén favorecer as relacións entre todos os territorios de fala catalá, facilitar un preciso recoñecemento internacional e converter o catalán nunha ferramenta de acollida que garanta a igualdade de oportunidades.

Palabras chave: lingua, normalización lingüística, catalá, república catalá.

Abstract

Language plays a key role in social cohesion in societies such as Catalonia which are home to a wide range of different languages and cultures, with over three hundred present today. Diversity is a value which must be managed and organised in different ways so as to avoid posing a threat to the country's endogenous language.

A republic would pave the way to reversing the current negative regulatory situation in order to broaden the areas where Catalan is used, ensuring at the same time that citizens' language rights are respected, promoting the value of diversity, guaranteeing equal opportunities for all and promoting Catalan to galvanise the new social and political scenario. At the same time, the Republic should endeavour to strengthen the ties between all of the Catalan-speaking areas, promoting international recognition and converting Catalan into a tool for integration which guarantees equal opportunities.

Keywords: language, language normalisation, Catalan, Catalan republic.



© Eduard Díaz i Puig

O Preámbulo da Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos, aprobada en Barcelona o día 6 de xuño de 1996, di textualmente:

A situación de cada lingua [...] é o resultado da confluencia e da interacción de multiplicidade de factores diferentes: político-xurídicos, ideolóxicos e históricos; demográficos e territoriais; económicos e sociais; culturais; lingüísticos e sociolingüísticos; interlingüísticos; e finalmente subxectivos.

Este parágrafo, acordado con máis dun cento de expertos mundiais, contextualiza perfectamente a complexidade dunha ferramenta que denominamos 'lingua' e que utilizamos para unha cousa aparentemente tan sinxela coma é comunicarnos.

Ademais, o documento pon de manifesto que unha lingua non existe separadamente do pobo que a utiliza e fala, e por iso esfórzase a definir unha comunidade lingüística coma unha «sociedade humana que, asentada historicamente nun espazo territorial determinado, recoñecido ou non, se auto-identifica coma pobo e desenvolveu unha lingua

común coma medio de comunicación natural e de cohesión cultural entre os seus membros». Evidentemente, a Declaración continúa describindo todas as situacións posíbeis que se dan a partir dos condicionantes mencionados no parágrafo anterior: a división administrativa dalgunhas linguas e o consecuente cambio de status legal; os colectivos asentados en espazos territoriais doutras comunidades lingüísticas cun peso demográfico máis que considerábel; a lingua das migracións, etc.

«Unha lingua non existe separadamente do pobo que a utiliza e fala»



- ◀ Imaxe da mobilización en defensa da escola catalá e o dereito a decidir o modelo educativo no centro de Barcelona o 14 de Xuño de 2014

«Se queremos que a lingua se converta nesta ferramenta de acollida e de cohesión social, tamén ten que ser percibida como tal por parte de toda a poboación, especialmente por aquelas persoas que non a teñen de seu»

Este calidoscopio lingüístico que a Declaración se esforzou a describir e a traducir en dereitos agora xa hai máis de vinte anos é o debuxo da maioría das sociedades actuais.

Por todos é sabido que Catalunya está en pleno proceso de emancipación e que está facendo camiño cara á plena consecución da república catalá. Este vieiro político comporta moitos debates paralelos que axudan a perfilar o marco conceptual da república. Un destes é xustamente o status xurídico do catalán nesta nova organización republicana.

Este debate abórdouse, como é lóxico, dende moitos e diversos puntos de vista que non valorarei neste artigo. Máis ben ao contrario, quixera pór en valor algunhas cuestións que penso teñen que ter en conta as comunidades que, coma a catalá, enceten procesos de emancipación e teñen no seu territorio unha gran diversidade lingüística e unha historia complexa.

En primeiro lugar, e non serei orixinal, cómpre comezar dende o feito da importancia e transcendencia da lingua coma ferramenta de cohesión social. Certamente, a sociedade coma a catalá (e a maioría das sociedades actuais) recibe fluxos de poboación constantemente. Son persoas que chegan cos seus problemas, desexos e anhelos, mais tamén coa súa lingua. A sociedade catalá é, nese caso, receptora dunha diversidade enorme de linguas e culturas. Os últimos datos sitúan nunhas trescentas as linguas de uso individual e familiar faladas en Catalunya. E este fenómeno cómpre vivilo e entendelo coma unha oportunidade: a diversidade é un valor que cómpre saber xestionar. Do mesmo xeito, as persoas que chegan con este legado lingüístico precisan dun marco referencial que

lles facilite a súa inclusión na nova sociedade que as acolle. Por este motivo, a república catalá terá que reforzar o status do catalán e a súas estruturas político-administrativas para se converter nunha ferramenta real de acollida e, polo tanto, un instrumento único para garantir a igualdade de oportunidades. Neste senso, a inmersión lingüística na escola é unha ferramenta imprescindible.

Dispor dunha república é unha oportunidade, logo, para revertir unha situación de regulación adversa e aumentar os espazos de uso da lingua catalá coma lingua propia da nova república. Esta opción permitiría que as relacións coa administración, e co resto dos ámbitos, se fixeren (ou se puidesen facer) en catalá con normalidade. E, polo tanto, a nova república terá que crear un marco legislativo que regule o uso preeminente do catalán (e o aranés no Val d'Aran) en ámbitos administrativos, oficiais, públicos e educativos, nas novas tecnoloxías, nos medios de comunicación, etc.

E neste contexto, o novo status político ten que favorecer necesariamente as relacións recíprocas entre todos os territorios de fala catalá, así como facilitar un preciso recoñecemento internacional. E é que se queremos que a lingua se converta nesta ferramenta de acollida e de cohesión social, tamén ten que ser percibida como tal por parte de toda a poboación, especialmente por aquelas persoas que non a teñen de seu. E isto vai intimamente ligado ao prestixio social, ao status legal e á percepción obxectiva e subxectiva da súa utilidade.

Do mesmo xeito, non estamos a facer unha república para recortar dereitos, mais para gañalos, porque, no seu concepto máis esencial, os valores republicanos se basean no respecto e fomento dos



Dous autocolantes empregados pola Plataforma per la Llengua

dereitos colectivos e individuais da cidadanía. E é xustamente este motivo polo cal somos quen de afirmar que o catalán (e o occitano aranés no Val d’Aran) non será unha lingua verdadeiramente vertebradora se tampouco ten en conta a natureza da sociedade plurilingüe onde, arestora, quedou situada. Polo tanto, cumprirá pensar que a nova lexislación lingüística da República terá que ter en conta os dereitos lingüísticos individuais para o castelán que garante a lexislación española. Esta opción, lonxe de se converter nun problema, volve ser unha oportunidade para garantir a convivencia e pode axudar a que a comunidade castelanfalante de Catalunya conciba a lingua catalá coma a vertebradora dunha sociedade plurilingüe, e que a comunidade de fala catalá teña a mesma facilidade para aprender e usar unha lingua castelá que, tras anos e por motivos moi diversos, forma parte do imaxinario de boa parte da poboación da nova república. Estas últimas constatacións, son consciente, son moi discutidas por algunhas persoas que enfocan o tema dende posicións esencialistas de máis. A miña posición neste senso encétase, tamén, dende o convencemento de que a diversidade lingüística é unha oportunidade e que hai moitos xeitos de organizala para non pór en perigo a lingua propia dun territorio coma o catalán. Por este motivo, subscribo as afirmacións dun grupo de filólogos do xornal *Ara* (do 5 de abril de 2016):

Cremos que todos os cataláns terían que ser quen de decidir democraticamente e soberanamente o status legal das linguas. Tamén simpatizamos cos argumentos que outorgan á lingua catalá no seu

territorio secular unha lexitimidade especial que a historia pode axudar a entender, mais que se xustifica, sobre todo, pola súa capacidade presente de artellar socialmente, politicamente, economicamente e territorialmente os países onde se fala. Por iso, parécenos positivo que a sociedade civil catalá manteña unha tensión e mobilización sobre o tema, que se traslade ás institucións políticas e á sociedade no seu conxunto.

E iso non é posíbel se non se fai dende puntos de vista máis inclusivos e amplos que reflectan o conxunto da poboación.

En conclusión, se a nova república quere garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía, pór en valor a diversidade, garantir a igualdade de oportunidades para todo o mundo e vehicular o catalán como lingua vertebradora do novo ámbito político e social, cumprirá ter en conta, coma mínimo, estes eixos:

—Un marco xurídico que garanta os dereitos lingüísticos da cidadanía e desenvolva os regulamentos precisos que fagan do catalán (e o aranés no

«A comunidade castelanfalante de Catalunya ten que concibir a lingua catalá coma a vertebradora dunha sociedade plurilingüe»



Deseño de Joan Turu en defensa do uso do catalán na escola

Val d'Aran) a lingua vertebradora (e propia) da república, con especial recoñecemento polo castelán.

—Un marco educativo baseado no modelo de inmersión lingüística, orientado cara ao plurilingüístico. A educación terá que ter presentes algúns trazos esenciais como o seu carácter acoledor, inclusivo e universal, tal e como xurdirá das realidades políglotas do alumnado.

—Un modelo lingüístico no ámbito da economía do coñecemento que terá que ter en conta a diversidade lingüística como unha oportunidade nun mundo globalizado.

—Un espazo catalán de comunicación cun fomento claro da lingua propia e unha regulación efectiva de todos os operadores para que promovan os valores da diversidade e tamén respecten as políticas lingüísticas da república.

—Un espazo de recoñecemento no mundo coa presenza e o status que corresponden a unha lingua de estado nas institucións internacionais.

—Un espazo natural de uso e desenvolvemento da lingua: a dos *Països Catalans*.

En definitiva, o reto de construír unha república é inmenso, xigante, e o reto de crear un marco lingüístico eficaz, que se basee nos valores e principios republicanos, xera unhas oportunidades que, estou seguro, saberemos aproveitar.

Remato como comecei, citando un fragmento da Declaración universal de dereitos lingüísticos:

Artigo 7

1. Todas as linguas son a expresión dunha identidade colectiva e dun xeito distinto de percibir e de describir a realidade, polo tanto teñen que poder gozar das condicións precisas para o seu desenvolvemento en todas as funcións.

2. Cada lingua é unha realidade constituída colectivamente e é no seo dunha comunidade que se fai dispoñíbel para o uso individual, como instrumento de cohesión, comunicación e expresividade creadora. ●



JORDI CUIXART NAVARRO

Presidente de Òmnium Cultural. Preso político

Foto del Reial, 21 de junio 2018

Queridísimos amigos y amigas,

Des de la prision de foto del reial, el calor, agarrimo y estima que lleja de Feliza nos acompaña en estos meses de represion, duros para la democracia y para todos los pueblos de España.

Hoy son libros quemados, cantantes censurados la dignidad de los 15 de Meriás que cantan "abrido a dentadura" a la desmemoria, muchos otros activistas pensadores y politicos en carcelados por sus ideas.

Pa no perir al autoritarismo, futuridad, frente a la mentira y la intolerancia, cultura y mas cultura, frente a la represion, error termin y fraternidad.

Nunca renunciaremos al derecho a la autodeterminacion ni a los derechos humanos, el

derecho a vivir en paz y libertad: Cada día que pasamos en prision respicamos su importancia.

No nos cansamos de defender el derecho de vivir en Paz y libertad y de defender que la causa de la democracia es universal para perseguir el anhelo de una sociedad mas justa, libre y prospera.

Los presos politicos no somos la representacion de ninguna corriente sino una potencia democratica para el conjunto de los Países Catalans y todas las naciones sin estado del mundo.

Dicen que la multitudinaria y la tirania de los pueblos, una vez más gracias por vuestro coraje y determinacion. Hoy el pueblo gallego y el pueblo catalan estan mas unidos que nunca.

Con todo el coraje y compromiso

«Impic en davant!»

Jordi Cuixart
- President d'Òc -





ISABEL PALLARÈS

Secretariado Nacional da Intersindical-CSC

► Manifestación e folga xeral en
Barcelona o 3 de outubro de 2017

O camiño cara a República Catalá e o sindicalismo

Resumo

O papel desempeñado por cc.oo. e UGT ao longo das últimas folgas foi moi clarificador a respecto do seu papel ante a reivindicación do dereito a decidir do pobo catalán: nin cc.oo., nin UGT convocaron folga, nin se posicionaron claramente ao respecto. A folga xeral do 8 de novembro convocouna en solitario a Intersindical-csc. A situación política e social en Catalunya, o contido das reivindicacións e a súa intensidade sacou da zona de confort os grandes sindicatos españois instalados no autonomismo, mais constatouse que a obediencia estatal e os equilibrios internos de poder priman sobre a vontade popular.

Palabras chave: autoorganización, sindicalismo, Intersindical-csc, cc.oo., UGT.

Abstract

The role played by the two main Spanish trade unions, Workers' Commissions (ccoo) and the General Union of Workers (UGT), during the recent strikes is indicative of the position they have adopted regarding the Catalan people's demand to exercise its right to self-determination, with neither union joining the call for a strike or taking a clear stance on the matter, with the general strike held on 8 November convened by the Catalan Trade Union Confederation csc alone. The demands and the intensity of the political and social situation in Catalonia have forced the Spanish trade unions with their autonomist mind-set out of their comfort zone, whilst at the same time revealing that they are more interested in towing the State line and concerned about internal equilibriums than with what society actually wants.

Keywords: autonomous organisation, trade unionism, Catalan Trade Union Confederation (csc), Workers' Commissions (ccoo), General Union of Workers (UGT).



© Òmnium Cultural

O proceso catalán caracterizouse, entre outras cousas por tensar as organizacións, fundamentalmente as políticas, e producir crises importantes. É o caso de CDC, o caso do PSC-PSOE, eran/son organizacións fundamentais do réxime do 78 en Catalunya e a mobilización social e os cambios de escenario político fixéronlle saltar as costuras. Cabe lembrar que neste contexto tamén influíron os diversos casos de corrupción, tradicionalmente a corrupción foi compañeira de viaxe da política no Estado Español.

«De todos é coñecido que un xeito de gañar votos en España é atacar a Catalunya, chegouse a este punto»

No ámbito sindical, os dous grandes actores, CC.OO. e UGT seguen a gozar de relativa boa saúde, mais existe preocupación. No terreo sindical a alternancia preséntase en termos de reparto (O «mercado sindical» é en definitiva un xogo de suma cero, no que diversos xogadores se van repartindo as representacións en cada elección, sen que isto inflúa de xeito decisivo nas políticas que se desenvolvan). No terreo político, a alternancia preséntase, cando menos formalmente, en termos de competencia e en ocasións de antagonismo (Esquerda/Dereita), no terreo sindical, frecuentemente custa facer a distinción.

No caso de Catalunya, e na maior parte do Estado, é un reparto a dous acordado desde os Pactos da Moncloa (Outubro 1977) cunha blindaxe legal e institucional importante, blindaxe da que forma parte a estruturación da negociación colectiva. É parte fundacional do réxime do 78 e foi o que permitiu desenvolver as políticas macroeconómicas neoliberais dos últimos tempos e afrontar as reconversións industriais dos anos oitenta.



A represión durante o referendo do 1 de Outubro espallouse por todo o mundo evidenciando a baixa calidade democrática do Estado español

A situación política e, sobre todo social en Catalunya, o contido das reivindicacións e a intensidade coa que se desenvolve, saca da zona de confort os grandes sindicatos, instalados comodamente no autonomismo. Unha cousa é defender un xenérico dereito á autodeterminación, ou o dereito concreto en lugares determinados, canto máis lonxanos mellor. E outra é asumir que o pobo de Catalunya ten o dereito a autodeterminarse e que, polo tanto, un referendo, como o do un de outubro é lexítimo, legal e vinculante por definición. E que non é de recibo escudarse nas garantías cando só se pide a unha parte e se pasa por alto a cerrazón do Estado e a súa deriva autoritaria e demófoba. Pór no mesmo plano opresor e oprimido ponte do lado do opresor. Isto é de a, b, c.

Prodúcese por tanto dous tipos de tensións: as externas, froito da súa propia estrutura organizativa e obediencia no nivel estatal. De todos é coñecido que un xeito de gañar votos en España é atacar a Catalunya, chegouse a este punto, e isto vale tamén no nivel sindical. Polo tanto, unha actitude «pro proceso» ou non o suficientemente belixerante presenta serios problemas, máis aló do que serían as formulacións ideolóxicas. Estas tensións percíbense na negociación colectiva de ámbito estatal.

E as internas, o debate político está na rúa e nos centros de traballo, hai un desprazamento importante das opinións a respecto da independencia, en poucos anos o independentismo converteuse na corrente maioritaria. Segundo enquisas internas o partido máis votado pola afiliación a cc.oo. é ERC. Racháronse os esquemas tradicionais. Para entender mellor estas tensións internas non está de máis analizar a estrutura organizativa dos grandes

sindicatos en Catalunya. No caso de cc.oo. existe un control político importante por parte de Iniciativa per Catalunya-Verds, directamente proporcional á posición xerárquica. No caso de UGT a situación é máis complexa, existe un sistema de cotas políticas tácitas en constante reequilibrio. Exemplos: o actual presidente da UGT é próximo ás teses do PSOE, as ex conselleiras Neus Munté i Dolors Bassa (Antiga Secretaria Xeral da UGT de Girona), de CiU e de ERC respectivamente proviñan de UGT, e no actual goberno existen máis casos... En cc.oo. existe un colectivo de Sindicalistes per la Independència cunha certa marxe de manobra supervisada. En UGT unha iniciativa deste tipo sería máis arriscada e podería pór en perigo os fráxiles equilibrios internos. As estruturas organizativas e de poder mantéñense mentres o chan se despraza. A defensa do referendo e a reivindicación xeralizada de independencia son factores de cambio e de ruptura.

Deberíamos aprender do acontecido durante o outono do ano pasado e, sobre todo, lembrar o papel xogado tanto por cc.oo. como por UGT durante as folgas do 3 de outubro e o 8 de novembro.

«As grandes mobilizacións en Catalunya impulsadas por organizacións da sociedade civil non precisan dos grandes sindicatos»



Bombeiros cataláns sumándose á manifestación con motivo da folga xeral do 3 de outubro 2017

A folga do 3 de outubro, despois da celebración do referendo e a actitude represiva do Estado, supuxo o maior paro na historia recente de Catalunya coincidindo folga, con peches patronais e unha mobilización cidadá sen precedentes. Nin cc.oo. nin UGT convocaron folga nin se pronunciaron claramente ao respecto. A folga xeral do 8 de novembro convoca en solitario a Intersindical-csc e, neste caso, tanto UGT como cc.oo. pronunciaríanse en contra con dous tipos de afirmacións: que só eles poden convocar folgas xerais, teñen o monopolio. E que se trataba dunha folga política, custa distinguir o político do profesional en calquera folga xeral. O máis grave do caso é que cando a grande patronal catalá, *Foment del Treball Nacional*, presenta demanda por folga ilegal recupera como probas as afirmacións dos dirixentes tanto de cc.oo. como de UGT. Este pronunciamento á contra vivíuse no nivel de declaracións públicas e tamén no nivel das empresas onde afiliados aos grandes sindicatos fixeron o imposible para bloquear a folga.

O problema de fondo que se lles presenta é a perda do monopolio da paz social. Desde os anos oitenta as grandes mobilizacións foron dirixidas polos sindicatos, unha vez os partidos están instalados no espazo institucional. Os grandes axentes de mobilización foron sindicais, o problema non é de representatividade –ser máis representativo, cos privilexios que isto outorga–, o feito de seren máis representativo só a dous. As mobilizacións do 15M comezaron a rachar este monopolio, as grandes mobilizacións en Catalunya impulsadas por organizacións da sociedade civil non precisan dos grandes sindicatos, as folgas xerais do 3 de outubro, a do 8 de novembro e a folga feminista do 8 de

marzo e as actuais mobilizacións de pensionistas en todo o Estado, están a escapar do seu control. Se deixan de ser os garantes da paz social a súa forza negociadora e o seu protagonismo está tocado, e polo tanto o seu poder. Temos que aproveitar a situación actual en Catalunya para desbordalos e rachar outra peza do rexime do 78.

De Pactes Nacionais, Taules e Espais

En Catalunya existe unha importante tradición de organismos unitarios, de amplo espectro, coa pretensión de traballar de xeito conxunto cuns acordos comúns. É evidente que nestes formatos sempre existen protagonismos e liderados que acaban marcando os tempos, os contidos e as cousas que facer, que se pode estar nunha plataforma para que funcione ou para que non funcione e que o mínimo común denominador é o un o cal non ten mérito algún.

En xuño de 2013 constitúese o *Pacte Nacional pel Dret a Decidir*, unha proposta con grande protagonismo e presenza institucional. As sesións realízanse no Parlament, e agrupa institucións (Goberno e Parlamento), partidos, sindicatos, patronais, e organizacións da sociedade civil, en definitiva, trátase de visualizar o consenso social sobre o dereito a decidir ampliando ao máximo o perímetro. Trátase, tanto de ampliar como de evitar posicións á contra. O papel de UGT e, sobre todo de cc.oo., é cuestionar «o proceso» poñendo énfase sobre todo nas garantías, en xeral, e en particular nas garantías referentes ao funcionariado. De feito partillan posición co espazo «dels comuns» esixindo que un referendo ten que ser legal, vinculante e con garantías, e emprazan as forzas soberanistas a cumprir



© Omnium Cultural

Os bombeiros cataláns ao igual que moitos outros sectores profesionais xogaron un papel moi importante na defensa do dereito a decidir e na denuncia da represión

con estes requisitos, sen poñer en cuestión o Estado Español, sempre se lle esixe a unha das partes. Para os sindicatos do Rexime do 78 non é un formato cómodo, mais tampouco poden non estar.

En decembro de 2016 esta plataforma convértese no *Pacte Nacional pel Referendo* e despraza o centro de gravidade cara a sociedade civil, polo que perden protagonismo tanto as institucións como os partidos políticos. Trátase de acumular forzas, tanto internas como externas en aras de realizar un referendo acordado co Estado.

En setembro de 2017, e nun contexto xa represivo, constitúese a *Taula per la Democràcia*, co obxectivo de dar unha resposta unitaria, pacífica e coordinada en defensa das institucións catalás e os dereitos fundamentais xa en perigo. É unha plataforma moi ampla basicamente reactiva e centrada na sociedade civil. O liderado e protagonismo recae en UGT e cc.oo. e as grandes organizacións soberanistas. Hai un xogo de intereses mutuos, todos se precisan e ninguén quere estar fóra. De feito, os plenarios veñen xa «cociñados» e convértense en meros fogos de artificio. As grandes organizacións

soberanistas poden constatar en vivo e en directo, moi ao seu pesar e sen recoñecelo publicamente, a pouca vontade mobilizadora e dilatoria de cc.oo. e UGT, de feito actúan como minoría de bloqueo cualificada ante calquera proposta. A Taula convocou dúas concentracións en outubro 2017.

En marzo de 2018 a *Taula per la Democràcia* reconvértese en *Espai Democràcia i Convivència*, cun modelo organizativo máis pechado, as organizacións autodenominadas fundadoras (Obviamente cc.oo. e UGT) outórganse maiores dereitos e atribucións e como elemento significativo a énfase desprázase da situación de represión e demofobia que padece Catalunya á cohesión social e á convivencia. Non é un tema menor, «Cal donar una solució democràtica al conflicte i preservar la convivència i la cohesió social». Na práctica supón un volvan vostedes á normalidade, poñendo no mesmo plano demócratas e represores, esquézanse do un de outubro. E dan por feito que existe unha fractura social en Catalunya producida polo proceso político. De feito están dándolles verosimilitude a argumentos de Ciudadanos e Sociedad Civil Catalana

Reunión entre as centrais sindicais soberanistas de Galiza, Euskal Herria e Catalunya realizada en Compostela



© Paula Castro

(Asociación españolista con vinculacións coa extrema dereita organizada).

O único destacábel do *Espai Democràcia i Convivència* é a convocatoria dunha manifestación en Barcelona o 15 de abril de 2018 baixo o lema «Pels drets i llibertats, per la democràcia i la cohesió social, us volem a casa». O «Us volem a casa» é unha solución de consenso para evitar posicionarse sobre a existencia ou non de exiliados e presos políticos, presos políticos/versus políticos presos. De feito na manifestación percíbense dúas cabeceiras, unha independentista e a outra dos sindicatos máis representativos e entidades afíns. A manifestación na súa globalidade é claramente independentista aínda que a súa xestión tanto organizativa como mediática móvese na ambigüidade, esa parece a tendencia imposta tanto por cc.oo. como por UGT.

E mentres tanto...

Estamos vivindo un momento de alta complexidade, tras a efervescencia do 2017, sobre todo no outono. O éxito político do 1 de Outubro, a celebración dun referendo contra todo prognóstico e

«Púidose constatar o rol ambiguo e lamentábel tanto de UGT como de CC.OO. no referente ao proceso soberanista en Catalunya»

cun importante despregue represivo por parte do estado, non o soubemos xestionar correctamente, temos que facer unha revisión crítica do acontecido. É preciso reformular estratexias. A sensación é que pasamos dunha lóxica de movementos a unha lóxica de posicións, sabendo que nestes tempos se pode pasar da pausada carreira de fondo ao sprint en pouco tempo.

Púidose constatar o rol ambiguo e lamentábel tanto de UGT como de cc.oo. no referente ao proceso soberanista en Catalunya, as obediencias estatais e os equilibrios internos de poder non parece que vaian cambiar a curto e medio prazo, a súa actitude será de máis do mesmo. E en maior medida se pasamos de «efervescencias» a calmas tensas. A menor presión política oxixénaos, todo o que nos leve outra vez a enfoques autonomistas, quítalles presión, tanto interna como externa, e apuntálaos.

E falando de lóxica de posicións unha destas posicións é o ámbito sindical. Sería precisa unha profunda reflexión por parte de partidos políticos e organizacións sociais ao respecto. Non son tempos de «follas de ruta», son tempos de estratexia e de tácticas. Son tempos de ferramentas que nos permitan manobrar como e cando sexa preciso, sen complexos, facendo pedagogía desde os centros de traballo e non fuxindo de responsabilidades. É máis preciso ca nunca poder dispor dun sindicato de clase e nacional, que no contexto actual quere dicir independentista, o suficientemente forte como para condicionar o mapa sindical. O suficientemente forte como para garantir que a República Catalana estará ao servizo dos intereses das súas clases traballadoras. O proxecto da República Catalá é o proxecto das súas clases populares. ●



VICENT PARTAL MONTESINOS

Director de VilaWeb

- Faixa colgada en Barcelona a favor da liberdade de expresión e manifestación e contra a represión e involución democrática

O papel dos medios de comunicación cataláns no *Procés*. A importancia dos medios «non tradicionais» e as redes sociais

Resumo

O presente artigo aborda o papel que tiveron os grandes medios de comunicación a respecto do proceso soberanista catalán e como a desinformación, a mentira e a manipulación informativa alcanzaron niveis irrespirábeis a respecto de todo o *Procés* en xeral e moi particularmente no referido ao referendo do 1 de outubro, a proclamación da República Catalá e a aplicación do artigo 155 da Constitución española. Ese cerco mediático, no caso catalán, foi parcialmente superado grazas a penetración de importantes portais dixitais e o masivo uso de redes sociais por parte das e dos activistas soberanistas.

Palabras chave: medios de comunicación, manipulación informativa, redes sociais, medios dixitais, *Procés*.

Abstract

This article discusses with the role played by the mainstream media when dealing with the Catalan sovereignty process and how disinformation, lies and manipulation reached intolerable levels with regards to the Process in general and the referendum held on 1 October in particular, as well as the proclamation of the Catalan Republic and the application of Article 155 of the Spanish Constitution. However, this media onslaught was partially counteracted by the broad outreach of key on-line sites and the wide-scale usage of social networks by pro-sovereignty activists.

Keywords: media, information manipulation, social networks, digital media, independence process (El *Procés*).



© Diana Arbós

Os grandes medios estiveron, e viviron, sempre perto do poder. Isto non é ningunha sorpresa e sabíamolo todos. Mais, do mesmo xeito que xa ocorreu en tantos outros terreos, a proclamación de independencia e, por tanto, a concreción do proxecto político do independentismo, levoulles a facer saltar todas as costuras da decencia, as normas e a corrección profesional. Na medida que se achegaba a vitoria do independentismo, a partir das eleccións do 27 de setembro de 2015, vimos como crecía a desinformación, a mentira, a manipulación informativa. Desinformación, mentira e manipulación informativa que alcanzou niveis de escándalo durante o outubro republicano catalán e a partir do golpe de estado perpetrado ao amparo do artigo 155 da Constitución.

Un exemplo paradigmático é o titular do diario *El País* do 8 de decembro de 2017 con motivo da grande manifestación que tivo lugar en Bruxelas en apoio ao goberno lexítimo de Cataluña. O xornal español de referencia atreveuse a abrir a súa portada afirmando: «El separatismo pasea su odio a España por las calles de Bruselas».

O titular é paradigmático da mala praxe xornalística que os grandes medios españois exhibiron durante a crise catalá. En primeiro lugar, polo uso da expresión «separatismo». O uso sistemático desta expresión polo diario *El País* é moi recente. Pódese facer unha pescuda na súa hemeroteca e é fácil de comprobar que, nos artigos non de opinión, o seu uso comeza a ser constante só hai uns meses, ao substituír «independentismo», que era a expresión habitual. Cabe preguntarse con que intención o xornal realiza esta substitución tan relevante e

«O independentismo catalán non usa nunca a palabra «separatista», nin é este un vocábulo de uso común, excepto pola extrema dereita»

«Se para os españois a unidade de España é máis importante que a democracia, como non debía ser para os xornalistas españois a unidade de España máis importante que o xornalismo?»

creo que é difícil atopar unha explicación que non teña que ver co franquismo. O independentismo catalán non usa nunca a palabra «separatista», nin é este un vocábulo de uso común, excepto pola extrema dereita. Mais na mente de todos os cidadáns dunha certa idade resoa aínda o triplete franquista de «roxos, masóns, separatistas», como sinónimo de perigo e alarma social.

En segundo lugar, o titular é revelador da mala práctica xornalística do xornal, porque non informa de nada, é dicir desinforma. A expresión «pasea su odio» é, neste sentido, increíble. Creo que non fai falta explicar o que significa converter unha reivindicación política en odio, así que chamarei a atención sobre a expresión «pasea». Neste titular, que merece as honras dunha tese doutoral non sei se en xornalismo ou en psicoloxía, «pasea» pretende disfrazar, enmascarar o feito de estarmos ante unha manifestación. Segundo a policía belga, 45 000 persoas manifestáronse ese día en Bruxelas, na que se cualificou polos medios belgas como unha das manifestacións máis importantes na historia da cidade. Mais todo fica reducido a un paseo –apolítico, por tanto– para o redactor de *El País*. Apolítico é a clave, e por iso a manifestación convértese nun paseo. Se os medios españois negan ao proceso catalán o carácter político, converténdoo nun tema de delincuencia, como van explicar que 45 000 persoas se despracen a Bruxelas para participaren nunha manifestación, que, por definición, é un acto político? Ao convertelo nun paseo. Só iso. Un paseo de xente que odia. E que odio porque son os masóns, vermellos, separatistas que sempre odiaron España. Ignoro se o redactor que escribiu o titular, ou os seus xefes, eran conscientes

de como deixaban transparentar a súa alma en só dúas liñas. Mais o resultado é demoledor. Para eles.

Os grandes medios de comunicación tradicionais, españois e cataláns, mentres menosprezaban a forza do independentismo e calculaban que non podería gañar nunca, simplemente deixaron facer. Conformábanse cunha burla ácida de cando en vez e basta. Mais cando, de súpeto, viron que o que consideraban imposible ía pasar, entón non ficou nin unha liña vermella que atravesar. Se para os españois a unidade de España é máis importante que a democracia, como non debía ser para os xornalistas españois a unidade de España máis importante que o xornalismo? Por sorte, o xornalismo mudara tanto xa entón, grazas ás redes e internet, que a súa capacidade de incidencia na poboación xa era moi baixa, tan baixa como para non ser determinante.

O *Centre d'Estudis d'Opinió* (CEO) da Generalitat de Catalunya é un organismo encargado de elaborar enquisas periódicas para coñecer a realidade do país, a máis importante o *Baròmetre*. O *Baròmetre* analiza unha enorme cantidade de variantes políticas e sociolóxicas a través dunha enquisa regular que se publica en tres ondas anuais.

Un dos datos que publica o CEO trata o impacto dos medios de comunicación na conformación das opinións políticas, e os seus datos serven para seguir como está a mudar Catalunya tamén neste terreo. Xa hai anos que a televisión pública catalá lidera, grazas ao traballo excelente dos seus profesionais, o segmento dos informativos de televisión. E a RAC1 e *Catalunya Ràdio* lideran desde hai anos a radio. O gran contraste viña da prensa, onde o poder dos medios tradicionais en papel, claramente



Portada de *El País* do 8 de decembro de 2017

Os datos son significativos por varios motivos. En primeiro lugar, pola dispersión e a pluralidade. *La Vanguardia* segue a ser a referencia principal, mais cun nivel de penetración social similar aos sitios web de partidos e equiparábel aos diarios soberanistas *Ara* e *VilaWeb*. No mundo da prensa tradicional en papel isto era simplemente impensábel. E chama a atención tamén o papel de *El Periódico* e *El País*, que fican a moita distancia detrás das redes sociais e moi preto doutro diario soberanista, neste caso *El Nacional*. Na listaxe dos dez primeiros, aínda entra outra dixital soberanista, *Nació Digital*.

contrarios ao proceso de independencia, era esmagador. Con todo, a dixitalización e internet conseguiron romper tamén esa barreira.

Ao facer sumas, atopámonos que 358 enquisados teñen fontes soberanistas á hora de se informaren a respeito da política, mentres que 299 teñen fontes españolistas. E aínda que 432 persoas afirman seguirse informando a través de medios que teñen unha versión en papel, xa son 229 as que se informan basicamente a través de medios dixitais con marca. Ao sumar a esta cifra as redes sociais e os buscadores, o resultado xa é de 368.

Os datos do último *Baròmetre* dispoñíbel, o primeiro de 2018, publicado o mes de abril (ceo.gen-cat.cat/ca/barometre/detall/index.html?id=6668) revelan que as redes conseguiron romper o monopolio dos medios tradicionais. Á pregunta sobre «Como se informa vostede de política en internet?», das 802 persoas que afirman facelo (dun total de 1500), as dez primeiras respostas son as seguintes:

Os datos do CEO demostran, pois, unha realidade nova: a partir da dixitalización conseguíuse en Catalunya revertir o peso do españolismo nos medios de comunicación. Unha constatación que ficou moito máis clara aínda se se comparan os *Baròmetre* dos últimos anos, xa que a caída dos medios tradicionais españolistas é constante e paralela ao aumento da incidencia dos medios soberanistas.

- La Vanguardia*, 155
- Sitios web políticos (de partidos o grupos), 151
- Ara*, 129
- VilaWeb*, 123
- Redes sociais, 93
- El Periódico*, 79
- El País*, 69
- El Nacional*, 62
- Motores de busca, 46
- Nació Digital*, 44

É unha evidencia que non require de moitas explicacións que hoxe en día calquera persoa recibe máis información a través do móbil persoal que a través de calquera outro aparello ou medio, incluída a televisión. Facebook, Twitter, WhatsApp e os



mesmos medios dixitais son hoxe o prato principal do día no menú informativo dunha grande parte do país. E os efectos disto fanse notar.

O mundo dixital é infinitamente menos piramidal e moito menos controlábel desde o poder que o dos medios tradicionais e, por tanto, non só no Países Catalans mais tamén na Galiza e en calquera outro país do mundo, a comunicación a través dos medios dixitais adoita responder mellor á pluralidade de calquera sociedade. No noso caso, isto é así dunha maneira clara.

No caso catalán, é pouco discutíbel que, aínda que entre os diarios de papel só *El Punt Avui* e quizais *Ara* se poden considerar independentistas, entre as cabeceiras dixitais a oferta independentista é moito maior e máis poderosa, está mellor situada e ten unha incidencia maior. E por outro lado, o activismo independentista nas redes sociais é un fenómeno social digno de estudo cunha profundidade en canto á súa penetración social que non é comparábel con ningún outro medio. E isto non ocorre só entre a xente nova, como se podería pensar de xeito equivocado. As cadeas de WhatsApp,

por exemplo, son todo un fenómeno entre a xente de maior idade. Non sempre con consecuencias positivas, é certo, en canto á calidade da información achegada, mais dun poder monumental á hora de difundir información e abeiro á hora de crear opinión.

Esta obviedade, que creo que todo o mundo comprende e asume, non apareceu, no entanto, da nada. E isto é importante polo de relevo para que se poida apreciar a profundidade do fenómeno. Os Países Catalans en xeral e o independentismo como fenómeno cultural, social e político souberon abrazar a dixitalización entre os primeiros e traballárona a fondo cando aínda estaba na súa infancia. O que temos hoxe é tamén froito desa capacidade visionaria. Que *VilaWeb* sexa hoxe o máis antigo dos xornais europeos en formato dixital significa algo. Como quere dicir algo que o dominio *.cat* fose o primeiro dominio cultural do mundo en internet, abrindo un camiño que despois transitou tamén Galiza coa adopción do dominio *.gal*. Desde 1995, os fenómenos tecnolóxicos e sociais foron sucedéndose na rede catalá sen interrupción e sempre houbo alguén que se puxo á cabeza e abriu camiño. Das BBS, os

- ◀ Imaxes dalgunhas das cabeceiras dixitais máis importantes hoxe en Catalunya como o son *Vilaweb*, *Ara*, *Nacional.cat* ou *Nació Digital*

«Os datos do Centre d'Estudis d'Opinió demostran unha realidade nova: a partir da dixitalización conseguíuse en Catalunya revertir o peso do españolismo nos medios de comunicación»

foros primitivos, aos chats. Da web aos blogues, que xogaron un gran papel determinante na extensión e consolidación das ideas independentistas ao principio desta década. E dos blogues a Twitter. A conta persoal de Carles Puigdemont nesta rede púxose en marcha en decembro de 2007. A de Mariano Rajoy en xullo de 2011, tres anos e medio despois. A conta de Twitter de Esquerra Republicana de Catalunya é de outubro de 2009, tamén máis dun ano e medio antes do Presidente español, por exemplo.


A capilaridade da rede catalá, esta si de ámbito do conxunto dos Países Catalans sen discusión, é extraordinaria, como puxeron de relevo estudos moi diversos e como é evidente con iniciativas de todo tipo. Por exemplo, a segunda Wikipedia que se creou nun idioma distinto que o inglés foi a Viquipèdia en catalán, nacida o 16 de marzo de 2011, só uns minutos despois de que aparecese a Wikipedia en alemán. Con todo, a Wikipedia en alemán permaneceu sen contidos durante dous meses e, neste sentido, pódese dicir que a Wikipedia en catalán foi a primeira do mundo en pór artigos nunha lingua distinta do inglés. Hoxe en día, aínda é a décimo

sétimo polo número total de artigos, unha posición certamente remarcábel e que é un indicador –outro máis– do éxito da lingua catalá na rede.

Á hora de explicar, con todo, que o catalán é un caso de éxito en internet e que internet é un caso de éxito para o catalán, hai que ter en conta que a rede ten uns condicionantes que a fan máis próxima que estraña ao catalán e ao xeito de facer e funcionar da cultura catalá. Basicamente pola súa descentralización e o feito de que non poden existir barreiras impostas de carácter técnico ou político. Isto torna diferente a comunicación a través de internet en calquera país do mundo.

Se houberen barreiras técnicas importantes (se os sitios web só puidesen facelos grandes empresas con moitos millóns de euros ou con altísimos recursos técnicos) ou se tivesen barreiras políticas (se as institucións tivesen que autorizar unha páxina web antes de publicala, por exemplo) é moi probábel que o catalán na rede estaría na mesma posición difícil en que está noutros segmentos da comunicación, como é o caso do cinema. E, seguramente, o esforzo da base daría cunha parede xigantesca que non saberíamos exactamente como derrubar. Mais non foi así, e diso sacouse un gran proveito. Por sorte.

Mais é moi difícil neste sentido non remarcar que esas condicións que fixeron do catalán, e dos medios en catalán na rede, e do soberanismo dixital, un éxito son as mesmas, de feito, que permitiron ao independentismo crecer desbordante e acantoando os poderes tradicionais do país. Hai un camiño paralelo que explica moitas cousas e que creo, sinceramente, que pode ser un exemplo válido para calquera nación do mundo que queira traballar para a súa liberdade. ●



Captura de pantalla dun chio do *President* Puigdemont da súa conta de Twitter



RUBÉN PERMUI IGLESIAS

Xornalista galego afincado en Catalunya

A comunicación no *Procés*. A importancia da imaxe e a mensaxe

Resumo

A estratexia de comunicación entorno ao *Procés* é unhas das chaves do seu éxito de adhesión. O activismo presencial e dixital son unha constante en Catalunya para sumar na defensa da democracia catalá. Organizacións políticas e especialmente civís dedican un feixe de recursos para dar pulo á participación colectiva nun momento histórico, nunha sociedade que desde hai moito tempos vén de demostrar ser consciente da súa capacidade de se artellar en rede pola defensa dos seus intereses. A construción da mensaxe que transmite o *Procés* non se pode circunscribir a unhas siglas, a un feito, a un aceno ou a unha data, xa que é o resultado dunha suma de factores que implican participación social de xeito transversal.

Palabras chave: comunicación, mobilización, dixitalización, redes sociais, Twitter, cancelo, *Estelada*, lazo amarelo.

Abstract

The communications strategy surrounding the independence process in Catalonia was of key importance in garnering support. The activism in Catalonia both on the ground and on-line geared to attracting ever more support in defence of Catalan democracy has been unremitting. Political and especially grassroots organisations directed many resources towards increasing widespread public participation at this historic turning-point in a society which has for some time shown itself to be aware of its ability to set up networks in order to defend its own interests. The way the message was built up around the independence process was the sum of the factors deriving from an across-the-board participation of society as a whole rather than being limited to any single label, isolated fact, gesture or date.

Keywords: communication, mobilisation, digitalization, social media, Twitter, hashtag, Catalan independence flag (*Estelada*), yellow ribbon campaign.



© Roser Vilallonga

O *Procés* xerou no mes entorno ao referendo do 1 de outubro de 2017, 3400 millóns de impresións¹ en Twitter en todo o mundo². Esta é unha mostra do impacto comunicativo a nivel dixital dunha das realidades sociopolíticas de maior protagonismo na actualidade. O *tema catalán*, como coloquialmente xa se define, ten un elevado peso na información política a que accede a sociedade catalá –e, por extensión, a do resto do Estado– a través dun feixe de canais e formatos comunicativos, que abranguen dende a presencialidade á virtualidade.

Os acontecementos deste momento histórico non só ocupan artigos e portadas en Catalunya e no resto do Estado. O impacto visual que desprenden imaxes coma as das mobilizacións (manifestacións, concentracións ou as do referendo e as súas

cargas policiais) foron un factor informativo dabondo para encher páxinas e webs das máis prestixiosas cabeceiras xornalísticas do mundo. A isto hai que sumar as tribunas escritas polos propios *presidents* Mas ou Puigdemont ou as *conselleres*, entre outros persoeiros, para internacionalizar o proceso nalgúns dos principais medios de Europa ou dos Estados Unidos, ou os encontros diplomáticos a nivel internacional, malia os esforzos do aparato do Estado español para evitar a lexitimación alén dos Perineos do que está a acontecer³.

Aproximación científica ao ateigamento das rúas

Poderíamos marcar diferentes puntos de partida do *Procés*, mais, sen dúbida, unha data salientábel foi o de 10 de xullo de 2010, cando polo menos centos de milleiros de persoas ateigaron as rúas de Barcelona en protesta á decisión do tribunal

1 As impresións son o número de veces que se mostra un contido en Twitter. Prodúcese unha impresión cando un contido é enviado á cronoloxía ou muro dunha seguidora. Pódese dar o caso que unha usuaria produza varias impresións cun mesmo contido.

2 Dispoñíbel en: www.puromarketing.com/16/29388/proceso-independentista-cataluna-genera-millones-impressiones-twitter-ultimo.html.

3 «La internacionalització del *Procés*», *naciodigital.cat*. Dispoñíbel en: www.naciodigital.cat/noticies/etiqueta/internacionalitzaci%C3%B3del+proc%C3%A9s.

«Democràcia» será unha das demandas máis repetidas durante todo este proceso. Na imaxe, bandeira da *Crida per la Democràcia* empregada en manifestacións e en multitude de fachadas



© Roser Viallonga

constitucional de recortar o *Estatut d'autonomia de Catalunya*. A manifestación *Som una nació. Nosaltres decidim*, contou co apoio de máis de 1600 organizacións, e a Guàrdia Urbana de Barcelona (a policía local) ou *Òmnium Cultural* apuntaran a que se superaran amplamente o millón de participantes⁴. Até ese momento foi considerada a manifestación máis multitudinaria da historia catalá.

Desbordar as rúas de xeito histórico aquel verán do 2010 foi continuamente cando menos igualado –ou se cadra superado– nas sucesivas manifestacións convocadas ao longo dos seguintes anos. Unha boa mostra son as *Diades*, é dicir, as celebracións do Día Nacional de Catalunya do 11 de setembro, que cobraron especial protagonismo dende que a *Assemblea Nacional Catalana* (ANC) e *Òmnium Cultural* organizan multitudinarias manifestacións, incluíndo unha programación detallada e unha coreografía colectiva. Cantas veces tivemos que nos rexistrar para asistir a unha manifestación? Eu cando menos nunca até a *Diada* de 2013. Tal foi a morea de xente que se sumaba ás reivindicacións do 11S, que, para participares, suxeríuse unha inscrición previa. Tras o éxito da de 2012 con, cando menos, centos de milleiros de persoas en Barcelona, o ano seguinte, as organizacións civís apostaron por emular a Vía báltica, cadea humana entre Estonia, Letonia e Lituania que exixiu a independencia destes tres países en 1989⁵. 400 quilómetros de territorio catalán foron unidos por mans entrelazadas de máis dun millón e medio

de participantes, segundo as organizadoras, sendo máis de medio millón segundo a Generalitat as que se achegaron a participar na cita sen saír da capital catalá⁶. A situación repetiuse nas sucesivas *Diades* até os nosos días e a realidade apunta que se vai manter ao longo das vindeiras.

As fotografías aéreas ou as imaxes audiovisuais destas manifestacións emitidas dentro de amplas programacións especiais de *Televisió de Catalunya* (TV3), son mostras incontestábeis da capacidade de convocatoria, sen parangón no tempo presente en ningún punto do continente. Aínda así, non falta o habitual baile de cifras, especialmente entre a prensa unionista, chegando a se reducir as súas aproximacións en centos de milleiros a respecto das medicións das entidades organizadoras ou das forzas de seguridade locais de Barcelona. Tal importancia cobran o peso das cifras neste episodio da historia, que mesmo deron pé até a estudos científicos para dar luz á veracidade mobilizadora. O pasado abril, o *Centre de Visió per Computació* da Universitat Autònoma de Barcelona presentou o prototipo dun programa capaz de contar as persoas que participaron en grandes aglomeracións a través de fotografías e vídeos. O programa está composto por un algoritmo adestrado con milleiros de exemplos, utilizando mapas de densidades para calcular o número de persoas que compoñen as imaxes, cunha marxe de erro segundo o equipo investigador dun 10%⁷.

Como réplica ás masivas manifestacións a prol do dereito a decidir, da independencia ou

4 Disponível en: ca.wikipedia.org/wiki/Manifestaci%C3%B3_%C2%ABSom_una_naci%C3%B3._Nosaltres_decidim%C2%BB.

5 Disponível en: ca.wikipedia.org/wiki/Via_B%C3%A0ltica.

6 Disponível en: ca.wikipedia.org/wiki/Via_Catalana.

7 Disponível en: www.ccma.cat/324/comptar-manifestants-amb-rigor-objectiu-duna-nova-eina-informatica-de-la-uab/noticia/2851601/.

«Unha das claves da capacidade de convocatoria das accións reivindicativas do Procés, como é o caso das manifestacións radica na comunicación dixital»

da liberdade das políticas na cadea ou no exilio, xurdiron as da defensa da unidade de España de *Societat Civil Catalana*. As imaxes falan por si soas e até a propia organización non pode afirmar que o seu nivel de éxito de convocatoria sexa comparable ás independentistas. Esperemos, pois, que, no futuro, no caso de se confirmar con veracidade científica, que se superan amplamente a barreira dun millón ou millón e medio de participantes, estas cifras figuren coma fiábeis entre a información mediática unionista...



Redes sociais: dos cancelos e prescritoras a Sant Esteve de les Roures

A fenda dixital catalá é das máis baixas do Estado⁸. Isto supón, por exemplo, que o volume de penetración das redes sociais en Catalunya é tan determinante coma dende hai moito tempo o é o peso demográfico de Barcelona e a súa área metropolitana, que duplica en poboación a de Galiza enteira, sen contabilizar a que mora en comarcas de Girona, Lleida e Tarragona. Segundo un estudo publicado o pasado febreiro por unha consultora en comunicación dixital⁹, Barcelona é a segunda cidade do Estado –como na cuestión demográfica, só superada por Madrid– con máis perfís nas redes sociais máis relevantes, coma son, entre outras, Facebook (máis de 2,3 millóns), Instagram (máis de 1,4 millóns) e Twitter (máis de 346 000). A este dato que poderíamos entender coma previsíbel, hai que sumar que, nas clasificacións de cidades do Estado por número de perfís, hai máis localidades catalás entre as 20 primeiras: L'Hospitalet de Llobregat conta con máis de 190 000 perfís en Facebook e máis de 110 000 en Instagram; ou Sabadell, máis de 160 000 en Facebook e máis de 110 000 en Instagram, dous concellos do poboado cinto arredor de Barcelona.

Unha das claves da capacidade de convocatoria das accións reivindicativas do *Procés*, como é o caso das manifestacións, radica, pois, na comunicación dixital. As redes sociais botan fume cando toca chamada á participación nalgunha xornada

⁸ Disponível en: ine.es/prensa/np991.pdf.

⁹ Disponível en: www.abc.es/gestordocumental/uploads/internacional/Informe_RRSS_2018_The_Social_Media_Family.pdf.

Castells «Catalans want to vote»

«As redes sociais botan fume cando toca chamada á participación nalgunha xornada ou acción concreta»



ou acción concreta. Ducias de cancelos (*hashtags*)¹⁰ anegaron as redes, sendo en infinidade de ocasións tendencia (*trending topic*) en Twitter ao longo destes anos e darían para reparar nunha análise detallada. Tan só procurando botar man dos que me veñen á cabeza, temos #SíSí (cando a consulta que promoveu o goberno de Mas con unha dupla pregunta), #11S, #FemVia, #1O, #VolemVotar, #Referèndum, #RepúblicaCatalana, #LoveDemocracy, #TotsSom9N, #AixòVaDeDemocràcia, #EndavantRepública, #Marxem, #DUI (declaración unilateral de independencia), #CatalunyaLliure, #AdeuEspanya, #NouPaís, #Independència ou o tristemente actual #LlibertatPresosPolítics. Á súa vez, os cancelos alimentaron todo tipo de formatos comunicativos, como confirman a viralidade dalgunhas das campañas audiovisuais desenvolvidas

especialmente polas organizacións civís encargadas da organización e promoción das *Diades*¹¹.

As líderes de opinión –prescritoras, nas redes– son moitas veces determinantes á hora de lograr o éxito na implicación social. Segundo un estudo do *Massachusetts Institute of Technology* (MIT), as políticas que máis usan Twitter obteñen mellores resultados electorais, sen ser unha fórmula infalíbel¹². No caso catalán, o peso das súas políticas nas redes é salientábel. Para mostra, Carles Puigdemont ten máis de 725 000 seguidoras ou Oriol Junqueras máis de 565 000, sendo das dez persoas dedicadas á política relacionada co Estado español con cifras máis elevadas¹³. E máis, sen distinguir eido temático, é dicir, alén da política, o perfil de Twitter do presidente catalá no exilio foi o que máis mencións de Twitter recibiu en 2017

10 Cancelos temáticos que agrupan chíos en Twitter, tamén presentes noutras redes sociais coma en Facebook ou Instagram. No caso de Twitter, cando unha destas etiquetas é unha das que ten máis impacto, tanto en volume de chíos coma de usuarios e impresións, pasa a ser *trending topic*, isto é tendencia relevante.

11 Disponível en: www.youtube.com/watch?v=j304ckCrEnA.
www.youtube.com/watch?v=ut95dSDD4Us.
www.youtube.com/watch?v=Z18K2cn9hb8.

12 Disponível en: www.technologyreview.es/s/9702/los-politicos-que-mas-usan-twitter-obtienen-mejores-resultados-electorales.

13 Disponível en: www.twitter-espana.com/categoria/politica.



no Estado español: non hai que esquecer que o *president* é xornalista de profesión, con demostrados coñecementos en comunicación presencial e dixital¹⁴. Se reparamos nos perfís das organizacións políticas catalás, a suma de seguidoras de Esquerra Republicana de Catalunya e do Partit Demòcrata Catalana sitúanas en conxunto coma cuarta forza do Estado en Twitter, con máis de 567 000¹⁵. A estas hai que engadir o peso de organizacións civís claves no pulo á mobilización: a ANC, con máis de 359 000 seguidoras, ou *Omnium Cultural*, con máis de 259 000.

Son un feixe as accións impulsadas a través das redes sociais ao longo destes anos para apoiar o *Procés*. Unhas das virais máis recentes foi a raíz dun informe da Garda Civil, que mencionaba que un dos episodios máis agresivos por parte das independentistas, acontecido o pasado outono co gallo do referendo, tivera lugar nunha localidade

14 Disponível en: www.lavanguardia.com/vida/20171205/433438565988/el-perfil-de-carles-puigdemont-el-que-mas-menciones-de-twitter-recibe-en-espana-en-2017.html.

15 Disponível en: www.t-cracia.info/#/arco.



chamada Sant Esteve de les Roures, concello inexistente¹⁶. A brincadeira non se fixo agardar entre o ciberactivismo catalán e foron creados moreas de perfís nas redes sociais de institucións e entidades desa suposta localidade. O concello imaxinario secesionista conta hoxe en día con perfil de Twitter do seu consistorio, da súa policía, da estación de bombeiros e de diversas entidades de toda índole¹⁷.

Obxectos do imaxinario colectivo

A reivindicación do *Procés* tamén é representada por diferentes obxectos que xeran complicidade colectiva. Unha primeira impresión ao percorrer non só Barcelona, senón practicamente calquera localidade do país, son a multitude de bandeiras *estelades* que engalanan balcóns e fiestras cos seu triángulo azul (emblema nado a principios do século xx, a raíz da independencia de Cuba)

16 Disponível en: ca.wikipedia.org/wiki/Sant_Esteve_de_les_Roures.

17 Disponível en: twitter.com/search?f=users&vertical=default&q=sant%20esteve%20de%20les%20roures&src=typd.

«Catalunya conta cunha vintena de municipios de máis de 60 000 habitantes ou máis de 60 superan os 20 000, nos que mora 70% da poboación»

► Via Lliure. Diada de 2015

ou vermello (de connotación esquerdista). As bandeiras independentistas presiden moitas das habituais rotondas que dan a benvida no acceso a un feixe de localidades ao longo de Catalunya, especialmente as que forman parte da *Associació de Municipis per la Independència*, un total de 787 concellos, é dicir, 83% dos que compoñen o territorio¹⁸.

Alén das bandeiras, a sociedade catalá traslada a súas reivindicacións a través de todo tipo de obxectos cotiás: dende as clásicas camisolas editadas especialmente con motivo das *Diades* ou todo tipo de utensilios do día a día ou accesorios do máis diversos (só hai que procurar *productes amb estalada* en Google). Mais se hai unhas ferramentas comunicativas que non precisaron de tanta mercadotecnia foron as potas, as candeas nas concentracións nocturnas ou, máis recentemente, os lazos amarelos. Foi constante ao longo destes anos o son de bater potas (as *cassolades*) que foron convocadas a soar en determinados momentos polas noites, para defender o dereito a decidir catalán dende os fogares, saíndo cadaquén a balcóns e fiestras para se sumar á melodía reivindicativa. A entrada en cadea de dirixentes políticas e sociais ou o seu inevitábel exilio levou a lucir o lazo amarelo non só nas solapas de moitas autoridades e cidadanía en xeral, mais tamén adoptou múltiples formas nas fachadas de edificios ou en polémicas cruces nas praias do litoral catalá. Lazos que, co paso do tempo, diferentes persoas pasaron a mudar por unha pequena flor amarela coa que amosar o incansábel compromiso cos ideais democráticos

e o rexeitamento incombustíbel á inxustiza que sofren presas ou exiliadas.

A rede urbana catalá

A poboación catalá ten máis interese pola política que a doutros países? Se cadra, ao longo dos últimos tempos, polo protagonismo do *Procés*, si. E ten unha maior capacidade comunicativa ou organizativa? Se cadra sería moi atrevido afirmar á lixeira que si. Un dos factores determinantes na capacidade de mover país en Catalunya atopámolo na xeografía humana. Neste recuncho de Europa, falar de despoboamento é unha problemática non vencellada á realidade máis próxima. Para mostra, o país conta cunha vintena de municipios de máis de 60 000 habitantes ou máis de 60 superan os 20 000, nos que mora 70% da poboación. Á diferenza de Galiza, o impacto do urbano (cos seus aspectos positivos e negativos) é unha pegada espallada practicamente ao longo de todo o territorio. Dos practicamente sete millóns e medio de habitantes de Catalunya, 5,5 viven na provincia de Barcelona, que ten unha superficie inferior á de Lugo ou da Coruña.

Unha amplísima densidade de poboación conectada por infraestruturas que lle permite desprazarse entre diferentes puntos (ben, a eficiencia dos transportes públicos non sempre é a esperada) e especialmente cara á súa capital, que conforma, coas localidades da súa contorna, un continuo urbano de centos de quilómetros cadrados. Catalunya é un país en rede, preparado, cando é preciso, para comunicar e sumar en colectivo. ●

18 Dispoñíbel en: www.municipisindependencia.cat/.





- As alcaldesas e alcaldes xogaron un papel crucial en todo o proceso soberanista

ANNABEL MORENO NOGUÉ

Alcadesa de Arenys de Mar.
Vicepresidenta da Associació de Municipis per la Independència (AMI)

O papel do municipalismo no proceso soberanista catalán

Resumo

Catalunya é un país de grande tradición municipalista. Existen 948 municipios que van desde as pequenas vilas ás grandes cidades, do mar á montaña e que teñen composicións políticas moi diversas mais que, moi maioritariamente se encadran dentro do ámbito do soberanismo catalán. Nese sentido, a maioría dos municipios cataláns (actualmente 787) forman parte da *Associació de Municipis per la Independència* (AMI) desde onde se impulsaron multitude de actuacións vencelladas ao proceso soberanista e á materialización do dereito a decidir. Este compromiso individual e institucional provocou que moitas e moitos representantes municipais estexan hoxe investigados e/ou denunciados pola xustiza española.

Palabras chave: municipalismo, AMI (*Associació de Municipis per la Independència*), referendo, consultas populares, soberanismo, dereito a decidir.

Abstract

Catalonia has a long-standing tradition of municipalism with a total of 948 municipalities, ranging from small towns to large cities, located in coastal areas and the inland hills and which, despite their political difference, for the most part back Catalan sovereignty. Currently standing at 787, the vast majority are part of the Association of Municipalities for Independence (AMI) which has carried out many activities in support of the sovereignty process and the right to decide. This commitment on the part of individuals and institutions has led to many elected representatives being currently under investigation and/or indicted by the Spanish criminal justice system.

Keywords: municipalism, Association of Municipalities for Independence (AMI), referendum, consultation, pro-sovereignty movement, right to decide.



Catalunya é un país de grande tradición municipalista, cuns concellos fortes que contribuíron a estruturar un país moderno, competitivo, cunhas infraestruturas eficientes e un modelo social baseado na proximidade dos servizos. Os municipios son os que se achan máis próximos á cidadanía, quen de palpar as necesidades da xente. Desde os municipios nacen os movementos sociais e as reivindicacións de todo tipo.

En Catalunya existen 948 municipios que representan a pluralidade máis absoluta no que se refire ao tamaño (de pequenas vilas a grandes cidades), á xeografía (de mar, de montaña) e á transversalidade política.

No ano 2011 nace a *Associació de Municipis per la Independència* (AMI) e ten tres almas: a primeira, o grande rexeitamento á sentenza do Tribunal Constitucional que amputou o *Estatut* de 2006, o cal foi votado pola maioría do *Parlament* e referendado polo pobo de Cataluña; a segunda son as consultas Populares de Arenys de Munt que posteriormente se estenderon por toda Catalunya; e a terceira é a moción de Municipio

Moralmente excluído da Constitución Española impulsada polo Concello de Port de la Selva e subscrita por centenaes de consistorios. Destes tres embrións nace a AMI nunha asemblea constituínte celebrada en Vic en decembro de 2011 e con 157 municipios iniciais.

A rede de municipios AMI crece rapidamente e aínda que a adhesión debe producirse por maioría absoluta do Pleno Municipal, nestes momentos hai 787 concellos adheridos, practicamente todos os consellos comarcais e as 4 deputacións.

«Nestes momentos hai 787 concellos adheridos á Associació de Municipis per la Independència, practicamente todos os consellos comarcais e as 4 deputacións»

En vermello, os Consellos Comarcais que forman parte da Asociación de Municipios per la Independència



gobierno para que poida celebrar un Referendo de autodeterminación, acolléndose aos dereitos que teñen todos os pobos do mundo e que están recoñecidos en todos os tratados internacionais.

A última fase da AMI situámola ao redor do referendo do 1 de outubro e no período inmediatamente posterior, coas graves consecuencias para os nosos líderes políticos que actualmente se achan en prisión ou no exilio.

Como alcaldes, non deixaremos nin un só momento de loitarmos pola liberdade dos presos e presas políticas e o regreso dos exiliados/as e, de igual maneira, continuamos a defender o legado do 1 de outubro e a proclamación da República Catalá.

Agora mesmo, o proxecto máis inmediato e máis importante consiste en rebater o discurso do Estado español a respecto do que pasou o 1 de outubro e os días anteriores e posteriores. Os informes da Garda Civil non reflicten a verdade do que sucedeu. En Catalunya non houbo nin hai ningún tipo de violencia en todo o proceso. Nin tan sequera rompemos unha soa papeleira en manifestacións multitudinarias. A única violencia que houbo en Catalunya

impartírona a Garda Civil e a Policía Nacional o 1 de Outubro, ao pegaren persoas indefensas que o único que pretendían era votar. O independentismo é absolutamente pacífico e a nosa vontade é demostrar que así foi. O Estado español fixo crer que sucederon uns feitos que non son reais e o que é peor utilizou devandito argumentario para tentar enfrontar españois con cataláns, dando ás á catalanofobia. Outra das nosas funcións é defender os máis de 700 alcaldes que agora mesmo están imputados por facilitaren o referendo. Desde os municipios, debemos loitar para conseguir un novo país, libre, pacífico onde ninguén poida violar os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.

Os concellos son a primeira porta a que acoden os cidadáns cando precisan de algo ou cando teñen necesidade de expresar as súas reivindicacións. Desde a primeira grande manifestación de soberanía propiciada pola Sentenza do Tribunal Constitucional contra o *Estatut* o 10 de xullo de 2010, os municipios acollemos o movemento independentista, dando apoio ás mocións políticas ou ben ás asociacións en que se integraron os nosos

Sinaléctica común a todos os concellos membros da AMI



conciudadáns e a través das cales loitaban para conseguir a República.

Os municipios son unha peza chave e a ferramenta para mellorar a vida e o benestar das persoas de todas as aldeas, vilas e cidades. O municipalismo estivo do lado da cidadanía nas súas reivindicacións pacíficas e defendeu os dereitos políticos ao voto, á liberdade de expresión e de manifestación e os dereitos de asociación e participación que foron ferozmente atacados por parte do Estado español. Ante este ataque, a defensa do dereito a decidir e

a concepción dunha democracia aberta coas administracións próximas e ao Servizo da cidadanía tórnanse máis necesaria do que nunca.

O 1 de Outubro levouse a cabo en todos e cada un dos municipios de Catalunya e por iso, máis de 700 alcaldes de diversas formacións políticas estamos imputados, e 34 de nós especialmente apremados, ao teren que comparecer ante o Fiscal Xeral e aos cales non deixan de nos solicitaren documentación e datos relativos ao 1 de outubro.

Durante as semanas anteriores ao día do referendo e durante as posteriores, mentres estiveron en Catalunya a Policía Nacional e a Garda Civil, moitos alcaldes, concelleiros e activistas sociais sentímonos perseguidos e vixiados.

Aínda hoxe non podemos falar con demasiada claridade de como se conseguiu que o día do referendo todo funcionase perfectamente. Non podemos explicar como ás 9 da mañá se abriron os colexios electorais e como as urnas, as papeletas e envelopes se atopaban no seu sitio. Aínda hoxe, nove meses despois, non temos a liberdade suficiente para podermos explicar como sucedeu. Só podemos explicar a grandeza do momento e como un pobo absolutamente unido, de xeito pacífico, se viu obrigado a defender o dereito de voto, aínda sabendo que recibiría os golpes e a brutalidade policial. O que pasou o día 1 e o día 3 de outubro coa folga xeral foi unha lección de democracia, de solidariedade, de pacifismo, de sorrisos e de unidade do pobo catalán que o único que pretendeu foi votar e facer uso do dereito de autodeterminación recollido na Carta das Nacións Unidas, sen facer dano a ninguén, sen pretender ofender, só exercer o dereito a votar.



Campaña da AMI animando a votar «SI + SI» na consulta do 9-N



Alcaldes e alcaldesas de Catalunya apoiando nas escaleiras do *Parlament* ao *President* Puigdemont tras realizar a declaración de independencia o 27 de Outubro de 2017

Desde que entraron en prisión Jordi Cuixart e Jordi Sanchez, xa hai máis de 8 meses, en Arenys de Mar, vila da que son alcaldesa, cada tarde ás 20h, músicos espontaneamente tocan «El cant dels ocells», pedindo a liberdade dos presos políticos e o retorno dos exiliados, cada día, cada tarde, choiva, neve, vaia frío, calor, sexa fin de ano, noite boa ou festa maior. E sempre concorren como mínimo 50 persoas. No balcón do concello temos faixas reivindicativas e na praza do concello é onde nos concentramos cada vez que ocorre un feito como algún encarceramento, ou cando sucede algo que atenta contra as liberdades do noso país, de xeito que os nosos concidadáns senten que desde a praza do concello poden mostrar o seu rexeitamento a todo o que está a ocorrer. Cada vez que hai un embate contra nós, a praza échese espontaneamente con persoas de todas as idades e condicións, todo e as persecucións e os ataques por parte dalgúns dos unionistas.

Os concellos loitamos e traballamos para ter unha sociedade máis xusta, máis democrática e máis libre, e facémolo desde a administración máis

próxima ao cidadán, a primeira porta onde o administrado acode. Desde a municipalidade pódense conseguir grandes logros. É por iso que é tan importante que exista esta unión e solidariedade entre institución e cidadáns.

Desde os municipios pódese facer moito pola República catalá: organizar conferencias, presentacións de libros, publicacións, organizar e axudar entidades soberanistas a convocaren actos, colocar símbolos independentistas... O referendo foi un éxito colectivo onde a sociedade se implicou despois dos embates do Estado español. Non atoparon nin unha urna e foi grazas á rede de persoas que desde os municipios se organizaron case de xeito clandestino. Desde os concellos pódese conseguir todo. ●



► Imaxe da Diada de 2017

RAMÓN COTARELO GARCÍA

Catedrático emérito de Ciencia Política e Administración da UNED

Catalunya e a esquerda española

Resumo

Neste traballo, analízase o comportamento da esquerda española ante o proceso soberanista catalán e como a situación política que se está a vivir en Catalunya desbordou tanto as organizacións políticas de raíz socialdemócrata como as comunistas de ámbito estatal. Estas organizacións ignoraron –e ignoran– o carácter revolucionario, democrático, republicano, aberto e transversal do movemento soberanista catalán e o feito de que este sexa o fenómeno político máis importante dos últimos anos en Europa. Porén, a ignorancia, desprezo e combate da esquerda española a este movemento non foi capaz de evitar que a República Catalá sexa xa un feito.

Palabras chave: esquerda, Podemos, PSOE, PCE, Catalunya, revolución catalá

Abstract

This chapter analyses the way the Spanish left reacted to the Catalan sovereignty process and how the Spanish social-democratic and communist political organisations were surpassed by the political situation in Catalonia. These organisations ignored and continue to ignore the revolutionary, democratic, republican, open and horizontal nature of the Catalan pro-sovereignty movement and the fact that it constitutes the most important social phenomenon to have arisen in Europe in recent years. Nevertheless, the ignorance, contempt and outright opposition on the part of the Spanish left with regards to this movement was unable to prevent the Catalan Republic from becoming a reality.

Keywords: left-wing, Podemos, Spanish Socialist Party (PSOE), Spanish Communist Party (PCE), Catalonia, Catalan revolution



© Jordi Ventura Plans

A revolución en marcha en Cataluña desde aproximadamente 2006 está a contribuír moitas novidades para a teoría política contemporánea, especialmente á da esquerda en tres ámbitos concretos: a) un pouso histórico tradicional practicamente milenario que se invoca polo xeral en termos retóricos e cuxa importancia non foi suficientemente sopesada; b) unha dinámica social e política presente dunha sociedade capitalista desenvolvida cunha ampla penetración e uso eficaz das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC); e c) unha formulación independentista de carácter transversal que trae consigo unha visión nova do nacionalismo como ideoloxía que os analistas non souberon captar na súa complexidade.

Como movemento práctico, real, o independentismo catalán suscita as habituais reaccións con que as sociedades establecidas acollen calquera innovación: Primeiro as ignoran, despois as desprezan, logo as combaten para finalmente ter que as asumir. Os políticos de toda cor adoitan citar unha frase apócrifa falsamente atribuída a Gandhi que viría a dicir: «Primeiro ignórate, despois búrlanse de ti,

logo combátente e, entón, gañaches». Xa o fixeron Trump, Bernie Sanders, Hillary Clinton e moitos outros. Ao parecer, Gandhi nunca dixo tal cousa, como se demostra na páxina *Misattributed*¹. *Se non è vero, è ben trovato*, porque retrata un comportamento social universalmente observábel. E, se non a Gandhi, si se pode atribuír unha observación similar a respeito da recepción dos partidos políticos no Estado constitucional ao iuspublicista alemán Heinrich Triepel, quen detectou catro etapas: rexeitamento, ignorancia, recoñecemento/legalización e lexitimación ou constitucionalización (Triepel 1927: 8).

Tal foi a reacción española ante o independentismo catalán. Limitarémonos a reflectir sobre a parte que toca á esquerda nesa reacción. Adiantamos a tese deste artigo: a revolución catalá destruíu a esquerda española, tanto a socialdemócrata como a de raíces comunistas ou neocomunistas (como *Podemos*), incapaces de articularen unha posición propia ante ela diferente da do nacionalismo

¹ No sitio *Snopes.com*: www.snopes.com/fact-check/first-they-ignore-you/ (Consulta: 01/04/2018).



Presentación da Campaña de Podemos «Conectar España»

español máis tradicional. Consideraremos esta evolución seguindo o modelo ideal de ignorancia, desprezo, combate, rendición.

A) Ignorancia

A esquerda española nunca considerara o nacionalismo catalán como unha opción política que a afectase, mais, no máximo como un obxecto de estudo histórico que se esgotaba na doutrina marxista tradicional do nacionalismo como ideoloxía burguesa. Esta non afectaba o suxeito revolucionario, nin na súa administradora –a esquerda–, ambos, por definición, internacionalistas. Para ben ou para mal (dado que non fai enteira xustiza á obra de Solé Tura, que é máis matizada e complexa), é a idea predominante entre os lectores comunistas ou neocomunistas estilo *Podemos* do xa clásico libro do profesor catalán, membro do PSUC e Ministro de Cultura do Goberno de Felipe González entre 1991 e 1993 (Solé Tura, 1967), completada, anos despois, cunha visión máis práctica e menos dogmática, tras pasar o autor pola tese que redactou a Constitución de 1978 (Ibidem, 1985). Hoxe fica obvio que esta análise é insuficiente e que a esquerda debe encontrar outras respostas non dogmáticas á cuestión nacional (Staničić, 2018).

Así que, cando o independentismo catalán colleu forza após o rexeitamento do Estatuto de 2006, primeiro por parte do Parlamento e despois do Tribunal Constitucional, a esquerda española apenas prestou atención. É verdade que en Catalunya estaba a callar un sistema dicotómico da esquerda que, en parte, estaba xa descontada na historia (caso de ERC, vello partido republicano catalán fundado en 1931) ou pola súa dedicación ao ámbito fundamentalmente municipalista, como as CUP. Mais a

esquerda española contaba con suficiente representación propia na Comunidade Autónoma (o PSC como «partido irmán» do PSOE e o PSUC como irmán do PCE) e non sentía ningunha necesidade de entender a suposta peculiaridade catalá.

Catalunya é o sistema político máis complexo dos existentes en España. Nunca houbo aquí un goberno monopartidista desde a Transición, ao tempo que nunca houbo un de coalición en España. Son dous casos antagónicos que reflecten culturas políticas tamén opostas. En Catalunya todo se pacta; en España, nada. Esa observación non convidaba os teóricos da esquerda en España a remediaren a súa ignorancia como se ve no facto de que, aínda hoxe, seguen a adscriber o independentismo a dúas motivacións claramente inadecuadas, cando non falsas: o etnicismo dunha «cuestión identitaria» (Gil, 2018), e a finalidade de ocultar a corrupción burguesa do 3% (García, 2017).

Para a esquerda española en España, só había un terreo de xogo, o español, e unicamente unhas *demos*, o povo español. O resto non existía.

B) Desprezo

O citado momento de ruptura a raíz do Estatuto de 2006 tivo uns fitos nunha cadea de agravios e inxustizas con Catalunya que se encadearon até chegar á situación actual e explican por que un apoio á independencia que ascendía a case 25% a comezos de século XXI alcanza en 2018 o 47,5% e segue a subir. En síntese, estes fitos, que reflecten a ineptitude do nacionalismo español (do PP e do PSOE), ao mesmo tempo que a radicalización independentista, son: 1) A recollida de sinaturas en contra do proxecto de reforma por parte do PP para convocar un referendo



Cartaz da campaña de Unidos Podemos do 26 de xuño de 2016

imposíbel, que marcou o comezo da ruptura entre España e Catalunya, a mans do seu iniciador, o irresponsábel M. Raxoi, un político corrupto, franquista e absolutamente inepto; 2) O recorte do proxecto de Estatuto na Comisión constitucional do Congreso, presidida por Alfonso Guerra, outro político enquistado na burocracia estatal e tan inepto como o anterior, aínda que con inmerecida fama de enxeñoso; 3) O pacto entre Zapatero e Mas para aceptar o recorte do Estatuto, que deixou ERC, partidario da reforma, convertida na súa inimiga; e 4) A aínda máis inepta, case estúpida, sentenza do Tribunal Constitucional de xuño de 2010 sobre o proxecto de reforma estatutaria ditada non por criterios xurídicos, mais políticos do máis anquilosado nacionalismo español.

Na escalada, o independentismo catalán, ao perder toda esperanza de chegar a un acordo con España, aumentou o seu apoio electoral e articulouse nun movemento unitario independentista tipo novo, transversal, pacífico, cívico e moi activo nas redes, un bloque independentista de dereita, centro e esquerdas que deixaba a esquerda española fóra e presentaba a súa propia vía política á

«A revolución catalá destruíu a esquerda española, tanto a socialdemócrata como a de raíces comunistas ou neocomunistas, incapaces de articularen unha posición propia»

independencia a través dunha proposta de referendo de autodeterminación en Catalunya.

A esquerda española respondeu ao pasar da ignorancia ao desprezo. Multiplicáronse os ataques de todo tipo ao independentismo: etnicista, racista, elitista (independencia dos ricos, estilo Padania), nazi, excluínste... Estes insultos e barbaridades procedían tanto da dereita (a herdeira da que gañou unha guerra civil con axuda dos fascistas e os nazis) como dunha esquerda verdadeiramente ignorante. Esta recorría á súa falacia habitual de «non ser nacionalista» e a oporse a ese referendo, ao soste –como facía a dereita– que só cabería (canto moito) convocar un referendo á escala do Estado en que votasen todos os españois (Díez 2017). A este sofisma apuntouse o PSOE directamente e *Podemos* indirectamente ao sosteren, entre as súas numerosas ambigüidades, que un referendo unilateral no *demos* catalán sería «xuridicamente imposíbel» e ao proporen que se fixese mediante un acordo co Estado español, sen ignorar que este requisito é de imposíbel cumprimento (Ponte 2016).

No fondo, este desprezo por parte da esquerda española é unha mostra máis de ignorancia ao mesmo tempo que despeito. Ignorancia porque é incapaz de entender que a súa visión de Catalunya é a mesma que a da dereita nacionalcatólica e franquista do goberno. Tanto a socialdemocracia como o neocomunismo de *Podemos* partillan a idea de España da historiografía oficial, a máis reaccionaria da «unidade de destino no universal» dos falanxistas, os curas e os militares e a máis aparentemente progresista das «dúas Españas», tan falsa como a anterior (Cotarelo 2018). As dúas (a dereita e a «esquerda») partillan a mentira do independentismo como cortina de

«Nunca houbo en Catalunya un goberno monopartidista desde a Transición, ao tempo que nunca houbo un de coalición en España. Son dous casos antagónicos que reflecten culturas políticas tamén opostas»

fume para ocultar a corrupción da burguesía catalá e, á súa vez, as dúas esquerdas (a socialdemócrata e a neocomunista) propagan o embuste da España da Transición como un Estado democrático de dereito homologábel cos países europeos. Sen dúbida, *Podemos* é máis crítico respecto da Transición do que o PSOE, mais partilla con el a idea de que –con todas as secuelas que se queira– o sistema político español responde á modernidade europea (da que o propio *Podemos* sería unha manifestación) e non ao vello modelo oligárquico e caciquil do franquismo, sendo, por tanto, susceptible de ser reformada como tal sistema político, aínda que máis radical que a que propón o PSOE.

É tan grande a disonancia cognitiva que a esquerda española se esperta ante o movemento independentista catalán que se acha convertida de súpeto, como no conto de Kafka, nun gran insecto monárquico. Para alén de ignorar o carácter revolucionario, democrático, aberto, transversal do movemento catalán, esa esquerda engade a vergoña de non se solidarizar cun movemento esencialmente republicano.

C) Combate

A situación é lamentábel para a esquerda española, cuxa presenza en Catalunya, outrora numerosa, é hoxe cativa, por non dicir en vías de desaparición, como se ve na evolución do voto nas eleccións xerais e autonómicas. O seu problema, como o da dereita imperial, é sobrevivir e, por iso, pasou ao ataque contra o independentismo catalán. No caso do PSOE, o apoio incondicional á ditadura do artigo 155, esgrimido por un goberno corrupto, apoiado nunha banda de presuntos ladróns baixo a xefatura dun deles, demostra que o PSOE, como o PP, é un partido

dinástico, franquista e corrupto, que pon a unidade de España á forza por diante dos requisitos dun Estado democrático de dereito. No caso de *Podemos*, vén ser o mesmo, aínda que con algo máis de ambigüidade. Mais tampouco moita. A formación xa é consciente (ou cre selo) de que se non articula un «discurso nacional español», perderá votos nas eleccións lexislativas en España, co que non soamente ficará en perigo o seu obxectivo último de conseguir o «sorpaso» do PSOE, mais tamén o da súa pura supervivencia. É verdade que o seu apoio ao 155 é máis matizado e menos abxecto que o do PSOE, mais, no fondo, apunta ao mesmo, como se demostra na súa lamentábel actuación de equidistancia farisea en Catalunya entre os independentistas e os unionistas.

D) Triunfo

Admitao ou non a esquerda, a revolución catalá está a ser o fenómeno político máis importante dos últimos anos en Europa. Carente de toda capacidade de acción, o PSOE aliñouse co punto de vista e até o vocabulario da dereita. Cando sostén que o cumprimento da legalidade (a legalidade do Partido da Gürtel, modificada cando lle dá a gana), que os exiliados son «prófugos» ou que os presos políticos son «políticos presos» e é incapaz dun xesto de empatía cos familiares, o PSOE revela a súa esencia de partido español, incapaz de entender unha formulación revolucionaria e democrática como o catalán. E o mesmo ocorre con *Podemos*, aínda que nesta organización hai un afán de gardar algo máis as formas e non aparecer como un partido dinástico máis da tradición oligárquica da III Restauración.

Ningún dos dous puido evitar que o proceso independentista catalán se internacionalice, se



Pablo Iglesias intervindo nun acto da campaña de Podemos «Conectar España»

convertese nunha cuestión europea, se consolida-se como movemento emancipador de masas, pacífico, democrático e revolucionario no uso dos TICs e deixounos reducidos a especular en van sobre un país que, en realidade, non existe.

Ningún puido evitar que a República Catalá xa sexa un feito. ●

Bibliografía

- COTARELO, Ramón (1999): «Sobre la cuestión: 'les noves formes del nacionalisme espanyol'», en *L'espill*, segona época, núm. 3. Tardor.
- (2018): *España quedó atrás*. Barcelona: Ara Llibres.
- DÍEZ, Pilar (2017): «Hasta el gorro de Cataluña: crecen las voces que piden un referéndum legal en toda España», *Periodista digital*, 29/08/2018. Disponible en: www.libertaddigital.com/espana/2017-08-29/hasta-el-gorro-de-cataluna-crecen-las-vozes-que-piden-un-referendum-legal-en-toda-espana-1276605004/ [Consulta: 01/04/2018].
- GARCÍA, Jesús (2017): «Independencia para dejar en olvido el 3%», *El País*, 0 12/12/2017. Disponible en: elpais.com/ccaa/2017/12/11/catalunya/1513020166_688022.html [Consulta 01/06/2018].
- GIL, Iñaki (2018): «El problema de la identidad de la izquierda», *El Mundo*, 11/03/2018. Disponible en: www.elmundo.es/cronica/2018/03/11/5aa41211e2704ecf338b45d6.html [Consulta: 01/04/2018].
- PUENTE, Arturo (2016): «Podemos dulcifica su discurso sobre el referéndum catalán», *eldiario.es*, 16/06/2018. Disponible en: www.eldiario.es/catalunya/politica/Podemos-suaviza-discurso-referendum-sin-renunciar_o_526697533.html [Consulta: 01/04/2018].
- SOLÉ TURA, Jordi (1967): *Catalanisme I revolució burgesa. La síntesi de Prat de la Riba*. Barcelona: Edicions 62.
- (1985): *Nacionalidades y nacionalismos en España*. Madrid: Alianza.
- STANIČIĆ, Sascha (2018): «Kampf um Katalonien», *Sozialismus Info*, 16/02/2018.
- TRIEPEL, Heinrich (1927): *Die Staatsverfassung und die politischen Parteien*. Berlín: Druck der preussischen Druckerei und Verlag.



► Via Catalana en Bruxelas
o 1 de setembro de 2013

EVA RIERA CAROL

Representante das *Assemblies Exteriors* no Secretariado Nacional da ANC e membro da Comisión Internacional da ANC

A Assemblea Nacional Catalana, tamén fóra de Catalunya

Resumo

A rede da *Assemblea Nacional Catalana* (ANC) no exterior, formada polo voluntariado das *Assemblies Exteriors*, é activa desde o 2012. É, con todo, neste momento tan fulcral de internacionalización do conflito entre España e Catalunya, que esta capilaridade da ANC nas principais cidades de Europa e América está a constituír un apoio chave no proceso de independencia de Catalunya.

Palabras chave: internacionalización, paradiplomacia, exilio, voto exterior, emigración, Europa

Abstract

The network of the Catalan National Assembly (ANC) abroad, formed by the voluntary work of the Foreign Assemblies, has been active since 2012. It is, however, at this crucial moment of internationalization of the conflict between Spain and Catalonia, that this capillarity of the ANC in the main cities of Europe and America is to constitute a key support in the process of independence of Catalonia.

Keywords: internationalization, paradiplomacy, exile, foreign vote, emigration, Europe.



© Assemblea Nacional Catalana

O movemento independentista catalán fóra de Catalunya comezou a tomar unha forma organizada en 2012. Inspirados pola formación da *Assemblea Nacional Catalana* (ANC), os independentistas cataláns no estranxeiro viron a necesidade e, á vez, a oportunidade de se organizaren como grupo de acción. Deste xeito, creáronse *Assemblees Exteriors* nas principais cidades europeas e tamén no continente americano, como réplicas das *Assemblees Territorials* da ANC en Catalunya.

«O 1 de xaneiro de 2018 hai 302 525 cataláns inscritos no Padrón de Españois Residentes no Estranxeiro, dos cales 158 523 emigraron despois do inicio da crise económica de 2008»

Quen somos

O 1 de xaneiro de 2018 hai 302 525 cataláns inscritos no Padrón de Españois Residentes no Estranxeiro (PERE), dos cales 158 523 emigraron despois do inicio da crise económica de 2008. Adicionalmente, existe un sector da poboación que, por razóns persoais ou de transitoriedade, non se inscribe no rexistro consular. Esta emigración está formada cada vez máis por familias con menores, en procura de mellores oportunidades (en 2017, por exemplo, 24% dos emigrantes eran menores de 16 anos)¹. A estes cataláns impórtalles o que está a ocorrer en España e en Catalunya, están interesados na política, ao corrente da actualidade e preocupados polo día a día e o futuro incerto dos seus concidadáns. A maioría foron vivir fóra coa esperanza de voltar algún día.

Moitos deles activáronse politicamente despois de 2010, cando o 28 de xuño o Tribunal Constitucional recortou 14 artigos do *Estatut d'Autonomia*

¹ Datos de FIEC (www.fiecweb.cat/) e Instituto Nacional de Estadística (www.ine.es).

Protesta en Glasgow (Escocia)
contra a represión en Catalunya
realizada o 5 de abril de 2018



e tivo lugar en Barcelona a primeira manifestación de protesta masiva, o 10 de xullo do 2010.

Para os que nos atopabamos fóra de Catalunya, estábamos un tanto ansiosos para atoparmos o noso propio espazo de encontro, discusión, mobilización e mesmo de participación. Os *Casals Catalans*, co ánimo de seren inclusivos, continuaron a se manter apolíticos e obviamente nunca tomaron posición a respecto ao independentismo. Mais, desde fóra de Catalunya, moitos queríamos tomar parte na creación dun espazo político en Catalunya en que os cidadáns puidesen escoller libremente o seu futuro mediante un proceso político democrático e pacífico e no cal a independencia de Catalunya fose unha clara opción.

Foi así como, en 2012, grupos organizados de cataláns e catalanófilos comezaron a reunirse fóra de Catalunya e a organizarse para formar as primeiras *Assemblees Exteriors*, no mesmo momento en que o debate sobre a independencia se ía intensificando, gañando adeptos non só por motivos identitarios, mais tamén por motivos de xustiza social, por razóns económicas e guiados por un forte desexo

«Unha das tarefas das *Assemblees Exteriors* foi realizar contactos coa prensa local de cada país, darse a coñecer para que así, despois de determinados feitos e noticias, esta prensa confiase tamén no punto de vista dos independentistas»

de autogoberno para Catalunya que moitos vimos como a única saída despois de décadas de frustración tras o tratamento recibido polo Goberno español. O papel pedagóxico das *Assemblees Exteriors* foi moi importante. De talante informativo entón, e de ton de autodefensa nos últimos meses.

O que facemos

A actividade das *Assemblees Exteriors* foi limitada, nun principio, a aglutinar varias comunidades independentistas no estranxeiro e a organizar actos e mobilizacións en días cultural ou politicamente importantes, como o Sant Jordi ou a *Diada* do 11 de Setembro. Ao mesmo tempo, comezouse a conectar con sectores da poboación de cada país, para dar a coñecer Catalunya, a súa historia, e o movemento independentista.

Con todo, unha das batallas máis difíciles e feroces do independentismo fóra de Catalunya foi sempre a batalla do relato. A medida que o movemento crecía e gañaba impulso, e que o conflito con España foise intensificando, tornouse evidente que había dúas historias. Deixando de lado as opinións e os sentimentos, os independentistas sempre percibimos que, nos medios de comunicación fóra de Catalunya, a información factual sobre feitos, cifras, eventos estaba con moita frecuencia manipulada ou non existía. As noticias sobre Catalunya en medios estranxeiros con frecuencia –aínda que cada vez menos– proveñen das principais axencias de noticias, con correspondentes en Madrid, e cunha visión que, en xeral, consideramos nesgada e historicamente concisa. Unha das tarefas das *Assemblees Exteriors* foi realizar contactos coa prensa local de cada país, darse a coñecer para



que así, despois de determinados feitos e noticias, esta prensa confiase tamén no punto de vista dos independentistas para relatar a noticia. Desde escribir cartas aos xornais, enviar artigos, contactar persoalmente cos xornalistas, convidalos a conferencias e eventos, esta é aínda una das tarefas máis importantes que realizan as *Assemblees Exteriors*.

Actividade política

O mesmo tipo de actividade que se realiza con prensa tamén se fai con parlamentarios e outros políticos en varios países. Así é como actualmente a *ANC England* colabora e impulsa eventos do *All-Party Parliamentary Group on Catalonia*² do parlamento británico e, por exemplo, foi grazas á *ANC Dinamarca* que en 2015 o parlamento daquel país aprobou unha moción afirmando que «a independencia de Catalunya debería ser un asunto de diálogo pacífico entre Catalunya e o goberno español en Madrid», desmentindo aqueles que afirmaban que a cuestión catalá non interesaba fóra de España. Para alén da interpretación do significado político da moción en si, a cal consideramos extremadamente importante, pomos en valor o traballo previo, paciente, constante e persistente que é exemplar e característico do voluntariado da *ANC* no exterior.

Noutros países existen iniciativas parlamentarias similares, como o *Oireachtas Friends of Catalonia* no parlamento de Irlanda, fundado cos obxectivos de reforzar as relacións institucionais entre Catalunya e Irlanda, estreitar os lazos comerciais e potenciar a representación cultural e social catalá

en Irlanda. Especialmente durante o período en que *Diplocat* estivo en liquidación (de febreiro a xuño 2018) e o período en que estiveron pechadas as Delegacións do *Govern* da Generalitat no exterior (de novembro/décembro 2017 a xuño/xullo 2018) debido á aplicación e libre interpretación do artigo 155 polo Goberno español, o papel dos voluntarios da *ANC* no exterior foi esencial para manter certa conexión con estes políticos e grupos parlamentarios.

Colaboracións

Outra fórmula a través da cal as *Assemblees Exteriors* foron moi creativas e conseguiron non só vínculos políticos mais tamén coa poboación dos países que as acollen foi a través da creación ou participación en plataformas, ou con alianzas con outras entidades. Así, por exemplo, *ANC Scotland* forma parte do *Catalan Defence Committee*³ do cal son adherentes políticos de varios partidos (*SNP*, *SWP*, *SSP*, *Green Party*), sindicatos universitarios, e unha lista impresionante de académicos e individuos. No caso da *ANC Madrid*, a plataforma *Madrileños polo Dereito a Decidir* proporcionou un excelente paraugas reivindicativo. Para a *ANC Euskal Herria*, ter un representante da *ANC* na plataforma *Demokrazia Bai* encabezada polos ex-lehendakaris Carlos Garaikoetxea e Juan José Ibarretxe é unha alianza obvia. A *ANC France* forma parte do *Collectif des Alpes-Maritimes de solidarité avec le peuple catalan*⁴, xunto con grupos políticos, colectivos e individuos.

² Dispoñíbel en: www.appgcatalonia.org.uk.

³ Dispoñíbel en: www.catalandefence.org.

⁴ Dispoñíbel en: solidaritecatalogneo6.wordpress.com.



Algúns retos

Estes constitúen só uns exemplos, en parte porque non é posíbel incluílos a todos e, polo outro lado, porque, en moitas das súas accións e intervencións, os voluntarios das *Assemblees Exteriors* prefiren ou precisan manterse no anonimato para evitar a intervención e a sabotaxe que se produce a distintos niveis. Na organización de conferencias e eventos, por exemplo, non é inhabitual que españois ou cataláns non independentistas frecuentemente tenten sabotar un acto tentando convencer os conferenciantes de non participaren ou protestando contra o contido ou calquera argumento. Non entanto, é máis grave cando é o mesmo persoal das embaixadas españolas quen realiza estas xestións, como ocorreu recentemente nun evento organizado por estudantes do *International Institute for Social Studies* na Haia⁵.

Outra razón para tentar gardar o anonimato é a intimidación. Algúns voluntarios das *Assemblees Exteriors* que traballan para institucións internacionais das cales España é membro foron advertidos polos seus superiores e mesmo ameazados con perder o seu traballo. Na recente viaxe de xuño de 2018 de Felipe V a Washington, as persoas de *ANC-USA* que despregaron unha enorme faixa que lía «Llibertat presos polítics catalans» constataron como, desde a distancia, a equipa de seguridade do monarca lles sacaba fotografías.

O voto exterior

Un dos retos máis difíciles para as *Assemblees Exteriors* é a mobilización do voto exterior. Neste

campo existen varios retos. Ao non existir unha lei electoral exclusiva de Catalunya, a lei española *Ley Orgánica del Régimen Electoral General* (LOREG) é a lexislación aplicábel. Existe unha serie de trámites administrativos para os residentes no exterior que fan que votar resulte moitas veces un reto insuperábel: a inscrición consular implica coñecer os prazos de inscrición no consulado con anterioridade a unhas eleccións, con frecuencia existen demoras e problemas (especialmente para aqueles residentes en países con grandes distancias, como os Estados Unidos, con moi poucos consulados), o trámite adicional do voto rogado⁶, os problemas co envío de documentación por parte da Xunta Electoral, os prazos que fan que desde moitos países sexa imposíbel que o voto chegue a tempo. No caso do voto do referendo do 1 de outubro, era necesario que os electores estivesen inscritos na CERA para poder inscribirse despois no *Registre de Catalans a l'Exterior* da Generalitat. A inscrición neste rexistro tamén era un trámite complicado. Tantos nas eleccións autonómicas do 27 de setembro de 2015 e 21 de decembro de 2017, como no referendo do 1 de outubro, as *Assemblees Exteriors* incansabelmente informaron os cataláns en cada país para poderen realizar os trámites correctamente, colaboraron coa *Conselleria d'Exteriors* na realización de mellorías na web do *Registre de Catalans a l'Exterior*, traballaron no desenvolvemento dunha web da ANC

⁵ Dispoñíbel en: www.facebook.com/international.scholastic/posts/451005795323794.

⁶ En 2010 introduciuse na LOREG o «voto rogado», un requisito polo cal os residentes no estranxeiro deben realizar un trámite adicional para votaren e que levou a unha redución da participación de 50%. Nas últimas eleccións autonómicas do 21 de decembro de 2017, só 17% dos cataláns inscritos na CERA solicitaron o voto (11% en 2015) e destes só 69% fixeron efectivo o seu voto (68% en 2015).

Acción simbólica da ANC en Washington DC



explicativa para cada un dos comicios e estiveron presentes nos consulados españois como representantes de partidos para se aseguraren do bo desenvolvemento das xornadas electorais.

Parece un paradoxo que, na xerxa das *Assemblees Exteriors*, cando falamos de «mobilizar o voto exterior» nos referimos á superación dunha serie de trámites administrativos e non simplemente a chamar os electores á participación ou a mobilizar o voto cara aos partidos independentistas, que parecería máis obvio.

No exilio

Desde outono de 2017, as *Assemblees Exteriors* tamén realizan un labor importante de apoio aos exiliados que puideron contar co apoio dunha rede importante de simpatizantes de xeito inmediato. A *ANC Deutschland* tomou definitivamente as rédeas da hospitalidade cando se produciu a detención inesperada do President Puigdemont en Schleswig-Holstein no mes de marzo e os seus membros seguen a facelo até hoxe. A *ANC Scotland* está a dar un apoio continuo a Clara Ponsatí e organiza actos⁷ para atraer máis atención mediática sobre seu xuízo que vai comezar o 30 de xullo. A *ANC Bruxelas* e a *ANC Suíza* continúan cos seus labores de apoio aos políticos exiliados. Mais agora xa non se trata só de políticos, xa que o exilio do cantante de rap Valtònyc está a pór aínda en máis evidencia as carencias democráticas e de liberdade de expresión no Estado español, polo que existe a sospeita que tamén haberá outros artistas que busquen refuxio na liberdade de expresión que outros países europeos poden garantir.

⁷ Disponível en: [telegram.me/OmplimEdinburgh](https://t.me/OmplimEdinburgh).

«Desde outono de 2017 as *Assemblees Exteriors* tamén realizan un labor importante de apoio aos exiliados que puideron contar co apoio dunha rede importante de simpatizantes de xeito inmediato»

O que internacionalizar significa

Son estas carencias de dereitos fundamentais as que deron un xiro á internacionalización do *Procés*. A difusión da loita contra a vulneración de dereitos fundamentais representa, á vez, unha oportunidade e un reto para as *Assemblees Exteriors*

A oportunidade é que agora existe un enlenco máis amplo de temas nos cales procuramos e realmente atopamos recoñecemento, comprensión, alianzas, entendemento, complicidade. Xa non se trata só de independencia ou autodeterminación, xa que a lista de agravios se ampliou significativamente e trátase de represión policial, censura nas redes, liberdade de expresión e de asociación, abuso de prisión preventiva, lei mordaza, liberdade ideolóxica...

O reto é que en cada país se ten que enfocar dunha forma diferente para poder penetrar. Non é o mesmo falar de liberdade nos Estados Unidos ou en Francia, ou falar de democracia nos Países Baixos ou Brasil. Esta una das chaves da internacionalización do conflito entre España e Catalunya, e coido que ninguén está mellor preparado que as nosas *Assemblees Exteriors*. ●



► Imaxe aérea do xigantesco xis humano formado na Diada de 2017

RAMÓN GROSGOUEL

Sociólogo portorriqueño. Profesor na Universidade de California en Berkeley. Un dos maiores especialistas mundiais da teoría decolonial

A rebelión catalá como acontecemento e a bancarrota da esquerda española

Resumo

Neste artigo, analízase como a práctica política das e dos líderes de Podemos é a propia dun partido do réxime que comezou cuestionándoo, mais que moi rapidamente abandonou ese discurso para tratar de ocupar o espazo político do PSOE, ao igual que aconteceu na Grecia coa substitución do *Pasok* por *Syriza*. Podemos e Izquierda Unida mantiveron posicións tremendamente belixerantes co proceso soberanista catalán, fundamentadas nun discurso que repite os mesmos esquemas imperiais-coloniais de España e que os están a colocar no punto cero universalista dun discurso que aparenta non estar situado, mais que si o está, como nación opresora española.

Palabras chave: Podemos, novas subxectividades, Catalunya, independentismo, soberanía

Abstract

This article analyses the way the political practices of the leaders of Podemos fall directly in line with a party which actually sides with the existing regime despite having initially emerged as an organisation set to challenge it, having quickly jettisoned this discourse in an attempt to take over the political space occupied by the Spanish Socialist Party (PSOE), as previously happened in Greece when Syriza replaced Pasok. Podemos and the United Left (IU) were both staunchly opposed to the Catalan independence process, based on a discourse revolving around the same imperialist and colonialist ideas of Spain which situate them in the universalist centre of a discourse which effectively aligns them in favour of an oppressive Spanish nation despite attempting to appear otherwise.

Keywords: Podemos, new subjectivities, Catalonia, independence movement, sovereignty.



© Roser Vilallonga

Introdución

O que ocorreu o 1-O e o 3-O en Catalunya é o que o filósofo Alain Badiou chamaría «o acontecemento», ou o marxista Walter Benjamin chama «o tempo mesiánico», ou os indíxenas quechuas en América Latina nomean como «o Pachakuti». Todos estes conceptos están a nomear a irrupción de algo inesperado nunha situación ou na lóxica de reprodución dunha estrutura de dominación. A situación ten unha lóxica de reprodución monótona-continua e nun momento irrompe abruptamente un movemento social que ninguén esperaba. Por exemplo, irrompe un levantamento popular ou unha reacción de masas que era totalmente impensada pola lóxica da situación. Eses acontecementos sempre son efémeros, nunca son duradeiros. O que os fai duradeiros é se se lles dá unha resposta política que produce unha innovación no discurso político que dea conta da nova «subxectividade» e a nova «verdade» que produce o acontecemento. Para iso, hai que renovar o discurso político para actualizalo de acordo á nova subxectividade que produciu na xente o acontecemento.

Por exemplo, o *caracazo* en Venezuela foi un acontecemento efémero, un levantamento popular contra o austericidio do Fondo Monetario Internacional (FMI) en 1989, que puido ficar como unha cousa anecdótica se non se lle daba resposta política de acordo á nova subxectividade que produce o acontecemento que marca un antes e un despois, xa que a xente xa non está subxectivamente onde estaba antes do mesmo. Ocorre algo cando a xente fai unha ruptura na súa subxectividade e xa non volve ao momento en que estaba. Os acontecementos,

«O acontecemento é a irrupción de algo inesperado nunha situación ou na lóxica de reprodución dunha estrutura de dominación»

Pablo Iglesias facendo
campana en Catalunya



se non se lles dá resposta política, fican en algo anecdótico a pesar de que a xente mude a súa subxectividade porque, se non se traduce nun novo discurso político que dea conta da nova verdade que emerxe do acontecemento, este desvanécese e fica como algo anecdótico na historia. O que fai que o acontecemento tome vida é se hai un movemento político que articula un discurso de acordo á nova verdade e á nova subxectividade. Iso foi o que fixo Hugo Chávez para o *caracazo*. A resposta política ao acontecemento non ocorre necesariamente un mes despois. Habitualmente leva anos, ou sexa, que o ciclo político que inicia un acontecemento non necesariamente vai dar resposta un ano despois. A chegada de Hugo Chávez tomou nove anos. Existen outros acontecementos na historia recente latinoamericana, como o caso da guerra da auga en Bolivia, que foi un acontecemento que tivo Evo Morales e o *Movimiento al Socialismo* (MAS) como resposta política. No caso de Arxentina, co «que se vayan todos» e o *corralito* bancario, a resposta política foi o kichnerismo. No caso de Ecuador, o acontecemento foi a caída do presidente Gutiérrez co levantamento indíxena en Quito, e a resposta política foi o Movemento Cidadán de Correa.

Os líderes de *Podemos* fixeron unha lectura moi parecida. Cando veu o 15-M, a pregunta que se fixeron foi :«Cal é a resposta política ao 15-M?». O acontecemento foi o 15-M, que foi efémero como calquera outro acontecemento, mais produciu unha mudanza na subxectividade da xente que participou do movemento. Como resposta política ao acontecemento, *Podemos* produciu un novo discurso político que deu conta diso e atraeu millóns de persoas que foron afectadas polo acontecemento,

persoas cuxa subxectividade estaba xa noutro lugar. Os líderes de *Podemos* faláron a esa xente, mais ese ciclo esgotouse. E esgotouse en gran medida porque os líderes de *Podemos* deixaron de ser fieis ao acontecemento e convertéronse nun partido do réxime. Comezaron como un partido contra o réxime, mais moi rapidamente abandonaron ese discurso e trataron de repetir o modelo de ocupar o espazo do PSOE dentro do réxime. Na súa visión, era cuestión de repetir co PSOE en España o que lle pasou ao *Pasok* en Grecia cando foron substituídos por *Syriza*. Ao facer esa adaptación para competir polos votos do PSOE, tiveron que abandonar todo o novo discurso político que produciron en relación ao acontecemento, que era moi creativo e innovador, polo cal xeraron tanta ilusión ao principio e tiveron tanto éxito. Síntoma da súa infidelidade ao acontecemento foi o abandono de toda a linguaxe a respeito da caste, da España dominada por Alemaña, do non somos nin de esquerdas nin de dereitas, que articulara o sentir da nova subxectividade que nace do acontecemento do 15-M. Abandonaron todo isto, deixárono de lado, porque se

«Os acontecementos, se non se lles dá resposta política, fican en algo anecdótico a pesar de que a xente mude a súa subxectividade»

As esteladas, durante todo este proceso, penduraron de multitude de balcóns por toda a xeografía catalá



meteron na *realpolitik* e no pragmatismo de ver como ocupaban o lugar do PSOE, e aí pechouse o ciclo do 15-M. O ciclo tivo vida mentres o discurso de *Podemos* daba conta da nova subxectividade do acontecemento. Ao traizoar o acontecemento, o ciclo ficou pechado.

As consecuencias do acontecemento en Catalunya

A pregunta a facerse a respecto a Catalunya é: «Cal é a resposta política ao 1-O e o 3-O?» É fundamental abrir un debate sobre isto. Aí ocorreu algo inesperado pola lóxica da reprodución da situación estrutural, e é que apareceu un pobo disposto a defender cos seus corpos a súa soberanía, o dereito a decidir, o dereito á autodeterminación. Apareceu o primeiro de outubro, un pobo que estaba a defender as urnas e non a preguntarlle ao que tiña ao seu lado «Ti que vas votar?». Non importaba o que se ía votar, alí estíbese a defender o dereito da nación catalá a decidir o seu destino. E había milleiros de non independentistas que, cos seus corpos, defenderon ese dereito a votar. Albano Dante Fachín é unha figura moi interesante que nace do acontecemento e quen, sen ser independentista, é consecuentemente soberanista. Non no sentido de *Podemos*, porque *Podemos* non cre realmente na soberanía dos pobos, nin cre no plurinacional como o conciben os indíxenas latinoamericanos que implica un diálogo horizontal soberano entre diversas nacións, senón que o concepto de plurinacionalidade de *Podemos* é realmente o do multiculturalismo liberal anglosaxón. É dicir: «Eu recoñezo a túa identidade, eu douche migallas para que brinques e saltes no teu entroido, mais non

cuestiones quen manda aquí». Aquí a soberanía séguea tendo o Estado imperial-colonial español, aquí manda Madrid. O discurso de *Podemos*, como esquerda española, repite os mesmos esquemas imperiais-coloniais de España. Podes decidir no teu referendo como ficas dentro do Estado, mais as opcións ségueas decidindo Madrid e a opción independentista non está contemplada nin sequer como unha entre outras opcións. Que dereito de autodeterminación é ese se a esquerda española xa che está a condicionar as opcións que podes votar? É realmente unha burla, e é a reprodución dun discurso imperialista-colonial mais desde a esquerda española.

En Catalunya nace un novo suxeito político que son os soberanistas cataláns que non son independentistas, polo que o novo discurso político terá que dar conta do acontecemento, porque hai unha nova subxectividade e unha nova verdade. A subxectividade da xente xa non está onde estaba o 30 de setembro, a xente está no post 1-O. Iso que quere dicir? Que o conto de España como país «democrático», o mito da «transición» do réxime do 78 onde se asume erroneamente o fin do franquismo, a existencia dun réxime «democrático» en ruptura absoluta co pasado e a idea de Europa como centro de liberdades e dereitos humanos, acabou. Xa ninguén cre nestes mitos despois do que viviron durante o 1-O e o 3-O. O conto de fadas da Europa, berce de dereitos civís e democráticos, que os ía defender fronte a España foise ao lixo. Hai unha nova subxectividade que ten unha visión crítica tanto do réxime do 78 e de España como de Europa, que non necesariamente son independentistas. Mesmo independentistas que


«Podemos non cre realmente na soberanía dos pobos, nin no plurinacional como o conciben os indíxenas latinoamericanos que implica un diálogo horizontal soberano entre diversas nacións»

► Imaxes da Diada do 11 de setembro de 2017

crían que Europa os ía defender da represión de España, xa non cren iso. Hai un cambio no *chip* mental que é moi importante.

Cando estiven nas eleccións catalás de decembro, onde fun convidado a participar nalgúns actos coa CUP, eu non vin que actualizasen o discurso político de acordo co acontecemento do 1-O. Eu o que observei foi unha repetición dos vellos discursos, é dicir, coma se estivésemos nas eleccións autonómicas de setembro do 2015. Mais non soamente as CUP; vin todos os partidos e a todas as forzas políticas catalás repetindo os mesmos discursos de sempre. Non vin ninguén que asumise o discurso do acontecemento, excepto unha soa persoa, Albano Dante Fachín. Foi o único que eu vin renovando o discurso de acordo co acontecemento. Cando el falaba, tocaba a fibra a todos os cataláns, a xente ovacionábano, porque estaba a tocar unha fibra do acontecemento que lles chegaba a todos, sexas independentista ou non. De feito, os independentistas teñen un gran respecto a Albano Dante Fachín, para alén de todo ese pobo que non é independentista mais que deu o salto ao soberanismo. Existen agora federalistas, confederalistas, republicanos que xa están fóra do réxime do 78. Isto é moi importante, porque agora toca o discurso político da esquerda soberanista catalá –e cando digo soberanista xa non me refiro só ao independentismo– dar conta do acontecemento. A esquerda soberanista catalá ten a responsabilidade de producir un novo discurso e unha nova concepción de soberanía. Soberanía non é equivalente a ser independentista. Soberanía é equivalente ao dereito do pobo a decidir o seu destino, o cal pode ser cunha multiplicidade de opcións: federalista, confederalista,

independentista... Hai moitas fórmulas de status para iso. E, neste sentido, creo que hai un potencial enorme para facer unha gran fronte unida popular que integre tanto soberanistas independentistas como soberanistas federalistas. Cando digo isto non estou a falar de *Podemos*, porque para min *Podemos* é a violación ao dereito de autodeterminación e é o oposto á soberanía dos pobos. Iso ficou demostrado durante os acontecementos de outubro en Catalunya. Estou a falar doutra cousa; estou a falar da xente que se saíu de *Podemos* como Albano Dante Fachín, e da xente que, aínda que non estaban en *Podemos*, deron o salto á soberanía sen seren independentistas. Coñezo moita xente en Catalunya que non eran independentistas e que foron cos seus corpos a defenderen o dereito a votar como acto de desobediencia civil contra España. Apareceron alí sen ser independentistas e, tras o que viviron, non queren saber de España nin os seus mitos. Estes milleiros de persoas non necesariamente articulan un discurso independentista, mais soberanista federalista e algúns nin iso. Toda esa xente respectaría os resultados dun referendo de autodeterminación do pobo catalán aínda que gañar a opción independentista. Se se vai a un referendo e o pobo catalán vota pola independencia, aínda que eles non sexan independentistas, apoiarían que esa é a decisión maioritaria do pobo e non se irían en contra como fan estes de *Podemos*, que nin sequera conciben a opción da «independencia» como posibilidade de opción a votar nun referendo. *Podemos* condiciónanche a priori as posibilidades do que podes votar. Así que, eu non estou a falar dos *Comúns* nin de *Podemos*. Estou a falar dun federalismo soberano consecuente.



As camisetas de cores foron unha constante na celebración das últimas Diadas. Neste caso para conformar unha senyera xigante



© Jordi Ventura i Plans

Miremos o caso de Córsega. Agora mesmo existe unha coalición de soberanistas independentistas e soberanistas autonomistas que gaña tranquilamente as eleccións. É importante aclarar que o termo «autonomista» en Francia non quere dicir o autonomismo de España; trátase do que nas Nacións Unidas se reconece como «República autónoma» ou «República Asociada» con plena soberanía. O movemento soberanista (independentista e autonomista) curso ten unha plataforma de loita con demandas propias e están a negociar co Estado francés. Se se fixese algo así en Catalunya sería moi potente, porque o movemento soberano tería tranquilamente dous terzos dos votos. Se xa o independentismo ten case 50% dos votos, se lle engades outro 15% ou outro 20% de federalista soberanistas, terían un poder enorme en termos de interpelación á nación catalá e ás institucións internacionais. Isto daríalles un grande respiro en termos de lexitimidade. Con todo, aínda non vexo ese xesto. Falei con individuos da esquerda catalá que o ven e que están por aí, mais non vexo aínda ningunha organización a facer este xesto. Albano Dante Fachín tentou facer coalicións nesta dirección, mais era moi prematuro, porque aínda non estaba alí o discurso e dixéronlle que non. E que fixo el? Chamou a votar polos partidos independentistas sen ser independentista. Por que? Porque dixo que «a única garantía que temos dun proceso constituínte soberano é votarmos ao independentismo». Digo isto, porque por aí vai a miña interpelación do caso catalán, que é un exemplo dun caso en que houbo un acontecemento e a única maneira de ser fiel ao mesmo consiste en renovar o discurso político de acordo a esa nova subxectividade.

Consecuencias de Catalunya para as nacións sen estado

Se iso é así en Catalunya, imaxina na Galiza ou en Andalucía onde o movemento independentista non ten os números, nin a forza para convocar grandes maiorías. Tes que revisar o concepto de soberanía, tes que amplialo para incluír xente como Albano Dante Fachín, que existen na Galiza, en Euskal Herria, en Andalucía e que poderían perfectamente incorporarse a un proceso dese tipo. Mais para iso é crucial crear estruturas organizativas que non leven o selo dunha organización. Hai que comezar por facer estruturas de fronteiras amplas onde couber todo o soberanismo.

O outro que é importante é que o soberanismo ten que deixar de ser un discurso única e exclusivamente culturalista. Ten que ser un discurso que asuma os problemas dun pobo, e a soberanía ten que inserirse nese discurso para que soberanía signifique comer mellor. Que non sexa celebrar soamente a lingua e a identidade, mais ten que ir máis aló. Para que cale nos pobos, para que sexa un movemento de soberanía popular, ten que vincular a soberanía ao control sobre os recursos dunha nación, sexan enerxéticos, primarios, referentes ao control da autoridade política, os impostos... Ten que ir sobre unha serie de cousas que mostren á xente que ter máis soberanía implica melloras na súa calidade de vida. Un discurso soberanista que queda na lingua, na cultura, na identidade, non vai chegar a moitas persoas, porque moita xente non lle ve o sentido a celebrar iso, mais velle sentido a mellorar materialmente a súa situación. Por iso, é fundamental facer un discurso soberanista popular cun matiz social e non só identitario. E non estou a

Imaxes de alegría na rúa no instante de se declarar a constitución da República Catalá o 27 outubro de 2017



© Joan Morejón

dicir que non sexa importante defender a identidade, non estou a dicir que se descarte iso, mais ten que estar acompañado de demandas sociais. Para un proxecto de esquerda, xa non é suficiente falar dunha «república anticapitalista». Se vai ser unha república anticapitalista, antipatriarcal, antirracista, anticontaminación ambiental..., estamos obrigados a descolonizar o concepto de república sen máis e falar dunha república antisistémica.

Leccións do proceso catalán

Eu creo que hai que facer un debate en todas as nacións sen Estado sobre o que significa soberanía popular após o 1-O e da aplicación do artigo 155. Calquera estratexia soberanista ten que ter como centro unha loita transversal e horizontal entre as nacións sen Estado. Demostrouse en Catalunya que os cataláns sós non poden. Se se van desenvolver este tipo de loitas, ten que haber unha coordinación entre as nacións sen Estado onde houber coordinación entre eles para irromperen ao mesmo tempo ou polo menos a posta en marcha dunha solidariedade mellor organizada. Aínda que houbo

«Eu creo que hai que facer un debate en todas as nacións sen Estado sobre o que significa soberanía popular após o 1-O e da aplicación do artigo 155»

manifestacións de apoio, en xeral, os cataláns ficaron sós. Demostrouse que sós non poden e esa é unha das leccións a sacar deste proceso. Tes que facer un traballo que non sexa o traballo folclórico de sempre onde nunha mesa se reúnen un galego, un vasco, un andaluz e un catalán que falan sobre o que pasa no seu país, mostrando solidariedade cada un co outro, mais que, ao acabar a mesa, marchan e non se falan máis até o próximo evento folclórico. Ten que haber lazos organizativos de traballo político solidario; non se pode seguir nesa dispersión, porque non vai funcionar. Xa se viu en Catalunya que, aínda cun movemento de masas tan poderoso, sós non puideron.

A segunda lección ten a ver co que xa discutimos a respeito de como entendes o soberanismo. É necesario ter un concepto de soberanía que desborde o independentismo para ter organizada unha grande forza popular, porque, do outro xeito, se divide o movemento soberanista contra o estado imperial/colonial español entre os soberanistas independentistas e os soberanistas non-independentistas. Esta división só xoga a favor do españolismo.

A terceira lección que constitúe unha estratexia fundamental é romper coa cela onde te quere encerrar o Estado españolista de que a República catalá o que vai facer é impor o catalán e o catalanismo a toda a xente que vive aí. Vai repetirse novamente a España, mais desde un territorio máis pequeno. É fundamental saír dese encadramento en que te coloca. Se ti respondes a iso cun «Pois si, aquí a lingua é o catalán», xa te encadras e bótaste en contra a moitísimas poboacións catalás que están aí desde hai moito tempo, que son cataláns con orixes diferentes (migrantes, xitanos, musulmáns, africanos...),



© Roser Viallonga

Acto final da campaña do referendo do 1 de outubro en Montjuïc celebrado o 29 de setembro de 2017

que veñen doutras experiencias, e que o catalán non é necesariamente a súa única lingua ou cultura ou nin sequera a súa principal cultura. Moita desa xente é a que *Ciudadanos* mobilizou nas eleccións de decembro pasado en contra do movemento soberanista catalán, ao aludiren ao medo de borrar a súa diferenza e dunha catalanidade que repite o modelo de estado-nación. Aínda que *Ciudadanos* é un partido españolista que defende a estado-nación imperial español, mobiliza un discurso contra o concepto de estado-nación en Catalunya que interpela moitas poboacións catalás de orixes diversas. Isto obriga a exporse un proxecto que estexa máis aló da Estado-nación. O concepto de Estado-nación é moi problemático, porque repites contra outra xente aquilo que che oprimía como nación oprimida e contra o cal estabas a loitar. Terías que ter un proxecto de futuro da república soberana, por exemplo, con diversidade lingüística, onde en comunidades que queiran ter mais clases en castelán as poidan ter, ou se a queiran ter en urdú porque hai comunidades paquistanís en Barcelona ou en romaní porque hai xitanos en diversas rexións de Catalunya, poidan telas.

Isto non quere dicir que non se ensine catalán nas escolas e que non haxan materias en catalán. O que non se pode facer é repetir o esquema de autoridade política de Estado-nación onde hai a pretensión ficticia da correspondencia entre unha identidade, unha nación, unha lingua, e unha poboación que corresponde dun a un coa identidade do estado. Isto é unha ficción da modernidade occidental que non existe en ningún lugar do mundo e que creou máis problemas que solucións. O que fai este esquema é uniformizar todo o mundo e aniquilar todas as diferenzas culturais e a diversidade de pobos que coexisten dentro dun territorio como pasou coa República francesa. A exterminación de linguas e culturas da república francesa é un exemplo das consecuencias da noción de estado-nación. Se vas facer iso, entón apaga a luz e vamos, porque vas repetir non só Francia, mais tamén España. Vas facer a outra xente o que España che fixo a ti. De aí a urxencia de ter unha forma de autoridade política que sexa máis plurinacional, non no sentido de *Podemos*, mais no sentido indíxena de América Latina, ou unha confederación soberana de pobos como os curdos. Tes

A iconografía empregada por Podemos deixa patente a súa vocación de actuación directa en todo o territorio do estado



que ter outro modelo de autoridade política que se desentenda da noción de Estado-nación. Non estou a argumentar contra o estado, mais contra a súa forma moderna/colonial de estado-nación.

Unha cuarta lección é que hai que reexorse o asunto das alianzas coas esquerdas españolistas. O comportamento de *Izquierda Unida* e de *Podemos* durante o proceso catalán foi vergoñento. Mostrou a bancarrota dos seus proxectos. Non se pode seguir coa ilusión de que a esquerda españolista vai ser solidaria coas loitas de liberación das nacións sen estado. Como a esquerda francesa en Alxeria, a esquerda españolista está ao lado do seu estado imperial/colonial cando se trata das súas nacións oprimidas e colonias. De partido contra o réxime do 78, *Unidos-Podemos* mostrouse como un partido do réxime. Como dixo Albano Dante Fachín: «*Podemos* envelleceu en Catalunya».

A bancarrota de *Unidos-Podemos*

O xeito como recentemente *Podemos* tentou explicar o ascenso da dereita e a perda de seguidores que tiveron tras o proceso catalán é algo impresionante e digno dunha discusión: botan a culpa dos seus infortunios aos cataláns. O que di Pablo Iglesias é que eles teñen un discurso que é o máis racional, mentres que os independentistas cataláns teñen un discurso irracional, porque están a demandar cousas que non son posíbeis, e o PP ten un discurso irracional autoritario que exacerba o nacionalismo español ao non reconecer a posibilidade dun referendo legal. Para Pablo Iglesias, tanto o PP como os cataláns aluden aos afectos «irracionais» do nacionalismo. Entón, argumenta ter o discurso máis racional que é o de facer un referendo legal. Mais,

que pasa? Por que moi pouca xente o apoia? Segundo el, o seu discurso é o máis racional, mais pouca xente apóiao porque non chega a ninguén, non emociona ninguén, non ten afectividade con ninguén. Como os nacionalistas cataláns teñen os seus símbolos de afectividade, e o PP ten tamén os seus símbolos de afectividade, e un discurso racional como o deles, que era o mellor de todos, non tivo éxito por non emocionar xente. Con este argumento, Pablo Iglesias busca tapar os seus propios problemas políticos, porque si ficaron tan golpeados en todo o proceso catalán foi por non teren unha posición clara e consecuente.

Noutras palabras, por que eles quedaron onde quedaron nese proceso? Por que a dereita terminou por ocupar o espazo? Por que nas eleccións para a Generalitat en Catalunya o pobo catalán os castigou ao lles retirar votos? Porque eles se situaron coas posicións dereitistas do Estado españolista contra o movemento popular polo referendo en Catalunya. Eles coincidiron con Raxoi ao dicir que o referendo era ilegal, que non se debía participar, nin reconecer e chamaron a boicotear o referendo. Con

«Non se pode seguir coa ilusión de que a esquerda españolista vai ser solidaria coas loitas de liberación das nacións sen estado»



Imaxe da Diada de 2017. Un dos símbolos máis empregados nas manifestacións foi o dos catro dedos

esa posición situáronse ao lado do estado imperial/colonial español. Por iso, Pablo Iglesias repetía unha e outra vez durante o proceso do referendo: «Se eu fose catalán, eu non votaría nese referendo». Mais se ti non es catalán, cala a boca e deixa que os cataláns decidan o que queiran decidir. Que ti non es independentista? Non tes que selo para respeitar un acto de desobediencia civil, que é o primeiro acto realmente de masas que pon en cuestión o réxime do 78 polo dereito de autodeterminación do pobo catalán. E en lugar de como esquerda vincularse ao referendo, apoialo, participar, aínda que sexa, como propuxo Boaventura de Sousa Santos, como observadores internacionais para documentar a represión do Estado, *Podemos* tomou partido ao lado do Estado español. E iso ten un custo político enorme, tanto desde o punto de vista dos cataláns como desde o punto de vista do País Vasco ou da Galiza. A cidadanía ve isto e pensa que esta xente que tanto se enche a boca pedindo acabar co réxime do 78, cando tivo a primeira oportunidade, mostrou a careta de ser un partido de réxime. Mostraron dunha vez por todas que son un partido do réxime.

É máis, *Podemos* falaba contra o referendo organizado como desobediencia civil ao propor un referendo legal, mais sen dicir con que forzas sería pactado no Congreso e baixo que termos constitucionais se podería realizar, porque na Constitución española non sería posíbel un referendo de autodeterminación sen que votaren todos os españois. É como se no referendo de Escocia se permitise aos ingleses votar. Habería que emendar a Constitución española para poder facer un referendo de autodeterminación como propón a lei internacional onde só a nación oprimida e os seus residentes poida

votar. De xeito que todas estas ambigüidades discursivas de *Podemos*, para alén da súa postura xunto ao Estado español e o PP, PSOE e *Ciudadanos* en contra o referendo catalán, púxoos ao lado do réxime.

Iso que fixo? Que moita xente das nacións sen Estado se desilusionaran co proxecto de *Podemos*, e que moita xente dentro do Estado español os vise como inconsecuentes. Se apoias o Estado españolista, non te queixes se o PP e *Ciudadanos* capitalizan diso, porque ti estás a reproducir un discurso imperial-colonial e estás a ser partícipe e cómplice diso. Noutras palabras, como di o famoso fascista francés Jean-Marie Le Pen: «Voten polo orixinal, non pola fotocopia». Para que votar pola fotocopia, pola xente que está a imitar? Como diría Le Pen: «Vota PP ou *Ciudadanos* que son os orixinais, para que votar a *Podemos* se é a fotocopia?»

Se te sitúas no campo político ao lado do réxime do 78, non te queixes se aí perdes a batalla, porque nese terreo non tes nada que gañar cun discurso de esquerdas. Situácheste cun discurso de dereitas, logo non te queixes se os votos van para a dereita e non para ti, e non te queixes se agora

«Se apoias o Estado españolista, non te queixes se o PP e Ciudadanos capitalizan diso, porque ti estás a reproducir un discurso imperial-colonial e estás a ser partícipe e cómplice diso»



Barcelona, 21 de maio de 2018

as nacións sen Estado están desilusionadas co teu proxecto político, sobre todo en Catalunya onde os castigaron fortemente nas eleccións autonómicas de decembro pasado.

O nacionalismo españolista do cal *Podemos* participa é cego ao seu propio nacionalismo. Se estás nunha situación de privilexio falas desde un non-lugar, desde unha situación onde ninguén te está a oprimir pola túa lingua, pola túa cultura, pola desigualdade de poder estrutural, e por iso non tes que defender a túa identidade; non é necesario, porque ti xa estás no poder. Entón, como non tes necesidade de facer iso, parece que non hai nacionalismo españolista. Mais cando xorden situacións de crises como a rebelión catalá, entón aparecen as bandeiras españolistas. No día a día, cando non xorden eses momentos de crises, gárdanse as bandeiras nos armarios porque non teñen que defender nada. Entón, falan desde un non-lugar, desde un universalismo, coma se os outros fosen os particularistas e o seu discurso fose o universal.

Que iso o faga a dereita, é comprensíbel. Mais que o fagan proxectos de esquerdas como *Podemos*

ou *Izquierda Unida* é unha grande vergoña, porque se están a colocar no punto cero universalista dun discurso que aparenta non estar situado, mais que está hipersituado como nación opresora españolista. E son cegos ás represións que xeran, tanto de tipo nacional como de tipo racial, e non se dan nin conta diso. Iso é o que pasa, que o españolismo se caracteriza por ser un discurso que é cego ao seu propio españolismo. É un nacionalismo que se esconde baixo o manto de ser neutral e universal, mais isto ten todo a ver coa posición de privilexio. O que está no privilexio non ten que defender a súa identidade. Para que, se xa é dominante? O que defende a súa identidade é o que está abaixo, o que está a ser oprimido. O que está arriba desconstrúe todo o que queira porque está tranquilo no poder; ninguén lle está a cuestionar a súa lingua, a súa identidade, a súa soberanía, a súa dominación. Entón veñen con esa cara de «eu non fun» a nos dicen que eles non son nacionalistas españois. E ese é o peor dos nacionalismos, o que non sabe o nacionalista que é. Son chauvinistas imperialistas-coloniais: non se dan conta, mais iso é o que son. ●



PERNANDO BARRENA ARZA

Responsábel de Relacións Políticas de Sortu

► Manifestación convocada por Gure Eusko Dago o 16 de setembro de 2017 en Bilbo en apoio á celebración do referendo do 1-O en Catalunya

O *procés català* visto desde Euskal Herria

Resumo

Este artigo afonda en como o proceso soberanista catalán condicionou (e condiciona) o proceso soberanista basco, do mesmo xeito que, en outros momentos históricos, acontecementos como o Acordo de Lizarra-Garazi ou o denominado Plan Ibarretxe condicionaron a política noutros lugares do Estado.

O pobo basco e o catalán partillan arelas de liberdade nacional e social para as súas respectivas nacións e padecen o mesmo marco político derivado da Constitución Española de 1978, o que ocasiona que calquera avance que un destes pobos poida realizar sexa tamén unha posibilidade para o outro que non pode desaproveitar.

Palabras chave: Euskal Herria, *Procés*, independencia, dereito a decidir, solidariedade.

Abstract

This article discusses how the Catalan sovereignty movement conditioned –and continues to condition– the Basque sovereignty movement in the same way that at earlier moments in history events such as the Lizarra-Garazi Agreement or the so-called Ibarretxe Plan in the Basque Country also conditioned politics in other parts of the Spanish State. The Basque and Catalan peoples share the same desire for national and social liberation for their respective nations and inasmuch as they are both subject to the same political framework imposed by the Spanish Constitution of 1978, any progress achieved by either of these two peoples will open up new opportunities for the other which must not be squandered.

Keywords: Basque Country, independence process (*El Procés*), independence, right to decide, solidarity.



© Aritz Loila

Cando termino de dar forma a estas liñas acaba de tomar posesión o *Govern* de Quim Torra e todo apunta ao final inmediato da aplicación do artigo 155. Este feito, e o «fortuíto» acceso de Pedro Sánchez á presidencia do Goberno do Estado, resultan ser dous elementos incluíbeis da nova etapa política que comeza.

Existe unha tendencia xeneralizada no debate político e mediático a falar do *procés* como algo pasado. Nada máis lonxe da realidade. Aínda que o devir dos acontecementos o situou nunha zona de «val», a maioría social independentista catalá non vai permitir ningunha despedida nin peche. Sen dúbida, estamos ante o final dunha primeira fase dun proceso moito máis dilatado, que obriga a pensar e planificar con mirada longa, e que ten como obxectivo a independencia de Catalunya.

O *procés*, tal e como o coñecemos, condicionou a política vasca; e é lóxico pensar que, nun futuro próximo, o vai a seguir a facer. Do mesmo xeito que noutros momentos de alza da iniciativa política en Euskal Herria, como na época do Acordo de Lizarra-Garazi, ou o denominado Plan

Ibarretxe, os vascos logramos condicionar a política noutros lugares do Estado, incluída Catalunya, o *procés català* que vimos coñecendo nese formato desde polo menos a *Diada* do 2012, foi un elemento central a ter en conta na política vasca. Cataláns e vascos non só partillamos unhas arelas de liberdade nacional e social para as nosas nacións, mais, do mesmo xeito que outros pobos do Estado, padecemos un mesmo marco político derivado da Constitución Española do 78 e unha cultura política herdeira directamente do franquismo que

«No ámbito abertzale, as visións de EHBildu e o PNV sobre o devir do *procés* foron francamente distantes»

Mural humano realizado en novembro de 2014 con máis de 10 000 persoas realizado por Gure Eusko Dago en Donostia en apoio aos referendos de autodeterminación de Catalunya e Escocia



© Roser Viallonga

nos impiden decidir libremente o noso futuro. E isto ocasiona que calquera avance que o un poida realizar sexa percibido polo outro como unha nova oportunidade, unha porta semiaberta que deberá ser trabada con forza antes de que o Estado a poida pechar.

En calquera caso, as diferentes culturas políticas vascas perciben a situación en Catalunya de maneira diferente. O unionismo representado polo PP, UPN, e as versións do PSOE en Navarra e CAV, foi agresivo contra o soberanismo catalán, apoiou sen equívocos a reviravolta represiva contra o mesmo por parte do estado –tal e como historicamente fixo contra o independentismo vasco– e alertou insistentemente da posibilidade dun «contaxio» e as súas nefastas previsíbeis consecuencias na política vasca. Todo moi de manual.

No ámbito *abertzale*, as visións de EH Bildu e o PNV sobre o devir do *procés* foron francamente distantes. Cabe lembrar que durante o período entre o «cepillado» por parte de Madrid do *Estatut* e a *Diada* do 2012, o PNV non prestou apenas atención ao que estaba a ocorrer: «queren exercer presión para un mellor trato económico, piden un novo pacto fiscal», dicían, repetindo o que o seu homólogo en Unió Democràtica lles trasladaba, sen tan sequera pararse a pensar que o que, na superficie, era «novo pacto fiscal», só era a manifestación máis evidente dunha potentísima corrente de fondo que ía por «patas para arriba» a política catalá e tamén do Estado en clave independentista. Cando iso finalmente ocorre, cando a marea humana independentista da *Diada* do 2012 pasa por encima do pacto fiscal, do *President Mas* e da propia federación de *ciu*, tamén atrapa por sorpresa a lectura instrumental do PNV.

Meses máis tarde, cando o carácter independentista da aposta de CDC –ademais de ERC e a CUP– xa era palpábel, os dirixentes *jeltzales* non pararán de afirmar en privado que a catalá «é unha aposta suicida que os leva ao abismo». E esa é a lectura que viñeron mantendo desde entón.

A Esquerda *Abertzale*, pola súa parte, entendeu moito antes que a corrente de fondo podía xerar un tsunami. Corroborouno alá polo 2010 cando os emerxentes e cada vez máis influentes líderes de CDC nos afirmaban con contundencia que a do «pacto fiscal» era unha fase «a queimar» para contentar os seus sectores máis pactistas antes de se lanzar de cheo á aposta independentista. Ese xiro na lectura e aposta política de quen viña xestionando case ininterrompidamente a autonomía catalá desde 1977 facía prever que nos atopabamos ante unha mudanza de primeira orde.

O PNV preferiu sempre non crer que o *procés* catalá puiden chegar a bo porto. Era, sen dúbida, o seu escenario predilecto. E isto débese principalmente a que a súa política de relación con Madrid non pasaba –nin pasa– pola confrontación

«Urkullu e un grupo de empresarios foi urdidor dun acordo en base ao cal o goberno español non aplicaría o 155 se o *President* recuaba na súa declaración de independencia, mentres diferentes líderes do PP daban por irreversible a aplicación do 155»

Multitudinaria manifestación convocada por Gure Eusko Dago que ateigou as rúas de Bilbo o 30 setembro de 2017 en apoio ao proceso soberanista catalán

en clave soberanista. O PNV ten a experiencia dun esquema de acordo coa Esquerda Independentista en defensa do dereito a decidir (Lizarra) que o prexudicou electoralmente, e non está disposto de ningún xeito a pór en risco o seu liderado institucional en beneficio dunha EH Bildu cuxo alento xa nota no pescozo. Un eventual éxito catalán en clave soberanista podería pór o PNV diante das súas contradicións e obrigalo a deseñar outra política de alianzas coa esquerda soberanista en forma de pactos institucionais e a reformular o modelo de relacións co Estado, para alén do concerto/convenio e o *peix al cove* á vasca.

Pola contra, os sectores soberanistas comprendidos dentro de EH Bildu entenderon desde o seu comezo que o *procés* era unha oportunidade xustamente para iso mesmo. Alén das evidentes diferent realidades sociais e de correlación de forzas independentistas de Euskal Herria e Catalunya, esta última estaba a demostrar que forzas soberanistas de esquerda e de dereitas podían partillar unha folla de rota –non exenta de contradicións– soberanista. Ademais, partillábamos tamén un deseño democrático de respecto para a vontade maioritaria da sociedade, e Catalunya estaba a demostrar por medio das consultas, as mobilizacións, os acordos institucionais... que esa vía era transitábel se existía unha vontade política previa. Unha visión que non era partillada por un PNV que preferiu retraerse e asegurar «o que xa temos» por medio de acordos con Madrid (como exemplos recentes co PP nos orzamentos, ou co PSOE na moción de censura para atrasar a chegada do antiforalismo de *Ciudadanos*, con quen sexa) e priorizar a súa posición preponderante a respecto da esquerda independentista



vasca na súa particular loita pola hexemonía política e institucional do país.

Desde o independentismo vasco, por tanto, nesta fase inicial o *procés* viviuse como parte de nosa propia axenda política. Nós sentimos que no *procés* independentista catalán non só está en xogo a liberdade de Catalunya, mais o noso propio futuro como pobo. E é por iso que a pregunta sempre foi constante: «Que podemos facer para favorecer os cataláns?», «Que debemos dicir?» e mesmo «Que debemos calar?». E, nese contexto, padecemos «a síndrome do soño da sincronización imposible». Porque todos e todas as militantes independentistas fomos conscientes de que a maior mostra de solidariedade con Catalunya nos pasados anos fose a posta en marcha da «segunda fronte». Unha fronte vasca soberanista sólida e representativa da maioría social autodeterminista do país que crease un serio problema de xestión política ao goberno do PP. Mesmo hoxe, seguimos pensando que cun esquema de dupla fronte multiplícanse as posibilidades de éxito, tanto para Catalunya como para as aspiracións vascas. E isto vale tamén para o futuro.



Manifestación en apoio ao proceso soberanista catalán convocada por Gure Eusko Dago en Bilbo o de 16 setembro de 2017

A segunda fronte (a vasca) non foi posíbel por varias razóns. En primeiro lugar, é evidente que a correlación de forzas en clave independentista é diferente en Catalunya e en Euskal Herria. Mentres que, na primeira, o independentismo se sitúa en torno a 48% segundo as enquisas, os independentistas vascos frisamos un terzo dunha cidadanía que, iso si, se define maioritariamente favorábel ao exercicio do dereito a decidir. No relativo a este aspecto diferenciador, é definitiva a actitude antes referida do PNV: este pode ser nominalmente un partido independentista, mais non computa como tal en canto á súa práctica de alianzas ou iniciativa política. Tamén é necesario subliñar o que un xurista chamaría «o momento procesual»: os vascos estamos a saír dun período de decenios de violencia política que, nas súas consecuencias máis directas (presos, vítimas), non está resolto. Aínda que é certo que a recente disolución de ETA ensancha as marxes de actuación á hora de procurar de solucións, estas están aínda por chegar.

Engadiría tamén que o sufrimento acumulado durante anos fai que a sociedade vasca en xeral sexa especialmente cauta ante vías que previsiblemente puideren volver traer conflictividade e inestabilidade desde o plano humano e persoal. O triste papel desempeñado polas forzas de seguridade do Estado na xornada do 1 de outubro e o encarceramento e exilio de líderes cataláns fixan nas retinas dos vascos imaxes que crían –erroneamente– que comezaban a superarse. Poderíase dicir, ademais, que a obsesión do Goberno Raxoi por manter a política vasca ancorada en parámetros de «loita antiterrorista» pretendeu até a data lanzar á sociedade vasca a mensaxe de que nada

mudou e que a resposta do estado ante calquera «veleidade independentista» ía ser a mesma que nos últimos 50 anos.

Outubro do pasado 2017 foi paradigmático para comprender, no contexto do *procés*, a posición do PNV. Un PNV que, desde o principio, apostou polo descarrilamento do *procés*, e que, nesas circunstancias, lonxe do papel de mediador, fixo súas e trasladou ao *President Puigdemont* as ameazas do goberno de Raxoi os días anteriores ao 4 e o 27 de outubro. O lehendakari Urkullu e un grupo de empresarios foi urdidor dun acordo en base ao cal o goberno español non aplicaría o 155 se o *President* recuaba na súa declaración de independencia, mentres diferentes líderes do PP daban por irreversible a aplicación do 155 en declaracións públicas. Urkullu creou unha situación que puido levar Puigdemont a unha convocatoria de eleccións autonómicas tras pospor a declaración de independencia e atoparse con que, a pesar de todo, o 155 era aplicado. Desta actuación tan lamentábel dá conta a magnífica reportaxe de David Miró en *Ara*¹.

A actuación desde entón por parte de diversos portavoces do PNV sobre o papel de Puigdemont ou as súas ideas foi obxecto de reproches públicos, e o portavoz do Goberno Vasco, Josu Erkoreka, chegou a dicir que «Catalunya non se pode gobernar desde o exilio», en alusión á situación do *President Puigdemont*. O malestar causado por estas reiteradas manifestacións ocasionou unha carta de

¹ Miró, D. *et al.* (2018). «Set dies d'octubre: les 140 hores que van canviar Catalunya», *Ara*. Dispoñíbel en: www.ara.cat/dossier/Set-doctubre-hores-canviar-Catalunya_o_2005599556.html.



queixa dos 34 parlamentarios de JxCat ao *Euzkadi Buru Batzar*, órgano executivo do PNV² en que se pedía respecto e exixíase que o PNV non pactase nada en absoluto co mesmo PP que estaba a promover o seu encarceramento e exilio. Esta queixa foi ocultada á dirección do Partido polo presidente Andoni Ortuzar, e é evidente que caeu en saco roto, xa que o PNV posteriormente chegou a pactar os Orzamentos Xerais do Estado do 2018 co PP e deuse por liberado do seu compromiso público de non acordar co goberno español mentres se mantivese a aplicación do 155 en Catalunya.

Pódese dicir que este cúmulo de posicións e intervencións interesadas por parte do PNV en relación ao *procés català* prexudicaron notabelmente non só a relación entre os *jeltzales* e o que hoxe representan PDCat e JxCat, mais tamén, de maneira xeral, as relacións históricas entre vascos e

2 Zaldúa, B. (2018). «JxCat trasladó al PNV su «profunda sorpresa y malestar» por la actitud jeltzale en Catalunya», *Gara*. Disponível en: www.naiz.eus/eu/actualidad/noticia/20180528/jxcats-traslado-al-pnv-su-profunda-sorpresa-y-malestar-por-la-actitud-jeltzale-en-catalunya.

Cartaz de Gure Asko Dago chamando á participación na cadea humana de máis de 175 000 persoas que uniu Donostia, Bilbo e Gasteiz o 10 de xuño de 2018 ao longo de máis de 200 km para reclamar o dereito a decidir do pobo vasco

cataláns. Hai moitos cataláns que, ante os desaires do PNV e o seu comportamento estritamente interesado, reaccionan de xeito airado contra «os vascos», adxudicándonos a todos un comportamento cuxa crítica partillamos, mais que non é o noso. Do mesmo xeito que sempre soubemos que Pujol non era Catalunya –aínda que pretendeu selo– podemos afirmar con rotundidade que quen traizoou a palabra dada aos cataláns («Ni tan siquiera nos sentiremos a negociar los Presupuestos Generales del Estado [PGE] mientras no se retire el 155». Andoni Ortuzar, o 3 de abril de 2018)³ non foron os vascos, mais o PNV.

Como dicía ao comezo deste artigo, vascos e cataláns perseguimos, a través da historia, un mesmo obxectivo de liberdade e xustiza social para os nosos países. E en diferentes fases de apoxeo da iniciativa política en cada unha das nosas nacións padecemos «vasquite» ou «catalanite», porque existe unha tendencia natural a identificarse con quen, nun momento dado, é capaz de facelo mellor ou plantar cara con dignidade e maior efectividade. Mais, por encima de circunstancias conxunturais, é necesario protexer a solidariedade entre pobos que loitan e, sobre todo, conseguir que esa solidariedade transcenda o sentimental e/ou declarativo e sexa politicamente eficaz e multiplicadora en canto á súa capacidade de alcanzar os nosos obxectivos estratéxicos. Mellor que sexa así: xogámonos o futuro. ●

3 *El Economista* (2018). «Andoni Ortuzar: mientras esté el 155, no nos sentiremos con Rajoy para negociar los presupuestos». En liña: www.eleconomista.es/economia/noticias/9031821/03/18/PNV-Mientras-este-el-155-no-nos-sentaremos-con-Rajoy-para-negociar-los-Presupuestos.html.



Este número da revista *Terra e Tempo* saíu do prelo o 25 de xullo de 2018, 50 anos despois da primeira convocatoria coa denominación de Día da Patria Galega en 1968, promovida pola Unión do Povo Galego e cun papel destacado na súa difusión do seu cofundador Bautista Álvarez.

3ª EDICIÓN



ETIQUETA NEGRA

GOURMET GALEGO E INNOVACIÓN INSPIRADORA

A FEIRA DO GOURMET GALEGO
ABERTO O PRAZO DE INSCRICIÓN

10. 11. 12 / **NOVEMBRO** / 2018

RECINTO FEIRAL DE PONTEVEDRA DE 11.00 A 21.00 H

www.etiquetanegragourmet.com / comercial@etiquetanegragourmet.com



etiquetanegrafeiragourmet



etiquetanegragourmet



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



VISIT-PONTEVEDRA.GAL



© Xaquín Soliño

CATALUNYA

Soñei con Catalunya longamente,
vivina con amor un breve tempo.
¡Romano alciprés de Tarragona!
¡Labregos de Lleida!
Girona, redonda e misteriosa,
escoitando ao Ter pra se apropiarse
do seu acento puro, que naceu
na grave soedá dos Pirineos.
Ramblas de Barcelona,
delicada Primavera do mundo,
onde se misturan e confunden,
nun orde latino e catalán,
recendos a mar e a laranxeiro,
cheos de claridade
e dunha vaga nostalxia indefiníbel.

Manuel María

O camiño é unha nostalxia (1985)

Poema cedido pola Fundación Manuel María



Na memoria de
Bautista Álvarez

